

1

PANORAMA ECONÓMICO

1.1. Contexto económico xeral1.2. Indicadores macroeconómicos de Galicia1.3. Evolución demográfica



1.1. Contexto económico xeral

Se 2021 foi o ano da reactivación da actividade económica tras unha forte caída do PIB no ano 2020 como consecuencia do impacto negativo da covid na economía, 2022 caracterízase por unha importante desaceleración do ritmo de crecemento do PIB. Esta evolución ven motivada, fundamentalmente, polo impacto da invasión rusa da Ucraína e as cada vez maiores tensións xeopolíticas, o elevado nivel de prezos, o endurecemento das condicións financeiras e o alza dos tipos de xuro, así como as perturbacións nas cadeas de subministro.

O Fondo Monetario Internacional (FMI) no seu informe de perspectivas da economía mundial de abril de 2023, estima que a economía mundial medrou en 2022 un 3,4% respecto ao ano anterior (6,3% en 2021), prevendo para 2023 unha medra interanual do 2,8%, porcentaxes inferiores á media do 3,9% do período 2005-2014. As tres economías máis importantes amosan esta desaceleración da actividade económica, presentando China un crecemento interanual do 3% (8,4% no ano anterior) fronte ao 3,5% da zona euro (5,4% en 2021) e o 2,1% de Estados Unidos (5,9%).

Xunto a China, entre as economías de mercados emer-

xentes e en desenvolvemento cómpre resaltar o crecemento do 6,8% do PIB en India, en tanto que entre as economías avanzadas, estímase que a actividade económica medra en España un 5,5%, acadando o 4% no Reino Unido e o 3,7% en Italia. A taxa de crecemento interanual sitúase no 2,6% en Francia fronte ao 1,8% en Alemaña e o 1,1% en Xapón.

No devandito contexto internacional de desaceleración económica, o cadro macroeconómico de Galicia publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE) reflicte unha medra interanual do PIB do 3,8%, case punto e medio inferior ao rexistrado no ano anterior (5,2%), o que contrasta co acontecido na economía española onde o ritmo de crecemento do PIB mantense no 5,5%.

A diferenza do que acontece no conxunto de países da zona euro, a medra da economía española ven motivada por unha achega positiva tanto da demanda interna como da demanda externa (3,1% e 2,4%, respectivamente), o que contrasta co acontecido na economía galega onde o crecemento agregado do PIB explícase case na súa totalidade pola achega da demanda externa, con 3,7 puntos fronte a tan só unha dé-

cima no caso da demanda interna. Entre os compoñentes da demanda interna, na economía española cómpre mencionar o incremento do 3% do gasto en consumo final, impulsado polo comportamento do consumo privado (4,4%), así como do investimento, cun 4,6%; e no que respecta á demanda externa, as exportacións de bens e servizos presentan unha variación interanual do 14,4% fronte ao 7,9% das importacións. Todos os compoñentes presentan en Galicia un peor comportamento que na economía española, salientando a contracción do 0,1% do gasto en consumo final impulsado pola caída do gasto público (-3,6%), e a medra interanual do investimento nun 1,4%, en tanto que as exportacións medran un 5% fronte á caída do 1,4% das importacións.

Dende o lado da oferta, todos os sectores presentan taxas de crecemento interanual positivos agás o sector primario (-1,1%), presentando o sector servizos o maior dinamismo (6,5%). A construción medra un 4,1% respecto ao ano precedente en tanto que a industria experimenta unha acusada ralentización económica, cunha medra do 3%. Na economía galega, cómpre mencionar que entre os grandes sectores produtivos tan só o sector primario presenta un mellor comportamento que na economía española, ao presentar un crecemento interanual do 0,6%. A medra do PIB explícase tanto polo comportamento da construción (0,7%) como en moita maior medida polo sector servizos (5,8%), presentando a industria unha contracción do 2% na súa actividade produtiva.

A devandita evolución da actividade económica en España trasládase ao mercado de traballo, quen presenta un menor dinamismo da ocupación e unha redución do desemprego. Dunha banda, as contas económicas trimestrais indican unha medra do número de postos de traballo equivalente do 3,8%, porcentaxe similar ao rexistrado polas afiliacións, e novamente superior á estimada pola EPA (3,1%). Doutra banda, a redución do desemprego é do 16,9% no caso do paro rexistrado nas oficinas de emprego e do 11,8% segundo a EPA, descendendo a taxa de paro ata o 12,9% en 2022. Cómpre mencionar que no ano 2022 o dinamismo da creación do emprego é inferior en Galicia que no conxunto do Estado.

No que respecta á situación competitiva das CCAA, o Índice de Competitividade rexional publicado pola Comisión Europea (ICR 2.0) sitúa a Galicia como a rexión 149 das 234 analizadas (87,9 puntos, correspondendo o valor 100 ao conxunto da UE), o que supón un retroceso de seis postos en relación ao ano 2016. Madrid, País Vasco, Cataluña e Navarra sitúanse como as CC.AA. máis competitivas entre os anos 2016-2022, estando Galicia entre os postos noveno e undécimo.

Asemade, segundo os datos do Índice de Competitividade Rexional (ICREG) elaborado polo Consello Xeral de Economistas, con datos para 2021, Galicia mantense no noveno posto no ranking das 17 CCAA, cun nivel competitivo medio-baixo. Asemade, a súa intensidade do dinamismo da competitividade encádrase entre aquelas cun moderado crecemento, xunto con Cantabria, Baleares, Asturias, Cataluña e Canarias.

No citado informe sobre a competitividade rexional en España incorpórase unha referencia ao **grao de dixitalización relativa** (desviacións respecto da media) elaborada a partir de 16 indicadores agrupados en tres grandes eixos: conectividade, capital humano e uso das TIC. Galicia sitúase como a Comunidade Autónoma con menor grao de dixitalización, ocupando o rango baixo tamén as CCAA de Extremadura, Castela-A Mancha, Castela e León e Cantabria. No extremo oposto, Madrid, xunto con Cataluña, a C. Valenciana e País Vasco presentan os valores máis elevados.

A análise do contexto macroeconómico internacional e estatal no que se desenvolve a economía galega estrúcturase en tres grandes bloques. En primeiro lugar, explícase a conxuntura económica mundial, facendo especial fincapé na situación da Unión Europea e a zona euro. A continuación analízase o panorama económico de España, e por último, faise mención á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Panorama económico internacional

Se o ano 2021 caracterizouse por unha gradual e xeralizada reactivación da actividade económica, aínda que de forma desigual entre países, por mor do forte im-

Economía internacional 2020-28: evolución dos principais indicadores

	2020	2021	2022 (1)	2023 (1)	2028 (1)
Produto Interior Bruto real					
Economía mundial	-2,8	6,3	3,4	2,8	3,0
Economías avanzadas	-4,2	5,4	2,7	1,3	1,8
EE.UU.	-2,8	5,9	2,1	1,6	2,1
Xapón	-4,3	2,1	1,1	1,3	0,4
Zona Euro	-6,1	5,4	3,5	0,8	1,4
Alemaña	-3,7	2,6	1,8	-0,1	1,1
Francia	-7,9	6,8	2,6	0,7	1,4
Italia	-9,0	7,0	3,7	0,7	0,9
España	-11,3	5,5	5,5	1,5	1,6
Países emerxentes e en desenvolvemento	-1,8	6,9	4,0	3,9	3,9
China	2,2	8,4	3,0	5,2	3,4
India	-5,8	9,1	6,8	5,9	6,0
IPC (medias anuais)					
Economías avanzadas	0,7	3,1	7,3	4,7	1,9
EE.UU.	1,3	4,7	8,0	4,5	2,1
Xapón	0,0	-0,2	2,5	2,7	1,5
Zona Euro	0,3	2,6	8,4	5,3	1,9
Alemaña	0,4	3,2	8,7	6,2	2,0
Francia	0,5	2,1	5,9	5,0	1,6
Italia	-0,1	1,9	8,7	4,5	2,0
España	-0,3	3,0	8,3	4,3	1,7
Países emerxentes e en desenvolvemento	5,2	5,9	9,8	8,6	4,4
China	2,5	0,9	1,9	2,0	2,2
India	6,2	5,5	6,7	4,9	4,0
Taxa de desemprego					
Economías avanzadas	6,6	5,6	4,5	4,7	
EE.UU.	8,1	5,4	3,6	3,8	
Xapón	2,8	2,8	2,6	2,3	
Zona Euro	8,0	7,8	6,8	6,8	
Alemaña	3,6	3,6	3,1	3,3	
Francia	8,0	7,9	7,3	7,4	
Italia	9,3	9,5	8,1	8,3	
España	15,5	14,8	12,9	12,6	
Déficit público (% PIB)					
Economías avanzadas	-10,2	-7,5	-4,3	-4,4	
EE.UU.	-14,0	-11,6	-5,5	-6,3	
Xapón	-9,1	-6,2	-7,8	-6,4	
Zona Euro	-7,1	-5,4	-3,8	-3,7	
Alemaña	-4,3	-3,7	-2,6	-3,7	
Francia	-9,0	-6,5	-4,9	-5,3	
Italia	-9,7	-9,0	-8,0	-3,7	
España	-10,1	-6,9	-4,5	-4,5	
Países emerxentes e en desenvolvemento	-8,6	-5,2	-5,2	-5,8	
China	-9,7	-6,0	-7,5	-6,9	
India	-12,9	-9,6	-9,6	-8,9	

(1) Proxección

Fonte: Fondo Monetario Internacional, *Perspectivas de la Economía Mundial*, abril 2023

1.1.1.

pacto negativo da covid na economía en 2020, o ano 2022 presenta unha acusada ralentización no ritmo de crecemento do PIB, entre outros factores, polo mantemento dun elevado nivel de prezos e un incremento dos tipos de xuro, as perturbacións xeoestratéxicas e económicas derivadas da invasión rusa a Ucraína ou os

persistentes confinamentos en China por mor da súa estratexia covid cero, que se reflicte en restricións a nivel interno e alteracións nas cadeas de subministros.

As estimacións presentadas polo Fondo Monetario Internacional no seu informe de perspectivas da eco-

nomía mundial de abril de 2023 amosan un incremento interanual do PIB mundial do 3,4%, case tres puntos por baixo do rexistrado no ano anterior. Das tres grandes economías –China, Estados Unidos e o conxunto de países da zona euro–, a desaceleración económica máis significativa prodúcese en China, quen, influenciado polos problemas no seu sector inmobiliario e os confinamentos continuados pola súa estratexia de covid cero, presenta unha taxa de crecemento interanual do 3%, case cinco puntos e medio inferior ao estimado para o ano anterior. A economía dos EE.UU. ralentiza o seu crecemento ata o 2,1% influenciado polo endurecemento das condicións financeiras e monetarias (5,9% no ano anterior), situándose esta porcentaxe no 3,5% no conxunto de países da zona euro (5,4%).

Xunto á devandita ralentización de China e Estados Unidos, **cadro 1.1.1.**, as estimacións do FMI reflicten que entre as principais economías da zona euro, España presenta a taxa de crecemento máis elevada en 2022, cun 5,5%, superando a Italia, cun 3,7%, e Francia e Alemaña, cun 2,6% e 1,8%, respectivamente. Fóra da Unión Europea, a actividade económica de India ralentiza o seu crecemento ata o 6,8%, case dous puntos e medio menos que en 2021, situándose a taxa de variación no 4% no Reino Unido, case catro puntos menos que no ano precedente (7,6%). Por contra, fronte á devandita ralentización cómpre mencionar que o conxunto de países da ASEAN-5 presentan un maior dinamismo que no ano anterior, cunha medra interanual do 5,5% fronte ao 3,4% do ano anterior, reducindo Xapón o seu ritmo de crecemento interanual ata o 1,1%.

No concernente ás previsións para o ano 2023, o FMI presenta as estimacións de crecemento máis reducidas dende a desaceleración económica mundial de 2001, agás na crise financeira global e na crise orixinada pola pandemia (en 2019 presentou un crecemento similar). En concreto, este Organismo internacional prevé que a economía mundial medre un 2,8% respecto ao ano anterior. Das tres grandes economías –China, zona euro e Estados Unidos– tan só China presentará un maior dinamismo en 2023, cunha medra do 5,2%. Por contra, a


zona euro e EE.UU. presentan unha ralentización no crecemento do PIB, sendo esta máis acusada na zona euro en parte pola maior proximidade de Rusia e Ucraína e, por outra, pola maior dependencia do gas natural ruso. Para o ano 2023 a economía da zona euro medrará tan só un 0,8% fronte ao 1,6% de EE.UU.

Ao longo do ano 2022 a inflación, medida polo incremento medio anual do índice de prezos ao consumo, mantivo o persistente e acusado crecemento iniciado no ano anterior. Segundo reflicte o FMI no devandito informe, a inflación nas economías avanzadas situouse no 7,3% fronte aos 3,1% rexistrado no ano 2021, porcentaxe que se sitúa no 8,4% na zona euro e no 8% en Estados Unidos (2,6% e 4,7% no ano anterior, respectivamente). As previsións para o ano 2022 reflicten que os prezos medran un 1,9% en China (0,9% en 2021) e un 6,7% na economía india (5,5%), en tanto que en Xapón a medra estimada é do 2,5% cando no ano anterior os prezos reducíanse un 0,2%. Asemade, a inflación subxacente tamén aumentou de xeito importante no ano 2022, o que reflicte o traspaso dos prezos da enerxía e a presión dos custos da cadea de subministro, especialmente nas economías avanzadas.

Para facer fronte a este persistente incremento do nivel de prezos os bancos centrais aprobaron ao longo do ano 2022 subas de taxas de xuro (**cadro 1.1.2.**). En concreto, o Banco Central Europeo aprobou un total de catro (xullo, setembro, novembro e decembro), pasando do 0% en xaneiro ata o 2,50% acordado na reunión do 21 de decembro. No caso de Estados Unidos, a Reserva Federal aprobou dende marzo de 2022 un total de sete subas dos tipos de xuro, rematando o ano cun tipo do 4,25% (reunión do 15 de decembro).

No que á evolución do emprego se refire, a pesar da devandita moderación do dinamismo económico en 2022, a ocupación estimada nas economías avanzadas medra un 2,6% respecto ao ano anterior segundo as estimacións do FMI (1,7% en 2021), situándose este crecemento no 3,7% en Estados Unidos e no 2,3% no conxunto dos países da zona euro (3,2% e 1,4% no ano anterior). Nesta área xeográfica cómpre salientar o incremento do 3,1% experimentado no mercado laboral

Evolución dos tipos de xuro do Banco Centra Europeo e Reserva Federal



Fonte: Banco de España e Reserva Federal dos EEUU

1.1.2.

español, fronte ao 2,1% experimentado en Francia (2,5% en Alemaña). En Xapón a ocupación mantén unha taxa de creación de emprego do 0,2%.

Xunto a esta mellora da ocupación mantense a caída da taxa de desemprego, que no conxunto das economías avanzadas descende ata o 4,5%, acadando novamente valores significativamente máis reducidos en Xapón, cun 2,6%. O conxunto de países da zona euro presenta unha taxa de desemprego sensiblemente superior á das economías avanzadas, cun 6,8%, a diferenza do que acontece en Estados Unidos, onde a taxa de paro redúcese ata o 3,6%.

• Unión Europea (UE-27)


A economía europea en 2022 caracterízase pola ralentización no seu ritmo de crecemento a partir do segundo trimestre do ano, especialmente significativa nos dous últimos trimestres. O PIB real da UE-27 e do conxunto da zona euro medra un 3,5% respecto ao ano anterior, cando en 2021 as taxas de variación interanual se situaban no 5,4% e 5,3%, respectivamente. O **cadro**

1.1.3. reflicte a devandita desaceleración, presentando a UE-27 no derradeiro trimestre do ano unha medra interanual do 1,8% e do 1,7% no caso da zona euro, cando no primeiro trimestre de 2022 estas taxas de crecemento situábanse no 5,5% e 5,7%, respectivamente.

As principais economías europeas presentan igualmente unha significativa desaceleración no segundo semestre do ano, sendo esta ralentización máis acusada en Alemaña e Francia. No conxunto do ano 2022 o PIB real nestes dous países presentan unha medra interanual inferior á media comunitaria, situándose a taxa de variación no 1,8% e 2,6%, respectivamente. Por contra, o PIB medra en Portugal un 6,7% respecto ao ano anterior fronte ao 5,5% na economía española e o 3,7% en Italia.

En relación ao inicio da crise económica orixinada pola pandemia, entre as economías consideradas tan só España e Alemaña presentan unha recuperación económica incompleta. No cuarto trimestre de 2022 o PIB real sitúase seis décimas por baixo do nivel acadado no

Evolución do PIB real na UE-27, na zona euro e nas principais economías europeas, 2019-2022. Taxas de variación interanual



Fonte: Eurostat

1.1.3.


cuarto trimestre de 2019. Por contra, o PIB comunitario sitúase case tres puntos por riba do nivel precrise fronte aos 2,4 puntos porcentuais no caso da zona euro. Como amosa o **gráfico 1.1.4.**, no derradeiro trimestre de 2022 o PIB de Portugal supera en 2,7 puntos o nivel precrise, fronte aos 1,9 puntos de Italia e 1,2 de Francia. Cómpre resaltar que Alemaña, tras a contracción da súa economía no cuarto trimestre do ano en relación ao trimestre anterior, presenta un PIB real unha décima inferior ao rexistrado no derradeiro trimestre de 2019.

A recuperación da actividade económica na UE-27 ven explicada pola achega positiva da demanda interna ao crecemento agregado do PIB, en tanto que a demanda externa detrae unha décima. Como amosa o **cadro 1.1.5.**, a menor contribución da demanda interna ven

motivada por unha ralentización do gasto en consumo final fronte ao maior dinamismo do investimento. Dunha banda, o gasto en consumo final medra un 3,1%, un punto menos que no ano anterior, impulsado polo comportamento do consumo privado, que mantén o seu ritmo de crecemento interanual no 4%, o que contrasta coa significativa ralentización do gasto público, que medra tan só un 0,9% fronte ao 4,1% de 2021. Por contra, o investimento medra un 4%, dúas décimas máis que no ano precedente.

No concernente á demanda externa, tanto as exportacións como as importacións de bens e servizos presentan no último ano unha moderación no seu ritmo de crecemento. Dunha banda, as exportacións presentan unha medra interanual do 7%, máis de tres puntos e

Evolución del PIB real na UE-27 e nas principais economías europeas, 2019-2022. (Base IV trim. 2019 = 100)



Fonte: Eurostat

1.1.4.

PIB na UE-27 no período 2019-2022: distribución segundo compoñentes

	2019	2020	2021	2022
		(%)		
Gasto en consumo final	1,6	-4,8	4,1	3,1
Gasto en consumo final do sector privado	1,5	-7,1	4,0	4,0
Gasto en consumo final das administracións públicas	1,9	1,0	4,1	0,9
Formación Bruta de Capital Fixo	6,5	-5,4	3,8	4,0
Achega demanda interna (1)	2,4	-5,1	4,4	3,6
Exportacións de bens e servizos	3,1	-8,4	10,6	7,0
Importacións de bens e servizos	4,6	-7,9	9,1	7,8
Saldo exterior neto (1)	-0,6	-0,5	1,0	-0,1
PIB	1,8	-5,6	5,4	3,5

(1) aportación ao crecemento do PIB a prezos de mercado

Fonte: Eurostat


1.1.5.

medio inferior á rexistrada no ano anterior (10,6%); doutra, as importacións medran un 7,8% cando en 2021 o fixeran nun 9,1%.

Tal coma se mencionou anteriormente, o ano 2022 caracterizouse por un acusado incremento do nivel de prezos. Os datos publicados por Eurostat reflicten que

o índice de prezos harmonizado (IPCH) medrou na UE-27 un 9,2% fronte ao 8,4% nos países da zona euro (2,9% e 2,6% no ano precedente). Entre as principais economías, a inflación máis reducida rexístrase en Francia, cunha medra do 5,9%, fronte aos 8,1% de Portugal e o 8,3% en España. En Alemaña e Italia o índice de prezos aumenta un 8,7%.

Evolución mensual do índice dos prezos ao consumo armonizado: 2021-22



Fonte: Eurostat

1.1.6.

Atendendo á súa evolución ao longo do ano, **cadro 1.1.6.**, o IPCH na UE-27 supera o 10% dende o mes de agosto, acadando un pico do 11,5% en outubro, e rematando o ano cunha taxa de variación interanual do 10,4%. Ao igual que no conxunto da UE, tanto Italia como Portugal, Alemaña e Francia presenta o nivel máis elevado de inflación no mes de outubro, salientando Italia cunha taxa do 12,6% e Alemaña cun 11,6%, presentando Francia o nivel máis reducido, cun 7,1%. Cómpre salientar que España presenta o seu nivel máximo de crecemento de prezos no mes de xullo, cun 10,7%, iniciando nese momento unha importante desaceleración no seu ritmo de crecemento. No mes de decembro de 2022 o nivel de prezos aumenta en España un 5,5%, a taxa máis reducida dos 27 países da UE.

No concernente ao mercado de traballo, a taxa de desemprego da UE-27 descende no ano 2022 ata o 6,2% en 2022, oito décimas menos que a estimada no ano anterior, situándose no 6,8% no conxunto dos países da zona euro (7,7% no ano 2021). Como reflicte o **cadro 1.1.7.**, España mantense como a economía co maior nivel de desemprego, cun 12,9%, superando a Grecia, que presenta unha taxa de paro do 12,5%, o que contrasta co 3,1% rexistrado en Alemaña ou o 6% de Portugal.

Asemade, cómpre mencionar que a taxa de paro xuvenil descende na UE e na zona euro ata o 14,6% (16,6% e 16,8% no ano anterior, respectivamente), situándose Grecia coa taxa máis elevada, cun 31,3%, por diante de

Indicadores macroeconómicos dos Estados membros da UE-27, 2019-23

	PIB					Inflación media (1)					Desemprego					Déficit Público (1)				
	2019	2020	2021	2022	2023	2019	2020	2021	2022	2023	2019	2020	2021	2022	2023	2019	2020	2021	2022	2023
	(taxa de variación anual)					(taxa de variación anual)					(%)					(taxa de variación anual)				
Bélxica	2,2	-5,4	6,1	3,2	1,2	1,2	0,4	3,2	10,3	3,4	5,5	5,8	6,3	5,6	5,8	-1,9	-9,0	-5,6	-3,9	-5,0
Alemaña	1,1	-3,7	2,6	1,8	0,2	1,4	0,3	3,2	8,7	6,8	3,0	3,7	3,6	3,1	3,2	1,5	-4,3	-3,7	-2,6	-2,3
Estonia	3,7	-0,6	8,0	-1,3	-0,4	2,3	-0,6	4,5	19,4	9,2	4,5	6,9	6,2	5,6	6,2	0,1	-5,5	-2,4	-0,9	-3,1
Irlanda	5,4	6,2	13,6	12,0	5,5	0,9	-0,5	2,4	8,1	4,6	5,0	5,9	6,2	4,5	4,3	0,5	-5,0	-1,7	1,6	1,7
Grecia	1,9	-9,0	8,4	5,9	2,4	0,5	-1,3	0,6	9,3	4,2	17,9	17,6	14,7	12,5	12,2	1,1	-9,9	-7,5	-2,3	-1,3
España	2,0	-11,3	5,5	5,5	1,9	0,8	-0,3	3,0	8,3	4,0	14,1	15,5	14,8	12,9	12,7	-3,1	-10,1	-6,9	-4,8	-4,1
Francia	1,8	-7,8	6,8	2,6	0,7	1,3	0,5	2,1	5,9	5,5	8,4	8,0	7,9	7,3	7,4	-3,1	-9,0	-6,5	-4,7	-4,7
Croacia	3,4	-8,6	13,1	6,2	1,6	0,8	0,0	2,7	10,7	6,9	6,6	7,5	7,6	7,0	6,6	0,2	-7,3	-2,6	0,4	-0,5
Italia	0,5	-9,0	7,0	3,7	1,2	0,7	-0,2	1,9	8,7	6,1	9,9	9,3	9,5	8,1	7,8	-1,5	-9,5	-7,2	-8,0	-4,5
Chipre	5,5	-4,4	6,6	5,6	2,3	0,5	-1,1	2,3	8,1	3,8	7,1	7,6	7,5	6,8	6,9	1,3	-5,8	-1,7	2,1	1,8
Letonia	2,6	-2,2	4,1	2,8	1,4	2,7	0,1	3,2	17,2	9,3	6,3	8,1	7,6	6,9	6,8	-0,6	-4,3	-7,0	-4,4	-3,8
Lituania	4,6	0,0	6,0	1,9	0,5	2,2	1,1	4,6	18,9	9,2	6,3	8,5	7,1	6,0	6,6	0,5	-7,0	-1,0	-0,6	-1,7
Luxemburgo	2,3	-0,8	5,1	1,5	1,6	1,7	0,0	3,5	8,2	3,2	5,6	6,8	5,3	4,6	4,8	2,2	-3,4	0,8	0,2	-1,7
Malta	7,0	-8,6	11,8	6,9	3,9	1,5	0,8	0,7	6,1	5,4	3,6	4,4	3,4	2,9	2,9	0,6	-9,4	-7,8	-5,8	-5,1
Países Baixos	2,0	-3,9	4,9	4,5	1,8	2,7	1,1	2,8	11,6	4,9	4,4	4,9	4,2	3,5	3,8	1,8	-3,7	-2,6	0,0	-2,1
Austria	1,5	-6,5	4,6	5,0	0,4	1,5	1,4	2,8	8,6	7,1	4,8	6,0	6,2	4,8	4,9	0,6	-8,0	-5,9	-3,2	-2,4
Portugal	2,7	-8,3	5,5	6,7	2,4	0,3	-0,1	0,9	8,1	5,1	6,7	7,0	6,6	6,0	6,5	0,1	-5,8	-2,9	-0,4	-0,1
Eslovaquia	2,5	-3,4	3,0	1,7	1,7	2,8	2,0	2,8	12,1	10,9	5,7	6,7	6,8	6,1	5,8	-1,2	-5,4	-5,5	-2,0	-6,1
Eslovenia	3,5	-4,3	8,2	5,4	1,2	1,7	-0,3	2,1	9,3	7,0	4,4	5,0	4,8	4,0	3,9	0,6	-7,7	-4,7	-3,0	-3,7
Finlandia	1,2	-2,4	3,0	2,1	0,2	1,1	0,4	2,1	7,2	4,8	6,8	7,7	7,7	6,8	7,1	-0,9	-5,5	-2,7	-0,9	-2,6
Bulgaria	4,0	-4,0	7,6	3,4	1,5	2,4	1,2	2,9	13,0	9,4	5,2	6,1	5,3	4,3	4,3	2,1	-3,8	-3,9	-2,8	-4,8
Rep. Checa	3,0	-5,5	3,6	2,5	0,2	2,6	3,3	3,3	14,8	11,9	2,0	2,6	2,8	2,2	2,8	0,3	-5,8	-5,1	-3,6	-3,6
Dinamarca	1,5	-2,0	4,9	3,8	0,3	0,7	0,4	1,9	8,5	4,3	5,0	5,6	5,1	4,5	5,0	4,1	0,2	3,6	3,3	2,3
Hungría	4,9	-4,5	7,2	4,6	0,5	3,4	3,4	5,2	15,3	16,4	3,3	4,1	4,1	3,6	4,2	-2,0	-7,5	-7,1	-6,2	-4,0
Polonia	4,5	-2,0	6,8	5,1	0,7	2,1	3,6	5,2	13,2	11,7	3,3	3,2	3,4	2,9	3,3	-0,7	-6,9	-1,8	-3,7	-5,0
Rumanía	3,9	-3,7	5,8	4,7	3,2	3,9	2,3	4,1	12,0	9,7	4,9	6,1	5,6	5,6	5,4	-4,3	-9,2	-7,1	-6,2	-4,7
Suecia	2,0	-2,2	5,4	2,6	-0,5	1,7	0,7	2,7	8,1	6,0	7,0	8,5	8,8	7,5	7,7	0,6	-2,8	-0,1	0,7	-0,9
UE-27	1,8	-5,7	5,4	3,5	1,0	1,4	0,7	2,9	9,2	6,7	6,8	7,2	7,0	6,2	6,2	-0,5	-6,7	-4,6	-3,4	-3,1

(1) IPC armonizado (2005=100) ou IPC nacional cando o primeiro non está dispoñible

(2) capacidade (+) necesidade (-) de financiamento das AA,PP, en porcentaxe do PIB

Fonte: Eurostat; e Comisión Europea, *Pronóstico primavera 2023 - Anexo estatístico, maio 2023*

1.1.7.

España, co 29,8% no último ano. No extremo oposto sitúase Alemaña, cunha taxa de desemprego xuvenil do 5,8% en 2022 (6,9% no ano precedente). En Italia esta taxa descende ata o 23,6%, fronte ao 19,1% de Portugal e o 17,7% de Francia.


Panorama económico de España

Tras a forte contracción da economía española ao longo do ano 2020 motivada polo impacto da pandemia da covid-19 e a posterior reactivación en 2021, que en ambos os dous casos se produciu de xeito asimétrico entre os diferentes países e CC.AA., España mantén no último ano unha taxa de crecemento interanual do PIB

real do 5,5%. Con todo, a súa evolución trimestral reflíctese unha acusada ralentización no seu ritmo de crecemento, pasando do 7,8% no segundo trimestre do ano ata o 2,6% no derradeiro trimestre (**cadro 1.1.8.**).

Ao igual que no ano anterior, tanto a demanda interna como externa contribúen positivamente ao crecemento agregado do PIB, sendo este máis equilibrado en 2022 que no ano anterior. O cadro macroeconómico reflectido no **cadro 1.1.9.** amosa que a demanda interna achega 3,1 puntos fronte aos 2,4 puntos da demanda externa cando en 2021 a evolución da economía española viña apoiada fundamentalmente pola contribución da demanda interna, con 5,2 puntos

PIB en Galicia e España 2008-22 ⁽¹⁾⁽²⁾: evolución



(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 31-1-2023)

(2) Os datos dos anos 2020 son provisionais. Os datos dos anos 2021 e 2022 son avance

Fonte: INE, Contabilidad nacional trimestral de España. e IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia.

1.1.8.

fronte a tan só tres décimas no caso da demanda externa.

Entre os compoñentes da demanda interna, por segundo ano consecutivo tanto o gasto en consumo final como o investimento, medido en termos da formación bruta de capital (FBC), presentan taxas de variación interanual positivas, se ben ambas as dúas variables presentan unha importante desaceleración. En concreto, o gasto en consumo final medra un 3% (5,1% no ano anterior) derivado tan só da evolución positiva do consumo dos fogares, que crece un 4,5% respecto ao ano anterior, o que contrasta co gasto público, que se contrae un 0,7%. Doutra banda, a formación bruta de capital medra un 3,5%, rexistrándose a medra máis importante no caso dos produtos da propiedade intelectual, cun incremento interanual do 5,5%.

No concernente á demanda externa, as exportacións de bens e servizos presentan no conxunto do ano 2022 unha medra interanual do 14,4%, porcentaxe similar á

rexistrada no ano anterior. Ao igual que en 2021, cómpre resaltar as elevadas taxas de variación interanuais das exportacións de servizos (51,6%), ralentizándose o crecemento no caso dos bens (2,7%).

Doutra banda, as importacións de bens e servizos incrementáanse un 7,9% no ano 2022 respecto ao ano precedente, seis puntos por baixo do rexistrado no ano anterior (13,9%). Ao igual que no caso das vendas fóra de España, as importacións de servizos presentan unha importante aceleración do crecemento, cunha medra do 20,6%, o que contrasta coa ralentización no caso das importacións de bens (5,5% respecto ao ano anterior).

Dende o lado da oferta, a análise do cadro macroeconómico de España amosa que todos os sectores agás o primario rexistran taxas de crecemento positivas, presentando o sector servizos o maior dinamismo, cunha medra interanual do 6,5%, cinco décimas máis que no ano anterior. A construción, tras a importante contrac-

PIB en España 2021-22: distribución segundo as súas compoñentes (1)

	2021	2022	2021				2022			
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
			(taxas de variación interanual)							
Gasto en consumo final	5,1	3,0	-2,2	17,4	3,7	3,2	3,3	3,0	3,1	2,6
Gasto en consumo final dos fogares	6,0	4,5	-4,6	23,8	4,0	4,6	5,1	5,3	4,9	2,7
Gasto en consumo final das ISFLSH	2,5	-0,3	0,9	3,0	4,1	1,9	-0,6	-1,0	-0,5	1,1
Gasto en consumo final das AA.PP.	2,9	-0,7	4,4	4,1	3,1	-0,1	-0,9	-2,6	-1,4	2,3
Formación bruta de capital (FBC)	5,9	3,5	-9,3	19,9	4,1	11,9	11,6	6,8	1,9	-5,1
Formación bruta de capital fixo	0,9	4,6	-6,1	17,5	-3,0	-1,7	3,8	6,0	6,3	2,4
Activos fixos materiais	0,1	4,4	-7,0	19,8	-5,0	-3,4	3,1	5,8	6,2	2,6
Construción	-3,7	4,7	-11,5	9,5	-6,7	-3,9	0,6	6,5	6,9	4,6
Bens de equipo	6,3	4,0	0,3	42,0	-3,0	-3,3	7,0	4,6	5,0	-0,7
Productos da propiedade intelectual	4,7	5,5	-1,7	8,1	6,7	6,3	7,1	6,8	6,7	1,5
Demanda interna (2)	5,2	3,1	-3,6	17,7	3,8	4,9	4,9	3,8	2,8	0,9
Exportacións de bens e servizos	14,4	14,4	-6,0	40,5	15,2	16,4	17,4	20,2	14,1	6,9
Exportacións de bens	10,6	2,7	6,4	35,7	6,3	0,4	-0,5	3,3	2,6	5,5
Exportacións de servizos	27,0	51,6	-35,6	59,0	50,5	81,2	91,2	79,2	49,3	11,9
Importacións de bens e servizos	13,9	7,9	-3,7	40,8	14,3	11,6	12,2	8,5	8,9	2,4
Importacións de bens	13,8	5,5	0,2	40,5	12,2	9,0	9,7	5,0	6,8	0,9
Importacións de servizos	14,4	20,6	-20,9	42,6	27,1	25,4	26,5	27,4	20,4	10,4
Demanda externa (2)	0,3	2,4	-0,9	0,1	0,4	1,7	2,0	4,0	1,9	1,7
PIB a prezos de mercado	5,5	5,5	-4,4	17,9	4,2	6,6	6,9	7,8	4,7	2,6
Agricultura, gandeiría, silvicultura e pesca	2,1	-1,1	4,1	0,0	2,5	1,8	4,3	-3,1	-2,8	-2,5
Industria	6,6	3,0	-0,2	27,5	0,4	3,2	2,8	5,0	3,6	0,5
Industria manufacturera	8,9	3,8	-0,2	36,1	3,0	4,0	4,9	6,1	3,1	1,4
Construción	-3,0	4,1	-9,6	13,3	-8,2	-4,1	0,5	5,5	5,9	4,7
Servizos	6,0	6,5	-5,4	17,3	6,0	8,2	8,1	9,2	5,4	3,5
Impostos netos sobre os produtos	6,7	4,6	-3,1	17,6	5,3	8,7	9,1	6,4	3,6	-0,2

(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario.

(2) aportación ao crecemento do PIB a prezos de mercado

Fuente: INE, Contabilidad nacional trimestral de España.

1.1.9.

ción do ano anterior (-3%) experimenta en 2022 unha taxa de crecemento do 4,1%. A diferenza do acontecido na construción e nos servizos, o sector industrial no seu conxunto, e o manufacturero en particular, presentan unha acusada ralentización no seu crecemento, cunha medra interanual do 3% e 3,8%, respectivamente, cando no ano anterior medraran un 6,6% e 8,9%. Por contra, o sector primario rexistra unha contracción do 1,1% na xeración do VEB fronte ao incremento do 2,1% de 2021.

Atendendo á súa desagregación segundo ramas de actividade, cómpre mencionar o importante crecemento interanual experimentado polo subsector do comercio, transporte e hostalería (seccións G-I, CNAE 2009), cunha medra interanual do 16,5%; así como no con-

xunto de actividades artísticas, recreativas e outros servizos (seccións R-T), cun 13,8%, e das actividades profesionais, científicas e técnicas (sección M), cun 7,8%. No extremo oposto, as actividades financeiras e de seguros (sección K) e a administración pública, educación e sanidade (seccións O-Q) presentan unha contracción do VEB do 5,7% e 1,4%, respectivamente.

Asemade, cómpre salientar que os datos correspondentes ao índice de competitividade da economía española en termos de prezos ao consumo, prezos industriais e custos laborais, reflicten que España presenta unha perda de competitividade respecto ao conxunto dos países da UE-27 e da zona euro en termos de prezos industriais, ao contrario do acontecido no caso dos custos laborais unitarios, permanecendo re-

Índices de competitividade de España 2008-22 ⁽¹⁾

	Fronte á zona euro			Fronte á UE-27			Fronte a novos países industrializados de Asia ⁽²⁾	
	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais
	(base 1999 = 100)							
2008	109,7	107,1	114,4	107,6	105,7	111,9	127,6	122,2
2013	110,1	109,4	100,7	107,4	107,5	98,3	101,3	103,2
2019	107,3	109,2	98,6	105,0	107,2	95,7	86,6	91,9
2020	106,5	107,9	102,3	104,3	106,3	99,5	86,5	90,9
2021	107,1	110,5	101,7	104,7	108,6	98,8	86,9	95,7
2022	107,0	112,9	99,1	104,4	110,6	96,1	85,4	102,8

(1) a caída no índice reflicte melloras na competitividade

(2) China, Corea do Sur, Filipinas, Hong-Kong, India, Indonesia, Malaisia, Singapur, Taiwán e Tailandia.

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.1.10.

lativamente estable no caso do índice de prezos ao consumo. Tal e como amosa o **cadro 1.1.10.**, esta perda de competitividade é máis acusada en termos de prezos industriais en relación aos novos países industrializados de Asia, mellorando por contra en termos do IPC.

Atendendo á distribución funcional da renda, os datos da Contabilidade trimestral do INE amosan unha recuperación tanto da remuneración por asalariado como polo excedente bruto de explotación/rendas mixtas, se ben este incremento é moito máis intenso no caso do EBE/RM que no do PIB en termos correntes. Dunha banda, a remuneración de asalariados aumentou en España un 6,5% en relación ao ano anterior (5,3% en 2021), en tanto que a taxa de variación interanual do PIB foi do 10%. Deste xeito, o peso da remuneración de asalariados descende ata o 46,9%, punto e medio inferior á do ano anterior (**cadro 1.1.11.**).

O excedente bruto de explotación e a renda mixta, valor que indica o pago aos factores produtivos salvo os salarios aos traballadores, presenta no ano 2022 unha medra medio anual do 15,4%, case o dobre do rexistrado no ano anterior (7,8%). Finalmente, os impostos netos sobre a produción e as importacións aumentan un 4,7% fronte ao 23,2% experimentada no ano anterior. O peso relativo do EBE aumenta ata o 43,2% (41,1% en 2021), en tanto que os impostos netos

representan o 9,9% do PIB, cinco décimas máis que no ano precedente.

A devandita evolución da actividade económica trasládase ao mercado de traballo, que presenta unha moderación no ritmo de crecemento da ocupación e unha maior redución do desemprego no conxunto do ano 2022. Dunha banda, as contas económicas amosan que o incremento da ocupación –medido en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo– foi do 3,8% respecto ao ano anterior; doutra, o número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social en España presentan un ritmo de crecemento do 3,8%, sendo esta porcentaxe do 3,1% no caso da poboación ocupada estimada pola EPA. A pesar de que o PIB en termos reais atópase aínda por baixo do nivel precrise, o número de afiliacións supera nun 4,3% o devandito nivel, situándose esta porcentaxe no 3,1% tanto no caso da poboación ocupada estimada pola EPA como polo nivel de emprego reflectido polas contas económicas para o ano 2022 (postos de traballo equivalente a tempo completo). Por contra, se se considera o número de horas traballadas (contas económicas) España presenta aínda un nivel inferior ao estimado en 2019; en concreto, un 1,1% inferior.

Doutra banda, o número de persoas paradas rexistradas nas oficinas do Servizo Público de Emprego redú-

Distribución funcional da renda en España 2008-2022 ⁽¹⁾

	PIB a prezos de mercado	Remuneración dos asalariados (2)	Excedente de explotación bruto / Renda mixta bruta (3)	Impostos netos sobre produción e importacións
	(en millóns de euros)			
2008	1.109.541	544.126	477.690	87.725
2013	1.020.677	467.521	455.313	97.843
2019	1.245.513	579.402	538.532	127.579
2020	1.117.989	555.675	460.376	101.938
2021	1.206.842	584.966	496.252	125.624
2022	1.327.108	622.703	572.840	131.565
	(% / PIB)			
2008	100,0	49,0	43,1	7,9
2013	100,0	45,8	44,6	9,6
2019	100,0	46,5	43,2	10,2
2020	100,0	49,7	41,2	9,1
2021	100,0	48,5	41,1	10,4
2022	100,0	46,9	43,2	9,9

(1) PIBpm (prezos correntes); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

(2) Remuneración de asalariados: remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagregase en: saldos e salarios e cotizacións sociais a cargo dos empregadores.

(3) Excedente de explotación bruto/Renda mixta bruta: corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. No caso das empresas non constituídas en sociedades correspondentes ao sector fogares fábase de renda mixta. Este agregado contén un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou por membros da súa familia e que non pode distinguirse dos seus beneficios como empresario.

Fonte: INE, Contabilidad nacional trimestral de España.

1.1.11.

cese en 602.449 persoas en relación ao ano precedente, o que supón unha caída do 16,9%, situándose esta redución interanual no 11,8% no caso da poboación parada estimada pola EPA (405.000 persoas menos). A taxa de paro en España descende ata o 12,9%, a porcentaxe máis elevada de toda a UE-27, situándose esta taxa no 6,2% no conxunto da UE e no 6,8% na zona euro. Entres as principais economías, salienta Alemaña, cun 3,1%, presentando Francia e Italia unhas taxas superiores á media comunitaria (7,3% e 8,1%, respectivamente).


• Comunidades Autónomas

O obxectivo deste apartado é realizar unha visión xeral do contexto socioeconómico no que se desenvolven as distintas CC.AA. e presentar a situación relativa de Galicia respecto a todas elas. Esta análise parte da consideración das taxas de crecemento do PIB en catro comunidades autónomas do norte de España e a recuperación da súa economía dende o inicio da crise orixinada pola covid-19. A continuación, o estudo do

posicionamento relativo das CC.AA. realízase tendo en conta variables como o PIB per cápita e os grandes agregados de emprego, para analizar posteriormente a competitividade rexional. Neste último caso, preséntanse inicialmente os indicadores sintéticos elaborados tanto pola Comisión Europea no seu “Índice de Competitividad Rexional 2.0” (edición 2022) como o elaborado polo Colexio Xeral de Economistas no seu “Informe de la Competitividad Regional en España 2022”. Por último, considéranse as principais variables das consideradas pancas dinámicas da competitividade correspondentes ao capital humano e coñecemento.

Fronte ao mantemento do ritmo de crecemento interanual da economía española no conxunto do ano 2022 nun 5,5%, o PIB galego presenta unha importante ralentización ao medrar un 3,8% respecto ao ano anterior, o que supón 1,4 puntos menos que en 2021. Comparado coa evolución doutras CC.AA. do norte peninsular cómpre indicar que se ben presentan unha ralentización no seu crecemento, as taxas da variación son superiores ás rexistradas en Galicia, acadando o

Evolución do PIB real en España, Galicia, País Vasco, Navarra e Cataluña: 2019-22



Nota: Base 100 4º trimestre 2019

Fonte: elaboración propia a partir de institutos estadísticos das CC.AA.

1.1.12.

5,5% en Cataluña, o 5% en Aragón, ou o 4,3% no País Vasco e Navarra.

Con todo, a pesar deste diferencial nas taxas de crecemento cómpre resaltar que o PIB real de Galicia acadou no derradeiro trimestre do ano o nivel precrise. Como se reflicte no **gráfico 1.1.12.**, a caída da economía galega consecuencia da covid-19 non só foi menos intensa que a rexistrada en CC.AA. como Navarra ou Cataluña, senón que no cuarto trimestre de 2022 a recuperación da economía española e a do País Vasco aínda é incompleta, situándose seis e dúas décimas por baixo do nivel acadado no mesmo período de 2019.

Os datos recollidos na Contabilidade Rexional de España, publicada polo INE en decembro de 2022 con datos para o período 2000-2021 (**cadro 1.1.13.**) reflicten o devandito impacto asimétrico da covid nas diferentes CC.AA. e a posterior recuperación, presentando Galicia unha recuperación de menor intensidade que no conxunto do Estado. En termos per cápita o PIB no ano 2021 en Galicia foi de 23.499 euros, o que a sitúa

nunha posición intermedia respecto das CCAA, ascendendo este a 25.498 euros no conxunto do Estado e aos 32.430 euros da UE-27.

En termos de emprego, os datos por CC.AA. proporcionados pola EPA permiten facer unha análise máis actualizada con datos estimados para o ano 2022. Unha primeira aproximación ao mercado de traballo pode facerse a partir dos valores dos grandes agregados recollidos no **cadro 1.1.14.**: taxas de actividade, ocupación e desemprego.

Dunha banda, a taxa de actividade sitúase en España no 58,6% fronte ao 53% de Galicia, en tanto que as taxas de ocupación e paro sitúanse no 51,1% e 12,9%, respectivamente (47,1% e 11% en Galicia). Comparativamente co resto das CC.AA., Galicia mantense como a segunda Comunidade coa taxa de actividade máis reducida, tan só por diante de Asturias (49,8%); e se sitúa como a cuarta CA cunha menor taxa de ocupación, só por diante de Extremadura (46%), Andalucía (45,9%) e Asturias (43,5%). Doutra banda, no que á

PIB e PIB per capita 2020-2021

	PIB real		PIB per capita					
	Taxa crecemento anual		Importe		España = 100		Variación anual	
	2020	2021	2020	2021	2020	2021	2020	2021
	(%)		(euros)		(%)		(%)	
Andalucía	-10,8	5,5	17.545	18.906	74,3	74,1	- 10,1	7,8
Aragón	-8,7	4,4	26.642	28.912	112,9	113,4	- 7,3	8,5
Asturias	-11,0	5,5	20.947	23.235	88,7	91,1	- 9,9	10,9
Baleares	-23,2	10,7	21.551	24.866	91,3	97,5	- 23,9	15,4
Canarias	-19,1	7,0	17.199	18.990	72,9	74,5	- 19,1	10,4
Cantabria	-10,5	5,6	22.048	23.730	93,4	93,1	- 9,5	7,6
Castela e León	-8,8	4,3	22.925	24.428	97,1	95,8	- 7,9	6,6
Castela-A Mancha	-7,7	4,8	19.257	20.655	81,6	81,0	- 7,4	7,3
Cataluña	-12,3	5,8	27.745	29.942	117,5	117,4	- 11,4	7,9
C. Valenciana	-10,9	5,6	20.780	22.289	88,0	87,4	- 10,1	7,3
Extremadura	-9,3	4,6	17.834	19.072	75,5	74,8	- 7,4	6,9
Galicia	-9,1	5,1	21.730	23.499	92,0	92,2	- 8,7	8,1
Madrid	-11,0	5,4	32.332	34.821	137,0	136,6	- 10,7	7,7
Murcia	-9,1	5,0	19.692	21.236	83,4	83,3	- 8,9	7,8
Navarra	-10,3	5,9	28.822	31.024	122,1	121,7	- 9,9	7,6
País Vasco	-10,7	5,5	30.338	32.925	128,5	129,1	- 10,6	8,5
A Rioxa	-8,9	4,5	25.666	27.279	108,7	107,0	- 8,5	6,3
Ceuta	-8,6	4,0	19.797	21.244	83,9	83,3	- 5,8	7,3
Melilla	-8,7	4,1	18.056	19.266	76,5	75,6	- 6,2	6,7
Total	-11,3	5,5	23.608	25.498	100,0	100,0	- 10,7	8,0

Fonte: INE, Contabilidade Regional de España

1.1.13.

Emprego nas CC.AA. 2021-22

	2022				2021			
	Taxa Actividade	Taxa Ocupación	Taxa paro	Taxa paro xuvenil	Taxa Actividade	Taxa Ocupación	Taxa paro	Taxa paro xuvenil
	(%)				(%)			
Andalucía	56,6	45,9	19,0	35,4	57,0	44,7	21,7	44,7
Aragón	58,8	53,3	9,4	23,9	58,6	52,6	10,2	25,0
Asturias	49,8	43,5	12,6	36,4	50,7	44,3	12,5	29,0
Baleares	64,1	57,1	11,0	24,1	63,2	53,9	14,8	33,7
Canarias	59,1	48,7	17,6	44,6	58,0	44,5	23,2	55,5
Cantabria	54,8	49,6	9,4	25,8	55,5	49,1	11,5	28,0
Castela e León	55,0	49,6	9,8	26,6	54,2	48,0	11,4	29,8
Castela-A Mancha	59,2	50,7	14,3	32,7	59,2	49,9	15,6	35,2
Cataluña	60,9	55,0	9,7	24,0	61,3	54,2	11,6	28,9
C. Valenciana	58,7	50,9	13,2	28,6	57,8	48,6	15,9	37,3
Extremadura	55,6	46,0	17,3	39,6	55,2	44,4	19,5	46,9
Galicia	53,0	47,1	11,0	32,4	52,5	46,4	11,7	32,7
Madrid	63,5	56,3	11,2	29,3	63,4	56,1	11,6	29,3
Murcia	59,7	51,8	13,3	28,9	60,3	51,7	14,3	31,1
Navarra	59,0	53,3	9,6	22,4	58,6	52,4	10,6	23,0
País Vasco	56,5	51,6	8,6	25,9	56,0	50,5	9,8	32,9
A Rioxa	59,8	54,2	9,5	26,4	59,9	53,0	11,5	31,0
Ceuta	62,0	44,4	28,3	43,5	55,9	41,0	26,7	57,7
Melilla	61,6	48,3	21,5	52,1	63,3	50,8	19,8	46,1
Total	58,6	51,1	12,9	29,7	58,5	49,9	14,8	34,9

Fonte: INE, EPA

1.1.14.

Índice de competitividade rexional (ICR) 2022, 2019 e 2016.

	En relación á Unión Europea						En relación a España					
	Ranking 2022 (234 rex.)	Ranking 2019 (233 rex.)	Ranking 2016 (229 rex.)	Valores 2022 (UE = 100)	Valores 2019	Valores 2016	Ranking 2022	Ranking 2019	Ranking 2016	Valores 2022 (España = 100)	Valores 2019	Valores 2016
Andalucía	186	191	177	76,6	71,7	72,2	15	15	16	82,8	82,9	82,2
Aragón	138	137	134	90,4	89,9	87,8	7	5	6	97,7	103,9	100,0
Asturias	140	157	139	90,1	83,0	85,3	8	9	7	97,4	96,0	97,2
Baleares	154	170	157	86,4	78,8	78,4	11	12	12	93,4	91,1	90,4
Canarias	188	196	173	73,1	69,0	72,4	16	17	15	82,3	79,8	82,5
Cantabria	133	140	132	92,0	88,6	88,5	5	6	5	99,5	102,4	100,8
Castela e León	158	153	148	85,4	83,5	82,1	12	8	11	92,3	96,5	93,5
Castela-A Mancha	176	174	171	80,3	77,8	73,2	14	13	14	86,8	89,9	83,4
Cataluña	107	131	117	101,3	93,3	96,9	3	4	3	109,5	107,9	110,4
C. Valenciana	133	159	145	92,0	82,4	82,5	6	10	10	99,5	95,3	94,0
Extremadura	194	195	192	70,9	69,2	67,5	17	16	18	76,6	80,0	76,9
Galicia	149	163	143	87,9	80,6	82,8	10	11	9	95,0	93,2	94,3
Madrid	32	62	70	119,3	114,5	118,3	1	1	1	129,0	132,4	134,7
Murcia	168	179	166	83,4	75,6	75,2	13	14	13	90,2	87,4	85,6
Navarra	117	128	119	96,4	94,3	96,3	4	3	4	104,2	109,0	109,7
País Vasco	77	103	101	107,6	102,7	104,9	2	2	2	116,3	118,7	119,5
A Ríoxa	144	147	142	89,1	86,2	84,2	9	7	8	96,3	99,7	95,9
Ceuta	210	197	192	62,2	68,7	64,3	19	18	19	67,2	79,4	73,2
Melilla	198	207	190	69,6	65,0	68,2	18	19	17	75,2	75,1	77,7
España				92,5	86,5	87,8				100,0	100,0	100,0
Portugal				93,8	83,3	82,8				101,4	96,3	94,3
Norte Portugal	135	173	164	92,0	78,0	75,8				99,5	90,2	86,3

Fonte: Comisión Europea, Índice de Competitividade Rexional 2.0

1.1.15.

taxa de desemprego se refire, Galicia ocupa unha posición intermedia (11%), aínda que o nivel de paro atópase lonxe das rexistradas no País Vasco (8,6%), Aragón e Cantabria (9,4%) ou A Ríoxa (9,5%). A diferenza do que acontece coa taxa de paro total, a taxa de paro xuvenil en Galicia supera á estimada no conxunto do Estado, acadando un valor de 32,4% e 29,7%, respectivamente.

No que á **competitividade rexional** se refire, a Comisión Europea, no seu Índice de Competitividade Rexional 2.0, publicado no mes de marzo de 2023, sitúa a Galicia como a rexión 149 das 234 rexións europeas analizadas, cun valor de 87,9 (Unión Europea=100). Tan só Madrid, que ocupa o posto 32 das rexións analizadas, País Vasco (77) e Cataluña (107) presentan unha competitividade superior á media comunitaria, rexistrando Extremadura, Ceuta e Melilla valores inferiores a 71 puntos, os que as sitúan nos postos 194, 198 e 210, respectivamente. En relación á situación relativa das CC.AA. españolas e Ceuta e Melilla, Galicia sitúase no último ano no posto 10.

Atendendo á evolución dos últimos anos, **cadro 1.1.15.**, os datos da Comisión Europea sinalan que nos últimos anos da recuperación económica (2016-2019) Galicia perde posicións tanto no conxunto da Unión Europea como entre as CC.AA., retrocedendo no ano 2019 ata o posto 163 das 233 rexións analizadas, vinte postos peor que en 2016, e ata o posto 11 se a comparación se fai entre as CC.AA. (novena en 2016). Fronte a este retroceso, e en parte por mor do menor impacto da covid en 2020, Galicia mellora a súa posición relativa entre os dous últimos anos considerados, situándose nos devanditos postos 149 e 10. Con todo, se se ten en conta todo o período analizado, Galicia perde posicións relativas tanto no conxunto da Unión Europea como entre as CC.AA.

O devandito ICR desagregase en tres grandes subíndices: básico (institucións; estabilidade macroeconómica; infraestruturas; saúde e formación básica), subíndice de eficiencia (educación superior e formación continua; eficiencia do mercado de traballo; e tamaño de mercado), e subíndice de innovación (capacidade tecnoló-

Índice de competitividad rexional (ICR) 2022 e 2016 (UE=100). Desagregación segundo subíndice

	Básico				Eficiencia				Innovación			
	Ranking		Valores		Ranking		Valores		Ranking		Valores	
	2022	2016	2022	2016	2022	2016	2022	2016	2022	2016	2022	2016
	(234 rex.)	(229 rex.)	(UE = 100)		(234 rex.)	(229 rex.)	(UE = 100)		(234 rex.)	(229 rex.)	(UE = 100)	
Andalucía	138	140	93,8	90,4	216	216	58,4	48,6	142	152	90,8	75,3
Aragón	114	117	99,9	96,0	170	160	81,4	80,8	115	132	98,3	85,1
Asturias	110	146	100,7	89,0	171	151	81,1	83,4	121	141	97,1	82,8
Baleares	108	145	101,4	89,1	185	182	73,5	68,1	125	146	96,5	79,7
Canarias	158	150	89,5	88,5	203	205	63,1	56,5	158	166	82,2	69,5
Cantabria	115	136	99,1	91,0	153	131	85,7	90,4	119	138	97,3	83,3
Castela e León	124	127	97,4	92,9	179	165	76,6	77,8	148	156	89,7	73,1
Castela-A Mancha	103	119	103,4	94,7	205	212	62,6	53,8	159	172	81,5	67,3
Cataluña	98	107	105,0	99,5	128	138	93,3	88,1	55	109	117,7	103,3
C. Valenciana	112	130	100,5	92,5	174	175	80,3	72,7	83	144	107,8	80,9
Extremadura	136	147	93,9	89,0	227	218	50,1	47,7	160	178	81,3	62,4
Galicia	143	157	93,2	87,4	169	159	81,8	81,1	130	147	94,7	79,0
Madrid	83	88	109,2	106,8	26	39	122,6	122,3	33	49	126,4	128,4
Murcia	126	133	96,8	91,7	195	196	68,1	60,7	126	165	95,7	70,4
Navarra	122	125	97,6	93,3	132	100	92,6	105,3	89	123	106,5	90,0
País Vasco	102	128	103,4	92,8	73	55	106,8	117,5	58	106	117,1	106,3
A Rioxa	133	131	95,2	92,4	176	161	79,4	80,0	97	148	103,5	78,4
Ceuta	157	124	89,6	93,8	234	228	39,8	37,0	188	189	69,9	57,4
Melilla	140	122	93,5	93,9	230	227	45,9	39,1	153	170	86,8	67,9
España			100,0	94,7			82,9	78,9			103,3	89,0
Portugal			95,8	85,9			86,1	79,6			105,7	82,4
Norte Portugal	127	161	96,4	86,3	164	181	83,0	68,3	100	164	102,5	70,8

Fonte: Comisión Europea, Índice de Competitividad Rexional 2.0

1.1.16.

Índice de competitividad rexional (ICR) 2022 e 2016 (España=100). Desagregación segundo subíndice

	Básico				Eficiencia				Innovación			
	Ranking		Valores		Ranking		Valores		Ranking		Valores	
	2022	2016	2022	2016	2022	2016	2022	2016	2022	2016	2022	2016
	(España = 100)				(España = 100)				(España = 100)			
Andalucía	15	14	93,8	95,5	16	16	70,4	61,6	13	12	87,9	84,6
Aragón	8	3	99,9	101,4	7	8	98,2	102,4	7	5	95,2	95,6
Asturias	6	16	100,7	94,0	8	6	97,8	105,7	9	7	94,0	93,0
Baleares	5	15	101,4	94,1	12	12	88,7	86,3	10	9	93,4	89,6
Canarias	19	18	89,5	93,5	14	14	76,1	71,6	16	15	79,6	78,1
Cantabria	9	13	99,1	96,1	5	4	103,4	114,6	8	6	94,2	93,6
Castela e León	11	8	97,4	98,1	11	10	92,4	98,6	14	13	86,8	82,1
Castela-A Mancha	3	4	103,4	100,0	15	15	75,5	68,2	17	17	78,9	75,6
Cataluña	2	2	105,0	105,1	3	5	112,5	111,7	2	3	113,9	116,1
C. Valenciana	7	10	100,5	97,7	9	11	96,9	92,1	4	8	104,4	90,9
Extremadura	14	17	93,9	94,0	17	17	60,4	60,5	18	18	78,7	70,1
Galicia	17	19	93,2	92,3	6	7	98,7	102,8	12	10	91,7	88,8
Madrid	1	1	109,2	112,8	1	1	147,9	155,0	1	1	122,4	144,3
Murcia	12	12	96,8	96,8	13	13	82,1	76,9	11	14	92,6	79,1
Navarra	10	7	97,6	98,5	4	3	111,7	133,5	5	4	103,1	101,1
País Vasco	4	9	103,4	98,0	2	2	128,8	148,9	3	2	113,4	119,4
A Rioxa	13	11	95,2	97,6	10	9	95,8	101,4	6	11	100,2	88,1
Ceuta	18	6	89,6	99,0	19	19	48,0	46,9	19	19	67,7	64,5
Melilla	16	5	93,5	99,2	18	18	55,4	49,6	15	16	84,0	76,3
España			100,0	100,0			100,0	100,0			100,0	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir de Comisión Europea, Índice de Competitividad Rexional 2.0

1.1.17.

xica; sofisticación empresarial; e innovación). Como reflicte o **cadro 1.1.16.**, no ano 2022 Galicia ocupa o posto 143 das rexións analizadas no caso do subíndice básico, fronte ao 169 no caso do indicador da eficiencia e o 130 no concernente á innovación. Comparado co ano 2016 cómpre mencionar a mellora das índices relativos aos indicadores básicos e á innovación, ao contrario do que acontece no caso do subíndice de eficiencia.

Se a comparación se realiza entre as CC.AA., **cadro 1.1.17.**, no ano 2022 Galicia ocupa o posto 17 no que ao conxunto de indicadores básicos se refire, por diante de Ceuta e Canarias, cando no ano 2016 ocupaba o derradeiro posto. Por contra, no caso do subíndice de eficiencia o *ranking* galego sería o sexto posto, un por diante do rexistrado no ano 2016. Fronte á devandita mellora, no ámbito da innovación Galicia retrocede dous postos entre os anos 2016 e 2022, pasando do décimo ao duodécimo posto no último ano.

A análise da **situación competitiva das CCAA** pode realizarse tamén a partir dos valores do Índice de Competitividade Rexional (ICREG) elaborado polo Consello Xeral de Economistas na súa publicación *“Informe de la Competitividad Regional en España 2022”*, con datos correspondentes ao ano 2021. O indicador constata a persistencia das debilidades competitivas de España e da meirande parte das CC.AA., sen que se observen claros signos de converxencia. Tras o forte impacto negativo da covid tanto na actividade económica como no emprego no ano 2020 e a intensa reactivación en 2021 (efecto rebote), a competitividade estrutural promedio das CC.AA. medra un 4,4% respecto ao ano precedente, o cuarto máis elevado dende o ano 2008. O valor do Índice de Competitividad Rexional (ICERG) reflicte que Galicia presenta unha medra da competitividade pasando dun índice de 7,69 ata o 8,13 de 2021 (datos primeira estimación).

Os distintos indicadores seleccionados na elaboración do Índice anual de Competitividad Rexional (ICREG) elaborado polo Consejo General de Economistas, que se agrupan en sete eixos competitivos (entorno económico, mercado de traballo, capital humano, entorno

institucional, infraestruturas básicas, eficiencia empresarial e innovación), permiten identificar os factores determinantes para a competitividade e proporciona información sobre as claves para a súa mellora.

Tal como se observa no **cadro 1.1.18.**, a pesar do devandito impacto asimétrico da covid dende o punto de vista territorial e o rango de variación da recuperación posterior, o *ranking* das CC.AA. segundo o valor do ICREG e a composición dos grupos amosa escasas variacións en relación ao ano anterior. No último ano tan só A Rioxa presenta unha perda da súa posición relativa a favor de Aragón, que pasa a ocupar un nivel competitivo medio-baixo. Pola súa banda, Galicia mantense no noveno posto e nunha posición intermedia-baixa en relación ao resto das CC.AA.. Un ano máis, a Comunidade de Madrid sitúase no primeiro lugar do *ranking* de CC.AA. que, xunto a Navarra e o País Vasco, conforman o grupo de nivel competitivo relativo Alto. O grupo de nivel Medio-Alto queda constituído este ano tan só por Cataluña, en tanto que Aragón, A Rioxa, Castela e León, Cantabria, Galicia e Asturias clasifícanse no nivel competitivo relativo Medio-Baixo. Finalmente, o grupo de comunidades con nivel Baixo está constituído pola C. Valenciana, Murcia, Castela-A Mancha, Baleares, Canarias, Andalucía e Extremadura, que segue ocupando o último lugar do *ranking* competitivo.

A pesar de que Galicia presenta un nivel de competitividade relativo medio baixo, a análise segundo eixo competitivo amosa que o entorno institucional rexistra un nivel alto en contraposición co acontecido coas infraestruturas básicas (eixo 5) e a eficiencia empresarial (eixo 6).

No que á intensidade do dinamismo competitivo da economía galega se refire, Galicia está encadrada entre as CC.AA. cun crecemento moderado, xunto con Cantabria, Baleares, Asturias, Cataluña e Canarias. O **cadro 1.1.19.** amosa un comportamento dispar dos eixos en Galicia: dunha banda, o crecemento moderado no conxunto de Galicia rexístrase en catro eixos –capital humano (eixo 3), innovación (eixo 7) e os devanditos eixos 5 e 6–; doutra banda, o entorno económico (eixo 1)

Ranking das CC.AA. segundo o Índice de Competitividade Rexional 2009-2021

	2009	2013	2019	2020	2021
1	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid
2	Navarra	País Vasco	Navarra	Navarra	Navarra
3	País Vasco	Navarra	País Vasco	País Vasco	País Vasco
4	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña
5	Aragón	Aragón	A Ríoxa	A Ríoxa	Aragón
6	A Ríoxa	A Ríoxa	Aragón	Aragón	A Ríoxa
7	Castela e León	Asturias	Castela e León	Castela e León	Castela e León
8	Asturias	Castela e León	Galicia	Cantabria	Cantabria
9	Galicia	Cantabria	Cantabria	Galicia	Galicia
10	Cantabria	Galicia	C. Valenciana	Asturias	Asturias
11	C. Valenciana	C. Valenciana	Asturias	C. Valenciana	C. Valenciana
12	Baleares	Baleares	Murcia	Murcia	Murcia
13	Canarias	Murcia	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha
14	Murcia	Canarias	Baleares	Baleares	Baleares
15	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha	Canarias	Canarias	Canarias
16	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía
17	Extremadura	Extremadura	Extremadura	Extremadura	Extremadura

Fonte: Consejo General de Economistas, *Informe de la Competitividad Regional en España* 2022

1.1.18.


Perfil do Índice de Competitividade Rexional (ICREG) en Galicia 2021

	Posición	Nivel competitivo	Tendencia
Eixo 1.- Entorno económico	9	Medio-Baixo	Descenso
Eixo 2.- Mercado de traballo	9	Medio-Alto	Leve
Eixo 3.- Capital humano	6	Medio-Alto	Moderado crecemento
Eixo 4.- Entorno institucional	7	Alto	Leve
Eixo 5.- Infraestruturas básicas	12	Baixo	Moderado crecemento
Eixo 6.- Eficiencia empresarial	16	Baixo	Moderado crecemento
Eixo 7.- Innovación	9	Medio-Baixo	Moderado crecemento
Galicia	9	Medio-Baixo	Moderado crecemento

Fonte: Consejo General de Economistas, *Informe de la Competitividad Regional en España* 2022

1.1.19.

Grado de dixitalización relativo (desviacións respecto da media)



Fonte: Consejo General de Economistas, *Informe de la Competitividad Regional en España 2022*

1.1.20.

presenta o peor comportamento, cun descenso do seu dinamismo relativo.

Segundo o devandito informe, os indicadores coas achegas máis positivas corresponden ao coeficiente de apertura externa (eixo 1), uso de internet, formación de adultos e abandono escolar temperá (eixo 4), parque de vehículos ecolóxicos (eixo 5), dinamismo empresarial (eixo 6), gasto en I+D empresarial e comercio electrónico (eixo 7). Pola contra, as contribucións máis negativas corresponden á taxa de aforro (eixo 1), delitos (eixo 4) e mulleres empregadoras (eixo 6).


O informe sobre a competitividade rexional en España elabora no seu apartado final unha referencia ao grado

de dixitalización relativa (desviacións respecto da media). Para analizar a situación de cada Comunidade Autónoma no contexto da dixitalización defínese un índice a partir de 16 indicadores¹ agrupados en tres grandes eixos: conectividade, capital humano e uso das TIC. Como se aprecia no **gráfico 1.1.20.**, Galicia sitúase como a Comunidade Autónoma con menor grado de dixitalización, ocupando o rango baixo tamén as CCAA de Extremadura, Castela-A Mancha, Castela e León e Cantabria. No extremo oposto, Madrid, xunto con Cataluña, a C. Valenciana e o País Vasco presentan os valores máis elevados.

Atendendo aos tres grandes bloques mencionados, Galicia sitúase entre as CC.AA. que adolecen de menor

[1] Cobertura 5G, medida en termos de porcentaxe de áreas habitadas; [2] Empresas con acceso de banda ancha fixa por redes de cable e fibra óptica FTTH (% sobre o total de empresas con conexión de banda ancha fixa); [3] Empresas con acceso de banda ancha fixa con velocidade 1Gb/seg. ou superior (% sobre o total de empresas con conexión de banda ancha fixa); [4] Fogares con acceso de banda ancha fixa (% sobre o total de fogares); [5] Poboación con cobertura de banda ancha de 100 Mbps ou máis (%); [6] Empresas que proporcionaron actividades formativas en TIC aos seus empregados (% sobre o total de empresas); [7] Individuos con habilidades de comunicación avanzadas (% sobre o total de persoas); [8] Individuos con habilidades de resolución de problemas avanzadas (% sobre o total de persoas); [9] Individuos con habilidades dixitais por encima das básicas (% sobre o total de individuos); [10] Mulleres especialistas TIC por tipo (% sobre o total de persoal especialistas TIC); [11] Persoal especialista TIC sobre o total de persoal (% sobre o total de empresas); [12] Persoas que enviaron formularios cumplimentados para tratar coas AA.PP. a través de Internet (% sobre o total de persoas); [13] Empresas que utilizan Medios Sociais (% sobre as empresas que teñen acceso a Internet); [14] Persoas que mercaran a través de Internet nos últimos 3 meses (% sobre o total de persoas); [15] Empresas que analizaron Big Data (% sobre o total de empresas); [16] Empresas que utilizan páxinas web para realización de pedidos ou reservas online (% sobre empresas que teñen acceso a Internet e páxina web).

Competitividade e dixitalización



Fonte: Consejo General de Economistas, *Informe de la Competitividad Regional en España 2022*

1.1.21.

conectividade e cun uso das ferramentas TIC máis reducido. Asemade, Galicia presenta un nivel baixo de dixitalización en dez dos dezaseis indicadores considerados, presentando tan só seis variables un valor medio: cobertura 5G, empresas con acceso de banda ancha fixa con velocidade igual ou superior a 1 Gb/seg, porcentaxe de mulleres especialistas TIC, empresas que empregan medios sociais, persoas que mercaron por internet e empresas que analizaron Big Data.

A modo de conclusión, o **gráfico 1.1.21.** reflicte a relación positiva e significativa entre competitividade e dixitalización.

Xunto aos devanditos índices sintéticos, cómpre facer referencia ás pancas dinámicas de competitividade, entendidas como aquelas que inciden no nivel de competitividade para o benestar, e que son elementos sobre os que hai máis marxe de manioobra de actuación e cuxa combinación afecta aos resultados económicos empresariais do territorio e ao benestar presente e futuro das persoas. Os **cadros 1.1.22.** e **1.1.23.** reflicten as principais variables relativas ao capital humano e ao coñecemento.

Dunha banda, Galicia presenta valores superiores á media estatal no caso do número de médicos por cada dez mil habitantes (8ª Comunidade Autónoma con maior número), poboación de 25-34 anos con educación secundaria ou terciaria (7ª C.A.) e taxas de ocupa-

ción feminina e de ocupación de persoas de 55-64 anos (9ª C.A.). No extremo oposto, a taxa de desemprego xuvenil en Galicia é superior á rexistrada no conxunto de España, sendo a sexta Comunidade Autónoma coa taxa máis elevada.

Por contra, Galicia non presenta unha boa posición relativa respecto ao conxunto do Estado, especialmente no que a patentes se refire. Dunha banda, tanto o esforzo investidor como o peso relativo do gasto empresarial presenta un nivel inferior á media española, situándose como a oitava e novena C.A. cos valores máis elevados. Doutra, os indicadores de patentes sitúanse significativamente por baixo da media estatal, ocupando o undécimo posto no *ranking* de CC.AA., o décimo quinto no caso das patentes por investigador no sector privado e o décimo sexto no que ás patentes con colaboración estranxeira se refire.

Panorama económico da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

A análise da Eurorrexión parte da análise do mencionado índice sintético de competitividade rexional (ICR 2.0) elaborado pola Comisión Europea, e a continuación considéranse os datos recollidos no panel de competitividade elaborado por *Orkestra, Instituto Vasco da Competitividade*, observando os datos correspondentes a Galicia e ao Norte de Portugal, así como a súa posición relativa no conxunto das rexións europeas analizadas.

Indicadores de competitividade: palancas dinámicas, capital humano

	Médicos	Formación		Mercado de traballo			
		Pob. 25-34 con educación secundaria ou terciaria		Taxa Ocupación 16-64 anos	Taxa ocup. Feminino 16-64 anos	Taxa ocup. 55-64 anos	Taxa paro xuvenil
	2021 (médicos / 100.000 hab)	2021 (% poboación 25-34 anos)	2021 (% mulleres 25-34 anos)	2022	2022	2021	2022
				(%)			
Andalucía	368,0	65,8	54,2	57,5	50,6	46,5	35,4
Aragón	576,3	79,1	52,1	70,6	65,3	61,0	23,9
Asturias	418,1	79,5	50,6	61,7	57,2	51,5	36,4
Baleares	490,0	70,9	51,9	69,0	64,7	64,3	24,1
Canarias	447,0	71,4	55,2	59,5	55,8	47,1	44,6
Cantabria	595,3	76,7	53,4	65,9	60,5	56,1	25,8
Castela e León	438,6	70,5	52,4	68,0	64,0	59,0	26,6
Castela-A Mancha	277,0	65,8	53,5	64,2	55,0	54,2	32,7
Cataluña	468,7	74,9	52,6	70,3	66,7	60,2	24,0
C. Valenciana	450,7	69,5	54,5	65,0	60,2	54,5	28,6
Extremadura	370,4	62,7	54,6	59,6	52,7	47,1	39,6
Galicia	463,7	76,0	53,3	65,4	62,6	56,2	32,4
Madrid	569,6	78,6	53,8	70,4	66,2	63,0	29,3
Murcia	423,1	64,0	50,1	63,5	56,9	57,9	28,9
Navarra	640,7	85,4	52,1	68,9	65,0	62,1	22,4
País Vasco	560,4	84,6	50,7	69,7	66,3	60,1	25,9
A Ríoxa	327,0	69,3	53,2	70,5	66,7	60,9	26,4
Ceuta	871,7	62,0	53,3	51,9	42,2	68,2	43,5
Melilla		58,8	51,1	56,3	48,0	53,8	52,1
Total	458,0	72,3	53,3	65,4	60,5	55,8	29,7

Fonte: Elaboración propia a partir de INE, EPA; Orkestra, Instituto vasco de competitividad, Panel de indicadores de competitividad

1.1.22.

Indicadores de competitividade: palancas dinámicas, coñecemento

	Gasto I+D		Emprego		Patentes (promedio trienal)		
	Esfuerzo investigador	Sector empresarial	Manufacturas media e alta tecnoloxía	Servizos intensivos en coñecemento	Nº patentes	Patentes por investigador S. Empresarial	Patentes colaboración estranxeira
	2021 (% PIB)	2021 (% gasto total)	2021	2021	2020 (patentes PCT / millón hab)	2020 (patentes / mil investigadores empresa -EDP)	2020 (% total patentes)
				(%)			
Andalucía	1,1	36,3	1,9	35,2	13,8	33,5	10,7
Aragón	1,0	56,0	7,6	35,7	41,1	39,5	5,6
Asturias	0,9	53,6	2,6	40,3	33,4	39,6	7,8
Baleares	0,5	37,0	0,3	33,8	9,8	44,9	5,4
Canarias	0,6	20,2	0,8	37,3	7,6	46,4	12,5
Cantabria	0,9	37,5	3,7	36,4	26,6	49,4	8,0
Castela e León	1,4	63,3	4,3	36,9	15,5	17,3	6,4
Castela-A Mancha	0,7	57,1	2,4	34,0	8,1	27,0	9,0
Cataluña	1,7	60,0	6,5	39,2	67,9	39,9	13,2
C. Valenciana	1,2	46,2	3,9	34,4	31,4	36,3	8,8
Extremadura	0,6	28,8	1,1	39,1	5,0	19,2	3,8
Galicia	1,1	50,8	4,1	36,0	17,4	17,5	5,2
Madrid	2,0	57,6	3,5	47,9	42,0	19,9	15,5
Murcia	1,2	48,4	2,3	30,0	20,5	32,9	5,4
Navarra	1,9	67,5	11,4	34,7	50,4	27,7	8,4
País Vasco	2,1	77,4	9,4	40,4	46,3	11,6	8,1
A Ríoxa	0,8	42,2	3,5	31,2	20,4	31,6	11,4
Ceuta	0,1			59,2			
Melilla	0,1			65,9			
Total	1,4	55,6	4,0	38,3	31,6	27,2	11,4

Fonte: Elaboración propia a partir de INE, EPA; Orkestra, Instituto vasco de competitividad, Panel de indicadores de competitividad

1.1.23.

Índice de competitividade rexional (ICR) Galicia-Norte de Portugal: 2016-22. Desagregación segundo subíndice

	Galicia						Rexión Norte de Portugal					
	Ranking			Valores			Ranking			Valores		
	2016 (229 rex.)	2019 (233 rex.)	2022 (234 rex.)	2016 (Unión Europea = 100)	2019 (Unión Europea = 100)	2022 (Unión Europea = 100)	2016 (229 rex.)	2019 (233 rex.)	2022 (234 rex.)	2016 (Unión Europea = 100)	2019 (Unión Europea = 100)	2022 (Unión Europea = 100)
Índice Competitividade Rexional 2.0	143	163	149	82,8	80,6	87,9	164	173	135	75,8	78,0	92,0
Subíndice básico	157	138	144	87,4	91,1	93,2	161	135	127	86,3	92,9	96,4
Pilar institucional	151	146	137	82,0	87,1	94,3	127	123	141	95,6	99,8	92,6
Pilar macroeconómico	188	194	174	66,8	71,9	78,1	205	214	159	53,9	56,0	83,3
Pilar infraestruturas	171	121	119	26,9	83,0	83,5	159	94	96	37,3	93,6	91,5
Pilar Saúde	56	58	59	113,5	111,7	111,5	136	121	121	103,9	103,3	102,1
Pilar Educación Básica	96	139	149	108,0	95,1	92,5	89	93	106	110,2	113,3	108,2
Subíndice de eficiencia	159	183	169	81,1	73,3	81,8	181	201	164	68,3	66,9	83,0
Educación superior e formación continua	133	166	136	91,2	84,7	97,1	196	222	177	60,0	56,2	85,0
Mercado de traballo	163	204	183	89,5	74,9	85,9	179	187	148	84,5	86,5	95,9
Tamaño de mercado	156	159	163	52,2	52,8	46,1	165	169	151	50,1	48,6	52,5
Subíndice de innovación	147	149	130	79,0	83,4	94,7	164	162	100	70,8	76,7	102,5
Capacitación tecnolóxica	141	142	55	91,7	91,3	123,8	150	155	131	85,7	80,6	98,4
Sofisticación empresarial	161	169	171	73,5	69,9	75,9	172	154	101	67,4	78,4	102,8
Innovación	151	136	155	65,0	86,1	76,5	177	175	82	51,2	69,9	107,5

Fonte: Elaboración propia a partir de Comisión Europea, Índice de Competitividade Rexional 2.0

1.1.24.

No que atinxe ao ICR 2.0, o **cadro 1.1.24.** reflicte que Galicia presenta en 2022 unha peor posición relativa que o norte de Portugal, o que contrasta co acontecido en 2016 e 2019. Asemade, as dúas rexións presentan unha evolución dispar entre 2016 e 2022 tendo en conta que mentres que Galicia retrocede seis posicións entre os dous anos mencionados, a rexión norte de Portugal pasa dende o posto 164 ata o 135 no último ano.

Atendendo á evolución dos distintos pilares cómpre resaltar catro aspectos. Dunha banda, no ámbito do subíndice básico, o pilar de saúde presenta tanto no norte de Portugal, como en maior medida en Galicia unha competitividade superior á media das rexións analizadas, situándose no posto 121 e 59, respectivamente. Asemade, os datos presentan unha perda de competitividade no pilar da educación básica, moito máis acusada na C.A. de Galicia, que en 2016 presentaba un valor de 108 (Europa=100) fronte ao 92,5 de 2022. Doutra banda, no ámbito do subíndice da innovación, Galicia presenta unha significativa mellora no concenrente á capacitación tecnolóxica, situándoa no posto 55 en 2022 (supera o 140 tanto en 2016 como en 2019), o que contrasta co comportamento da sofisticación empresarial e innovación, onde a rexión norte de Portugal presenta en 2022 unha competitividade supe-

rrior á Unión Europea (os índices acadan un valor de 102,8 e 107,5, respectivamente), fronte ao retroceso nas posicións relativas de Galicia.

No concenrente ao panel de indicadores publicado polo Instituto Vasco de Competitividade, as distintas variables consideradas agrúpanse en catro grandes dimensións:

- Resultados de benestar, dado que a competitividade dun territorio se reflicte nos resultados de benestar que é capaz de xerar;
- Resultados económico-empresariais;
- Pancas dinámicas;
- Contexto estrutural.

Comezando por esta última dimensión, que inclúe as características propias do territorio e que permanecen relativamente estables no tempo, a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ocupa unha superficie de 50.862 quilómetros cadrados e conta cunha poboación de 6.263.250 habitantes a 1 de xaneiro de 2021, 14.680 persoas menos que no ano anterior, o que implica unha densidade media de 123,1 habitantes por quilómetro cadrado. En relación á UE-27, a Eurorrexión representa o 1,1% da súa superficie, situándose o peso relativo da súa poboación no 1,4%.

Indicadores de competitividade: Contexto estrutural e resultados económico-empresariais

Contexto estrutural

		Ano	Galicia		Norte de Portugal		UE-27
			Valor	Rk	Valor	Rk	
Densidade de poboación	Habitantes/km2	2022	91,7	117 / 200	170,1	68 / 200	109,0
Taxa de natalidade	nacementos/1.000 habitantes	2020	5,6	198 / 200	7,5	155 / 200	9,1
Taxa de envellecemento	% maiores 65 sobre pob. total	2021	25,7	15 / 200	21,4	84 / 200	20,8
Poboación	millóns de habitantes	2021	2,7	48 / 200	3,6	35 / 200	447,2

Resultados económico-empresariais (1)

		Ano	Galicia		Norte de Portugal		UE-27
			Valor	Rk	Valor	Rk	
PIB per capita	PPA - euros	2021	24.900	117 / 200	21.200	149 / 200	32.447
Produtividade hora traballada	euros / hora	2020	31,8	108 / 200	17,4	146 / 200	37,8
Produtividade hora traballada. Sector manufactureira	euros / hora	2020	35,3	104 / 200	15,5	160 / 200	41,7
Custo laboral unitario	% por persoa ocupada	2020	60,4	137 / 200	62,9	76 / 200	63,4
Custo laboral unitario. Manufacturas	% por persoa ocupada	2020	58,0	111 / 200	62,7	71 / 200	59,6

(consulta 06-06-2023)

(1) Os datos de produtividade e custo laboral unitario para a rexión Norte de Portugal corresponden ao ano 2019.

Fonte: Orkestra, Instituto vasco de competitividad, Panel de indicadores de competitividad

1.1.25.a.

En termos relativos, a taxas de natalidade en Galicia descende ata os 5,6 nacementos por cada mil habitantes en 2020 e ata os 7,5 nacementos na rexión norte de Portugal, indicador que se sitúa lonxe da media europea (9,1 nacementos por cada mil habitantes), e a taxa de envellecementos aumenta en 2021 ata os 25,7 maiores de 65 anos por cada cen habitantes en Galicia e 21,4% no norte de Portugal (20,8% na UE-27). Comparado coas 200 rexións europeas analizadas, estes valores sitúan a Galicia como a terceira rexión coa taxa máis reducida (posto 198) e a décimo quinta coa taxa de envellecemento máis elevada (15 e 84, respectivamente, no norte de Portugal).

No que á dimensión do desempeño económico e empresarial se refire, que reflicte os resultados da actividade empresarial e do conxunto do sistema económico dun territorio, o PIB por habitante da Eurorrexión en 2021 representa o 70,2% dos 27 países da UE, porcentaxe case punto e medio inferior á rexistrada no ano anterior. Como se desprende do **cadro 1.1.25.(a)**, existe unha importante diferenza entre Galicia e a rexión Norte de Portugal, acadando este indicador os 76,7

puntos en Galicia (UE-27=100) fronte aos 65,3 puntos no norte de Portugal, valores que sitúan á Comunidade Autónoma no posto 117 das 200 rexións consideradas, fronte ao 149 no caso da rexión portuguesa.

Galicia presenta unha produtividade por hora traballada superior á do Norte de Portugal, se ben esta se sitúa lonxe da media comunitaria. Dunha banda, a produtividade por hora ascende en Galicia ata os 31,8 euros, o que supón un 15,9% inferior á media europea (37,8 euros), fronte aos 17,4 euros no caso da rexión norte de Portugal. Doutra banda, a produtividade no sector manufactureiro ascende en Galicia a 35,3 euros, un 15,3% inferior á da Unión Europea (41,7 euros) cando no norte de Portugal se sitúa en 15,5 euros por hora traballada.

No concernente aos indicadores de rendibilidade empresarial, o CLU, entendido como a relación entre a remuneración por persoa ocupada e a produtividade, sitúase en Galicia por baixo do rexistrado non só na rexión norte de Portugal senón tamén na UE-27. Así, o CLU aumenta no ano 2019 ata o 60,4% por persoa ocu-

Indicadores de competitividade: palancas dinámicas

		Ano	Galicia		Norte de Portugal		UE-27
			Valor	Rk	Valor	Rk	
Capital natural							
Patentes PCT verdes (promedio trienal)	% total patentes	2019	3,9	82 / 189	1,5	152 / 189	4,1
Capital físico							
Formación bruta de capital	% sobre PIB	2019	19,4	120 / 200	19,1	129 / 200	22,2
Coñecemento							
Gasto total I+D	% PIB	2021	1,1	105 / 181	1,9	53 / 181	2,3
Gasto en I+D empresarial	% gasto I+D total	2020	50,8	104 / 164	59,8	93 / 164	65,8
Emprego manufacturas tecnoloxía alta e medio-alta	% emprego total	2021	4,1	107 / 181	4,4	96 / 181	6,1
Emprego en servizos intensivos en coñecemento	% emprego total	2021	36,0	122 / 199	35,1	127 / 199	40,7
Publicacións (WoS)	publicacións por millóns de habitantes	2021	2.599	82 / 201	6.711	19 / 201	2.433
Patentes PCT por millón habitantes (promedio trienal)	patentes / M. hab.	2020	17,4	113 / 195	25,0	98 / 195	83,1
Patentes PCT por investigador I+D del sector empresarial (promedio trienal)	patentes / 1.000 investigadores empresa	2020	17,5	86 / 179	12,9	107 / 179	36,9
Patentes PCT con colaboración estranxeira (promedio trienal)	% patentes	2020	5,2	152 / 175	11,7	91 / 175	11,0
Persoas que realizaron compras online no último ano	% persoas 16-74 anos	2021	64,4	104 / 200	46,0	175 / 200	67,0
Capital humano							
Médicos por cada cen mil habitantes	Médicos por cada cen mil habitantes	2021	463,7	44 / 194	561,0	21 / 194	397,1
Poboación 25-34 anos con educación secundaria e terciaria	% poboación 25-34 anos	2021	76,0	171 / 199	83,9	132 / 199	85,2
Mulleres de 25-34 anos con educación secundaria e terciaria	% poboación 25-34 anos con educación secundaria e terciaria	2021	53,3	18 / 198	52,7	23 / 198	50,2
Taxa de emprego	% poboación 15-64 anos	2021	63,5	150 / 201	70,0	88 / 201	68,4
Taxa emprego mulleres	% pob. feminina 15-64 anos	2021	59,8	139 / 199	66,5	86 / 199	63,4
Taxa de desemprego xuvenil (15-24 anos)	% poboación activa 15-24 anos	2021	32,2	32 / 161	23,3	61 / 161	16,6
Taxa de emprego poboación 55-64 anos	% poboación 55-64 anos	2021	56,2	125 / 199	60,6	89 / 199	60,5
Capital social e institucional							
Participación en eleccións xerais	% votantes rexistrados que votan	2019	66,6	116 / 188	56,5	163 / 188	71,4

Fonte: Orkestra, Instituto vasco de competitividad, Panel de indicadores de competitividad

1.1.25.b.

pada, porcentaxe que se sitúa no 62,9% na rexión norte de Portugal e no 63,4% de media no conxunto da Unión Europea. No caso do sector manufactureiro tan só Galicia presenta un custo laboral inferior á media comunitaria (58% e 59,6%, respectivamente), o que contrasta co norte de Portugal, que acada o 62,7%. Comparado co resto das rexións europeas cómpre salientar que a rexión portuguesa sitúase como a rexión 76 cos CLU máis elevados (71 co caso do sector manufactureiro) situándose Galicia nunha posición relativa significativamente mellor (137 e 111, respectivamente).

O **cadro 1.1.25.(b)**. recolle ás pancas dinámicas que inciden no nivel de competitividade para o benestar, distinguindo entre capital natural, capital físico, coñecemento, capital humano e por último, capital social e institucional. Inclúe aqueles elementos sobre os que hai maior marxe de actuación e cuxa combinación afecta tanto aos devanditos resultados económico-empresariais e ao benestar da cidadanía.

Con carácter xeral, as dúas rexións non presentan unha boa posición relativa en relación ao conxunto das re-

xións europeas consideradas. Entre os aspectos positivos cómpre salientar en primeiro lugar, a porcentaxe de mulleres de 25 a 34 anos con educación secundaria e terciaria, que en Galicia ascende a 53,3% e no norte de Portugal a 52,7% (50,2%), o que as sitúa entre as rexións europeas cos valores máis elevados (posto 18 e 23, respectivamente). Xunto a este indicador sobresaí o feito de que tanto Galicia como en maior medida o norte de Portugal presentan unha relación do número de médicos por cada cen mil habitantes superior á do conxunto das rexións analizadas. En concreto, Galicia conta con 463,7 médicos por cada cen mil habitantes e o norte de Portugal con 561, o que as sitúa no posto 44 e 21, respectivamente.

No ámbito do emprego cómpre mencionar que a rexión portuguesa presenta taxas de ocupación e desemprego mellores que en Galicia, situándose as taxas de ocupación da poboación de 16 a 64 anos no norte de Portugal por riba da media europea. Como se aprecia no devandito **cadro 1.1.25.(b)**., as taxas de ocupación no norte de Portugal ascenden ata o 70% fronte ao 63,5% en Galicia (postos 88 e 159 das 201 rexións europeas analizadas), situándose no 68,4% a media eu-

Indicadores de competitividade: Resultados de benestar

		Ano	Galicia		Norte de Portugal		UE-27
			Valor	Rk	Valor	Rk	
Vida material							
Renda dispoñible per capita	PPA - euros	2019	15.300	108 / 199	12.700	147 / 199	17.100
Persoas en risco pobreza ou exclusión social (AROPE)	% poboación total	2021	25,2	146 / 196	25,8	150 / 196	21,7
Emprego							
Taxa desemprego (15-74 anos)	% sobre poboación activa 15-74 anos	2021	11,7	163 / 197	6,6	104 / 197	7,0
Taxa desemprego feminino (15-74 anos)	% sobre poboación activa feminina 15-74 anos	2021	12,8	154 / 191	7,5	111 / 191	7,4
Aprendizaxe							
Poboación 25-64 anos que participa formación continua	% poboación 25-64 anos	2022	15,9	46 / 200	12,3	84 / 200	11,9
Poboación 25-64 anos con educación secundaria alta ou terciaria	% poboación 25-64 anos	2021	63,9	173 / 199	54,1	191 / 199	79,3
Saúde							
Esperanza de vida ao nacer	anos	2021	83,4	14 / 200	82,7	41 / 199	80,1
Medioambiente							
Contaminación do aire en PM2.5	nivel medio µg/m3 experimentrado pola poboación	2019	8,8	34 / 201	6,9	17 / 201	11,8

Fonte: Orkestra, Instituto vasco de competitividad, Panel de indicadores de competitividad

1.1.25.c

ropea. No que atinxe ao emprego feminino, o 66,5% das mulleres de 16-64 anos está ocupadas no norte de Portugal fronte ao 59,8% na Comunidade Autónoma (63,4% no conxunto das 199 rexións analizadas). En relación ao resto das rexións analizadas, a ocupación feminina galega sitúase como a 139 taxa máis elevada, e a rexión portuguesa ocupa o posto 86 de 199 rexións europeas.

No que ao coñecemento se refire, o gasto total en I+D en relación ao PIB e o peso relativo do gasto empresarial sitúase na Eurorrexión significativamente por baixo do conxunto da UE, presentando en ambos os dous parámetros a rexión norte de Portugal unha mellor situación relativa. Dunha banda, o esforzo investidor en Galicia é do 1,1% do PIB fronte ao 1,9% no norte de Portugal e o 2,3% na Unión Europea. Comparado co resto das 181 rexións europeas analizadas, Galicia sitúase no posto 105 fronte ao 53 no caso portugués. Doutra banda, o gasto empresarial en actividades de I+D representa en Galicia o 50,8% do gasto total, quince puntos menos que na UE, o que a sitúa como a rexión 104 de 184 analizadas con maior porcentaxe, acadando o 59,8% no norte de Portugal (posto 93).

Asemade, no que ás patentes se refire, tanto no caso do número de patentes por millón de habitantes como patentes por investigador en actividades de I+D no sector privado, a Eurorrexión está moi lonxe da media europea. En concreto, Galicia conta con 17,4

patentes por millón de habitantes (posto 113 de 195 rexións consideradas) fronte ás 25 do norte de Portugal (posto 98) cando en Europa este indicador supera as 83 patentes. Doutra banda, no caso das patentes no eido empresarial, Galicia ten 17,5 patentes por investigador I+D fronte ás 12,9 da rexión portuguesa e as 36,9 patentes na UE (postos 86 e 107 de 179 rexións europeas).

Por último cómpre facer referencia á dimensión de resultados de benestar, xa que a competitividade dun territorio se reflicte neses resultados que é capaz de xerar. O **cadro 1.1.25.(c)** recolle os cinco ámbitos nos que se divide esta dimensión: vida material, emprego, aprendizaxe, saúde e medioambiente. Como se mencionou anteriormente, Galicia presenta unha taxa de desemprego moito máis elevada que a rexión norte de Portugal e a media europea. Doutra banda, cómpre mencionar que Galicia é a décimo cuarta rexión con maior esperanza de vida ao nacer (83,4 anos), presentando a UE unha esperanza de vida de 80,1 anos e o norte de Portugal, 82,7 anos (posto 41 de 199 rexións analizadas). Asemade cómpre destacar a boa posición relativa de Galicia no ámbito da poboación de 25-64 anos que participa na formación continua, onde o 15,9% desta poboación participa nestas actividades (posto 46 de 200 rexións) fronte aos 11,9% da UE e os 12,3% do norte de Portugal. □

1.2. Indicadores macroeconómicos de Galicia

Ao igual que nas economías do noso entorno, a economía galega presenta unha significativa ralentización no ritmo de crecemento do PIB no segundo semestre do ano, estimándose para o conxunto do ano 2022 unha medra interanual do 3,8%, case dous puntos inferior ao estimado para o conxunto da economía española (5,5%). Con todo, tras sete trimestres consecutivos con taxas positivas de crecemento, o PIB real en Galicia acada no cuarto trimestre do ano o nivel existente no cuarto trimestre de 2019, o que contrasta co acontecido no conxunto de España, que se atopa seis décimas por baixo.

O devandito incremento agregado da actividade económica en Galicia baséase fundamentalmente nunha achega positiva da demanda externa, que aporta 3,7 puntos fronte a tan só unha décima no caso da demanda interna, o que contrasta co acontecido no conxunto do Estado quen presenta un crecemento máis equilibrado. En España, a demanda externa e interna contribúen con 3,1 e 2,4 puntos, respectivamente.

Entre os principais compoñentes da demanda interna salienta o comportamento positivo do investimento, cunha medra interanual do 1,4%, o que contrasta coa

contracción do gasto en consumo final (-0,1%), impulsado pola caída do consumo público (-3,6%) e unha importante ralentización do gasto privado (1,3%). Dende o punto de vista sectorial, o sector servizos mantense como o de maior dinamismo (5,8%) impulsado polo comportamento das actividades do comercio, transporte e hostalería, o que contrasta coa contracción da industria e da industria manufacturera (-2% e -0,5%, respectivamente). Asemade, a construción medra un 0,7% e o sector primario, un 0,6%.

No concernente á distribución das rendas, o incremento do 8,8% do PIB nominal a prezos correntes tradúcese nunha medra do 3,6% na remuneración dos asalariados (RA) e do 15,7% no caso do Excedente bruto de explotación/Renda mixta bruta (EBE/RMB). Como consecuencia desta desigual intensidade de crecemento, a participación dos asalariados na renda desce no último ano ata o 44%, máis de dous puntos inferior que no mesmo período do ano anterior, en tanto que o peso relativo do EBE/RMB aumenta ata o 47,7% (44,9% no ano precedente).

A pesar da devandita ralentización do ritmo de crece-

mento do PIB, o mercado de traballo galego presenta datos agregados positivos atendendo á mellora tanto da participación das persoas no mercado laboral como na ocupación (taxas de actividade e de emprego) ademais da redución da taxa de paro. Estes datos teñen que ser matizados tendo en conta que Galicia mantense entre as CC.AA. con menores taxas de actividade (tan só supera a Asturias) e ocupación (a cuarta con menor taxa), ocupando unha posición intermedia a taxa de paro. Consecuencia da posta en marcha da reforma laboral aprobada en decembro de 2021, redúcese a temporalidade, situándose Galicia como a quinta Comunidade Autónoma con menor temporalidade.

O conxunto do ano 2022 caracterizouse por unha moderación no ritmo de crecemento do índice xeral de prezos ao consumo (IPC) tanto en Galicia como en España ao presentar no mes de decembro unha medra interanual do 6,4% e 5,7%, respectivamente. No ano anterior esta medra ascendía a 6,7% en Galicia e 6,4% no conxunto do Estado, as taxas máis elevadas dos últimos 20 anos. Non obstante, a pesar da devandita moderación, tanto en Galicia como no conxunto do Estado o IPC presenta unha forte tendencia alcista ata o verán, cando a inflación superou o 10% en España e o 11% na Comunidade Autónoma.

Por último, faise especial mención ao Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 no que se recollen as prioridades e os grandes desafíos aos que se vai enfrontar Galicia, fundamentalmente o envellecemento da poboación, o cambio climático e a transformación dixital. Tendo en conta os principais obxectivos da Política Europea de Cohesión, os 17 obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, elaborada por Nacións Unidas, e o Piar Europeo de Dereitos sociais, o PEG estruturase en cinco grandes eixos, 21 prioridades de actuación e 70 obxectivos estratéxicos.

Análise do PIB

A economía galega, ao igual que a meirande parte dos países do noso entorno, presenta no ano 2022 unha importante moderación no seu ritmo de crecemento,

mantendo ao mesmo tempo unha taxa de variación interanual inferior á media española. As Contas económicas trimestrais de Galicia reflicten que a actividade económica medrou no último ano un 3,8%, o que supón un diferencial de case dous puntos respecto ao conxunto do Estado (5,5%). Cómpre mencionar que este incremento interanual é superior ao estimado para a UE-27 e a zona euro (3,5%).


Tras sete trimestres consecutivos con taxas positivas de crecemento, o PIB real en Galicia acada no cuarto trimestre do ano o nivel existente no mesmo período de 2019, o que contrasta co acontecido no conxunto de España (seis décimas por baixo do nivel anterior ao comezo da crise orixinada pola pandemia).

O incremento da actividade económica en Galicia ven motivado case na súa totalidade por unha achega positiva da demanda externa, o que contrasta co acontecido no conxunto do Estado quen presenta un crecemento máis equilibrado. Dunha banda, a demanda externa achega 3,7 puntos porcentuais ao crecemento agregado do PIB galego cando na economía española é de 3,1 puntos. Por contra, a demanda interna aporta tan só unha décima fronte aos 2,4 puntos en España. Como reflicte o cadro macroeconómico de Galicia, no segundo semestre do ano a demanda interna detrae máis dun punto ao crecemento agregado do PIB; en concreto, 1,2 puntos no terceiro trimestre do ano e 1 punto no derradeiro.

No que respecta á demanda interna, o gasto en consumo final contráese no ano 2022 un 0,1% por mor do comportamento do gasto en consumo das administracións públicas, que se contrae un 3,6%, ralentizándose significativamente o crecemento do consumo privado (1,3%). Por contra, o investimento presenta unha medra interanual do 1,4%, catro décimas máis que no ano precedente.

En comparación coa evolución destes indicadores na economía española, todos os compoñentes da demanda presentan un peor comportamento. Dunha banda, o diferencial de 1,7 puntos no ritmo de crecemento do PIB ven motivado tanto polo desigual com-

PIB, achega da demanda interna e sector exterior 2008-22



(1) PIBpm; datos corregidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 24-02-2023)

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia*.

1.2.1.

PIB 2019-22: distribución segundo as súas compoñentes (1)


	2019	2020	2021	2022	2021				2022			
					I	II	III	IV	I	II	III	IV
					(taxas de variación interanual)							
Gasto en consumo final	-1,3	-6,9	3,8	-0,1	-0,8	13,7	1,6	1,9	2,6	0,6	-2,1	-1,4
Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-2,2	-10,4	4,2	1,3	-2,6	16,9	0,7	3,9	4,4	2,9	-0,6	-1,4
Gasto en consumo final das AA.PP.	1,4	3,3	2,6	-3,6	3,8	6,3	3,8	-3,1	-2,0	-5,1	-5,9	-1,5
Formación bruta de capital fixo	3,9	-12,8	1,0	1,4	-3,5	16,1	-3,5	-2,6	-0,9	2,2	3,2	1,2
Demanda interna (2)	-0,4	-7,8	3,3	0,1	-1,3	13,8	0,7	1,1	2,0	0,8	-1,2	-1,0
Exportacións de bens e servizos	-0,1	-4,3	10,8	5,0	6,5	37,5	0,8	5,7	4,7	9,5	7,1	-0,9
Importacións de bens e servizos	-3,1	-2,4	7,5	-1,4	9,0	35,3	-5,2	-0,9	-0,9	1,9	0,4	-6,7
PIB a prezos de mercado	1,1	-8,8	5,2	3,8	-2,3	15,3	4,2	5,0	5,3	5,3	2,7	2,2
VEB. Ramas agraria e pesqueira	6,3	-8,7	0,7	0,6	-0,6	0,3	0,5	2,8	1,3	1,6	-1,0	0,4
VEB. Ramas industriais	-7,0	-12,1	3,9	-2,0	0,0	24,4	-1,1	-2,8	-7,1	1,3	-2,1	0,0
VEB. Industria manufacturaira	-1,5	-11,6	6,3	-0,5	1,9	28,7	-0,9	1,3	0,8	4,2	-1,3	-5,3
VEB. Construción	2,1	-11,6	-1,6	0,7	-6,8	9,9	-4,6	-3,1	-0,8	1,5	1,1	1,0
VEB. Ramas dos servizos	2,9	-7,5	6,5	5,8	-2,3	15,2	6,3	7,9	9,1	7,1	4,5	3,0
Impostos netos sobre os produtos	1,0	-10,4	4,8	2,9	-2,7	12,0	4,5	6,3	6,0	4,2	1,1	0,5

(1) PIBpm (índices de volume encadenados); datos corregidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 24-2-2023)

(2) Demanda interna en termos nacionais

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia*.

1.2.2.

PIB real en Galicia e España 2022. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual


Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia, e INE.

1.2.3.

portamento do consumo final, que medra un 3% en España (-0,1% e Galicia) como polo maior dinamismo do investimento, cunha medra interanual de 4,6%, máis de tres puntos por riba do experimentado en Galicia. No ámbito do consumo, cómpre mencionar o maior dinamismo do consumo privado en España, cunha medra do 4,4%; sendo a contracción do gasto das administracións públicas significativamente máis intensa en Galicia (-3,6% fronte ao -0,7% en España).

Os principais indicadores de consumo recollidos no **cadro 1.2.4.** mostran a devandita ralentización do crecemento do PIB. Así, o índice de vendas do comercio polo miúdo (prezos constantes) contráese un 1,6% respecto ao ano anterior; o índice de produción de bens de consumo presenta unha taxa de variación interanual do 1,4% (21,6% no ano anterior); ou a ocupación hoteleira no ano 2022 aumenta un 22,5% respecto ao ano anterior, case a metade do estimado en 2021. Asemade, o gasto en consumo das administracións públicas contráese ao longo de todo o ano, situándose no conxunto de 2022 no -3,6%. Por contra, fronte á devandita evolución negativa cómpre resaltar o dinamismo das importacións de bens de consumo, que medran un 59,2% respecto ao ano anterior, o que contrasta coa

contracción experimentada no caso do consumo duradeiro, cunha caída do 9,9% na Comunidade Autónoma.

En relación ao investimento, e en concreto ao investimento en bens de equipo, é dicir, os utilizados como medios de produción no proceso produtivo de bens e servizos, os datos de variación media anual do índice de produción industrial reflicten unha medra interanual do 3,4% no ano 2022 (-0,8% no ano anterior). Fronte a este incremento, a licitación pública total contráese en Galicia no último ano un 6,6%, o que contrasta coa medra superior ao 20% en España, contracción que se produce polo comportamento da Administración Xeral do Estado.

No concernente aos compoñentes da demanda externa, cuxa achega ao crecemento agregado do PIB é de tan só unha décima, as exportacións medraron segundo o estimado nas contas económicas de Galicia un 5% respecto ao ano anterior, o que contrasta coa contracción das importacións nun 1,4%. No conxunto do Estado a taxa de crecemento das exportacións e das importacións (dato da Contabilidade Nacional Trimestral de España) ascende ata o 14,4% e 7,9%, respectivamente.

Consumo e investimento en Galicia e España 2019-22: principais indicadores

		Galicia				España			
		2019	2020	2021	2022	2019	2020	2021	2022
(taxas de variación interanual)									
Consumo									
Índice de vendas do comercio polo miúdo	(prezos correntes)	1,8	-3,7	7,2	10,3	2,5	-7,9	8,5	12,5
Índice de vendas do comercio polo miúdo	(prezos constantes)	1,9	-2,5	1,8	-1,5	2,4	-6,8	3,2	0,7
Produción de bens de consumo		6,0	-10,0	21,6	1,9	1,5	-7,1	7,7	3,5
Produción de bens de consumo duradeiro		3,6	-17,3	60,8	11,9	-1,1	-13,5	18,0	2,7
Produción de bens de consumo non duradeiro		6,2	-9,6	19,4	1,1	1,7	-6,5	6,9	3,6
Importación de bens de consumo		16,5	-11,6	13,6	59,2	5,4	-11,0	15,1	22,8
Ocupación hoteleira		37,9	-50,9	57,9	32,3	13,8	-54,7	40,2	48,9
Gasto de Administracións Públicas		1,4	3,3	2,6	-3,6	1,9	3,5	2,9	-0,7
Investimento									
Produción de bens de equipo (índice de produción industrial)		5,4	-9,0	-0,8	3,4	2,5	-15,5	6,5	5,8
Importacións de bens de equipo		15,8	2,7	15,0	23,2	3,9	-8,5	14,9	24,4
Licitación pública									
Total		-11,9	24,8	75,8	-6,6	9,7	-20,5	68,3	23,4
Administración Xeral do Estado		-10,3	-3,5	184,9	-33,1	17,4	-48,5	152,6	1,7
Administración autonómica		-9,6	84,0	28,1	19,8	43,7	-16,1	41,4	45,4
Administracións local		-15,1	-3,3	45,4	7,3	-16,3	5,7	46,6	25,7

(1) presentan valores que oscilan entre -100 e +100, sendo os resultados máis optimistas tanto para o momento actual como para o futuro os que máis se acerquen ao punto máximo

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, INE, ICEX e Seopan

1.2.4.

En termos monetarios, as vendas fóra de Galicia ascenden a 45.093,3 millóns de euros no último ano, en tanto que as importacións acadan un valor de 41.383,4 millóns de euros. Deste xeito, a balanza comercial galega aumenta o seu saldo positivo ata os 3.710,2 millóns de euros, un 60,2% superior ao superávit rexistrado no mesmo período do ano anterior (1.393,8 millóns máis).


A información proporcionada pola Axencia Estatal da Administración Tributaria indica que o valor total das exportacións declaradas presentan unha medra do 23,5% respecto ao ano anterior, situándose esta porcentaxe en torno ao 35% no caso das importacións. Dunha banda, as exportacións ascenden a 29.893 millóns de euros, consecuencia tanto da medra de vendas a países da zona euro (29,6%) como en menor medida das expedicións galegas ao resto do mundo (13,7%). Doutra banda, o valor total das importacións/introducións acadou os 27.189,7 millóns de euros, un 34,7% máis que no ano anterior, resultado dunha medra das compras na zona euro (16%) e sobre todo no resto de países (52,4%).

Analizando o comercio internacional en función do tipo de ben, o 56% do valor total das vendas galegas ao exterior no devandito período corresponden a bens de consumo fronte ao 36,8% dos bens intermedios e un 7,1% aos bens de capital. No conxunto do Estado predomina o comercio de bens intermedios, que representa o 54,5% do valor das exportacións, seguido do 37,7% no caso dos bens de consumo. No que respecta ás importacións, tanto en Galicia como en España o destino máis importante é o dos bens intermedios, que representan o 67,9% do valor total das compras exteriores en Galicia fronte aos 28,2% das importacións de bens de consumo en Galicia (67,5% e 24,4% en España, respectivamente).

• Agregados da oferta

Dende o punto de vista sectorial, o crecemento do PIB en Galicia explícase en maior medida polo dinamismo do sector servizos, e en menor medida pola evolución da construción e o sector primario, o que contrasta coa contracción da industria. Comparado co reflectido no cadro macroeconómico da economía española, tan só

Produto Interior Bruto en Galicia e España 2022: distribución segundo principais compoñentes da oferta. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia, e INE.

1.2.5.

o sector primario presenta un mellor comportamento, destacando a medra da industria e da industria manufacturadora fronte á caída interanual na Comunidade Autónoma.

O sector servizos presenta unha taxa de variación interanual do 5,8% en Galicia, sete décimas inferior á rexistrada en España, impulsado polo crecemento interanual rexistrado polo subsector de comercio, transporte e hostalería, cunha medra do 17,4% (16,5% no caso da economía española). As actividades artísticas, recreativas e outros servizos, que fora un dos grandes sectores afectados pola crise orixinada pola pandemia, presenta unha medra interanual do 0,1%, cando en España esta taxa sitúase no 13,8%. Por contra, administración pública, sanidade e educación presenta en España unha contracción do 1,4%, presentando en Galicia un incremento interanual do 0,1%.

Ao mesmo tempo, cómpre mencionar a positiva evolución do sector da construción, que tras dous anos de contracción do VEB xerado, presenta unha medra inte-


ranual do 0,7%. As ramas agrarias e pesqueira presentan un incremento do 0,6% respecto ao ano anterior, o que contrasta coa contracción do 1,2% experimentada en España.

O sector industrial segue unha evolución dispar en Galicia e España. Fronte á caída interanual do 2% experimentada en Galicia no sector industrial considerado no seu conxunto, e do 0,5% no caso das ramas manufacturadoras, en España o valor engadido nestes sectores medra un 3,8% e 3%, respectivamente.

Tomando como referencia o ano 2019, tan só o sector servizos presenta en 2022 un nivel de actividade económica superior á existente antes da crise económica orixinada pola covid. Dunha banda, a actividade do sector terciario en termos reais é un 4,3% superior á estimada no conxunto do ano 2019; o que contrasta co sector da construción, que é un 12,4% inferior; a industria, que se sitúa un 10,6% por baixo do nivel previo á crise e o sector primario, que é un 7,5% inferior. Atendendo ás ramas de actividade cómpre mencionar que

Estrutura produtiva de Galicia 2008, 2019-2022

(% do VEB)



Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia.

1.2.6.

no ámbito dos servizos tan só as actividades financeiras e seguros, e en maior medida as actividades artísticas, recreativas e de entretemento están por baixo do nivel de 2019 (4,8 e 7,9 puntos, respectivamente). Por contra, as actividades de comercio, transporte e hostalería, a pesar da forte contracción estimada en 2020 (19,4%), superan o nivel de 2019 nun 8,7%. Así mesmo, o VEB xerado pola industria manufacteireira, tras a devandita contracción interanual de 2022, atópase un 6,5% por baixo do nivel de 2019.


Tal como se mostra no **gráfico 1.2.6.**, no concernente á estrutura produtiva da economía galega, os datos correspondentes ao ano 2022 reflicten o incremento do peso

relativo do valor engadido bruto xerado en Galicia polas actividades da comercio, transporte e hostalería, que concentran o 24,9% do total, 2,9 puntos máis que no ano anterior; seguidas cun 19,1% do total polo administración pública, sanidade e educación (20,2% no ano anterior); e a industria manufacteireira, cunha achega do 11,9% (12,3%). Asemade, a importancia relativa da construción descende ata o 6,1% do VEB galego e o das actividades do sector primario ata o 4,8% do total (6,7% e 4,8%, respectivamente, no ano anterior).

Se se compara a estrutura produtiva da economía galega no ano 2019 coa existente en 2022, cómpre resaltar que tan só o sector servizos presenta un nivel de

Asignación funcional da renda 2008-22 ⁽¹⁾

	Remuneración dos asalariados (2)	Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta (3)	Impostos netos sobre produción e importacións	PIB a prezos de mercado
(en millóns de euros)				
2008	27.392,4	26.928,3	4.679,6	59.000,3
2013	24.405,9	23.570,4	5.248,4	53.224,7
2019	28.913,3	28.632,7	6.211,9	63.757,8
2020	27.781,4	25.987,9	4.936,6	58.705,9
2021	29.240,3	28.383,3	5.623,9	63.247,5
2022	30.294,7	32.833,8	5.688,8	68.817,3



(1) PIBpm (prezos correntes); datos corregidos de efectos estacionais e de calendario. (consulta: 07-06-2023)

(2) Remuneración de asalariados: remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagregase en: soldos e salarios e cotizacións sociais a cargo dos empregadores.

(3) Excedente de explotación bruto/Renda mixta bruta: corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. No caso das empresas non constituídas en sociedades correspondentes ao sector fogares fábase de renda mixta. Este agregado contén un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou por membros da súa familia e que non pode distinguirse dos seus beneficios como empresario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia.

1.2.7.

actividade superior ao existente antes da crise orixinala pola pandemia (1,9 puntos superior), permanecendo practicamente estable o do sector industrial (unha décima menos). Por contra, o sector da construción presenta un forte descenso do seu peso no VEB (1,4 puntos menos) situándose esta caída en catro décimas no caso do sector primario. Entre as distintas ramas de actividade o devandito **cadro 1.2.6.** amosa a evolución heteroxénea, destacando a medra de 2,2 puntos rexistrada no caso da actividade comercial, transporte e hostalería fronte á caída de oito décimas no conxunto da industria manufactureira.

• Distribución da renda

A devandita evolución no ritmo de crecemento da economía galega tradúcese nunha mellora da Remunera-

ción de asalariados (RA) e do Excedente bruto de explotación/Renda mixta bruta (EBE/RMB), se ben cunha intensidade moi desigual. As Contas trimestrais de Galicia amosan que o incremento do 8,8% do PIB nominal a prezos correntes en 2022 reflíctese nunha medra do 3,6% na remuneración dos asalariados e do 15,7% no EBE/RMB. Como consecuencia deste comportamento da RA, a súa participación na renda descende no último ano ata o 44%, máis de dous puntos inferior ao do ano anterior (46,2%), en tanto que o peso relativo do EBE/RMB aumenta ata o 47,7% (44,9% no ano precedente). O peso relativo da RA no PIB é inferior ao do EBE/RMB ao igual que acontecera no período 2014-2018.

Tendo en conta o devandito incremento da masa salarial en Galicia e que o emprego asalariado equivalente

a tempo completo medra en 2022 un 3,2% (ascende a 889.921 persoas), a remuneración por posto de traballo equivalente a tempo completo asalariado redúcese un 0,6%, sendo esta caída do 0,9% no caso dos postos de traballo asalariado. No concernente ás horas traballadas, tras unha medra do 2,7% respecto ao ano anterior, a remuneración por hora traballada asalariada descende un 0,8%.

Mercado de traballo

A pesar da devandita ralentización do ritmo de crecemento do PIB, o mercado de traballo galego presenta datos agregados positivos atendendo á mellora tanto da participación das persoas no mercado laboral como na ocupación (taxas de actividade e de emprego) ademais da redución da taxa de paro. Asemade, cómpre sinalar que dende a posta en marcha da reforma laboral aprobada en decembro de 2021, redúcese a temporalidade, situándose Galicia como a quinta C.A. con menor temporalidade.

Dunha banda, a taxa de actividade en Galicia aumenta no último ano ata o 53%, cinco décimas máis que no ano anterior, o que a mantén como a segunda Comunidade Autónoma coa taxa máis reducida tras Asturias. Asemade, a taxa de ocupación aumenta en sete décimas para situarse no 47,1%, o que a sitúa como a cuarta C.A. co índice máis reducido. Por contra, a taxa de desemprego descende ata o 11% (11,7% no ano precedente), manténdose nunha posición intermedia respecto das outras CC.AA. Doutra banda, a taxa de temporalidade redúcese ata o 19,4% máis de cinco puntos inferior á estimada no ano anterior (24,5%).

Centrándonos nos datos da ocupación reflectidos nas contas económicas de Galicia, o número total de postos de traballo equivalentes a tempo completo medra no último ano un 2,2% respecto ao ano anterior (3,8% no conxunto do Estado), o que supón máis de cinco puntos por baixo do que acontece no ano precedente (7,3%). Asemade, o número total de postos de traballo medra un 2,7% e o emprego asalariado un 3,4%, presentando un incremento interanual do 3,7% e 3,9%, respectivamente, en España.


Do mesmo xeito, o emprego medido en termos de horas traballadas mellora máis intensamente no conxunto do Estado ao presentar taxas de variación interanuais superiores ás galegas tanto para o conxunto de persoas ocupadas (4,1% en España fronte a 1,2% en Galicia) como asalariadas (4,6% e 2,7%, respectivamente).

Vinculado ao mercado de traballo cómpre facer referencia aos indicadores da produtividade aparente real e ao custo laboral unitario real (CLUR), recollidos nas contas económicas trimestrais de Galicia nos denominados indicadores derivados. Dunha banda, a produtividade aparente obtense como o cociente entre o PIB e a ocupación, medida ben mediante o número de postos de traballo ou o número de horas traballadas. Doutra banda, o CLUR compara a remuneración por asalariado coa produtividade do traballo e dos prezos, e calcúlase dividindo a remuneración por asalariado entre a produtividade aparente nominal.

No concernente á produtividade aparente do factor traballo, os datos recollidos nas contas trimestrais reflicten que a produtividade aparente real en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo medra un 1,6% respecto ao ano anterior, o que contrasta co descenso do 2% experimentado no ano precedente. Este incremento é superior se se mide a produtividade en termos de hora traballada, situándose esta porcentaxe no 2,6% fronte ao descenso do 0,6% en 2021. En termos nominais, a produtividade aparente presenta unha medra do 6,5% en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo e do 7,5% se se mide en relación ao número de horas, porcentaxes significativamente superiores aos rexistrados no ano anterior (0,4% e 1,8%, respectivamente).

Comparado co acontecido no conxunto de España, Galicia segue a presentar, a pesar da mellora rexistrada, unha produtividade aparente do factor traballo inferior á da economía española. En 2022 este diferencial situábase en torno aos cinco puntos tanto se se mide en termos de tempo de traballo equivalente a tempo completo (4,9%) como no que se refire ás horas efectivamente traballadas (5,2%). No ano anterior a

Evolución do custo laboral unitario real (CLUR)



Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia*.

1.2.8.

produtividade aparente en termos de tempo de traballo equivalente a tempo completo representaba en Galicia o 94,8% do total estatal e o 93,3% no caso das horas traballadas.

Atendendo á distribución sectorial, o principal problema da economía galega no que á produtividade se refire atópase no sector industrial, e máis concretamente na industria manufacturera, por mor do seu moi baixo nivel; en concreto, o PIB por posto de traballo equivalente é o 69,2% da media estatal, situándose esta porcentaxe no 72,7% se se define en termos de horas traballadas. No extremo oposto, tanto a construción como o sector servizos presentan unha produtividade aparente superior á

media española, mentres que a produtividade no sector primario é superior á media estatal tan só se se mide en termos de postos de traballo equivalentes (1,8%), sendo un 5,2% inferior en termos de horas traballadas.

Finalmente, no que atinxe ao custo laboral unitario real (CLUR), expresado pola porcentaxe do produto por asalariado (produtividade aparente) que se dedica a retribuír o traballo (remuneración media por asalariado), o **cadro 1.2.8.** reflicte a redución do CLUR en Galicia tanto en termos de postos de traballo como de horas traballadas.

Os datos recollidos nas Contas económicas trimestrais

reflicten que no ano 2022 o CLUR por posto de traballo equivalente a tempo completo redúcese un 5,7%, sendo esta porcentaxe do 6,2% no caso do custo por hora traballada e do 5,5% en termos de posto de traballo. No ano anterior o CLUR presentaba unha caída próxima ao 2% nos tres casos considerados.

Inflación e prezos

O ano 2022 caracterizouse por unha moderación no ritmo de crecemento do índice xeral de prezos ao consumo (IPC) tanto en Galicia como en España ao presentar no mes de decembro unha medra interanual do 6,4% e 5,7%, respectivamente. No ano anterior esta medra ascendía a 6,7% en Galicia e 6,4% no conxunto do Estado, as taxas máis elevadas dos últimos 20 anos. Se se considera o IPC harmonizado (IPCH), que permite realizar comparacións internacionais, os datos publicados por Eurostat reflicten que, a diferenza do acontecido no ano anterior, España presenta un incremento de prezos inferior ao rexistrado no conxunto da Unión Europea e dos países da zona euro. En 2022 o IPCH situábase en España no 5,5%, o que supón o incremento máis reducido experimentado nos países da Unión Europea, superando esta taxa o 10% tanto no conxunto dos países da UE-27 e o 9% na zona euro.

No concernente á súa distribución provincial, no conxunto do ano 2022 as catro provincias galegas presentan taxas superiores á media española, rexistrándose as taxas de variación máis elevadas en Lugo e Ourense, cunha medra interanual do 6,9%. Nas provincias da Coruña e Pontevedra os prezos incrementáronse un 6,4% e 6,7%, respectivamente.

A pesar da devandita moderación no incremento dos prezos, tanto en Galicia como no conxunto do Estado o IPC presenta unha forte tendencia alcista ata o verán, cando a inflación supera o 10% en España e o 11% na Comunidade Autónoma. O **gráfico 1.2.9.** amosa a significativa moderación no incremento de prezos no último cuadrimestre do ano, situándose o IPC en decembro nos devanditos 6,4% e 5,7% en Galicia e España, os valores máis reducidos do ano 2022.

Tal como se observa no **cadro 1.2.10.**, a devandita ralentización do IPC ven explicada en parte pola caída dos prezos dos bens incluídos no grupo “vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles”. Tras un incremento interanual superior ao 20% tanto en Galicia como en España no ano 2021 (en torno ao 55% no caso concreto da electricidade, gas e outros combustibles), no último ano rexistrouse un descenso interanual do 3,8% en Galicia, sete décimas menos que no conxunto do Estado (-4,5%). A continuación, o grupo de “comunicacións” presenta unha caída do 1,9%, tanto en Galicia como en España. Asemade cómpre mencionar o descenso do 1% experimentado en Galicia no grupo de “ensino”, o que contrasta coa medra do 1,4% en España. Fronte á esa caída de prezos, hai que resaltar o forte incremento dos prezos de “alimentos e bebidas non alcohólicas”, cunha medra do 16,2% en Galicia e 15,7% en España, que se suma ao incremento en torno ao 5% do ano precedente.



Atendendo á súa distribución segundo rúbricas, en Galicia os maiores incrementos interanuais están vinculados coa alimentación, entre os que salientan o “sucre”, cun 63,4%; por diante de “ovos” (38,3%); “aceites e graxas” (34,8%); o “leite” (34,5%); e “produtos lácteos” (26,8%). No extremo oposto, os descensos máis acusados rexístranse no caso do transporte público, tanto urbano (13,1%) como interurbano (9%), e no caso da “calefacción, iluminación e distribución de auga”, cunha redución do 9,6%.

A inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) presenta no ano 2022 un incremento do 7,8% en Galicia e do 7% conxunto do Estado, porcentaxes que, a diferenza do acontecido no ano anterior, se sitúan por riba do incremento do IPC. Como se aprecia no **gráfico 1.2.9.**, en ambos os dous casos a inflación subxacente medra de xeito continuado ata o mes de agosto, modera o seu crecemento ata novembro e experimenta unha acusada medra interanual no mes de decembro.

Os datos das contas económicas trimestrais reflicten que o deflactor do PIB, que permitiría analizar a inflación que responde ao incremento dos prezos de bens e servizos producidos en Galicia, presenta un incre-

IPC en Galicia e España 2021-22

(taxas de variación interanual)



Fonte: INE, Índice de precios de consumo

1.2.9.

IPC en Galicia e España 2021-22: distribución segundo grupos

	2022		2021	
	Galicia	España	Galicia	España
(taxa de variación interanual mes de decembro)				
Xeral	6,4	5,7	6,7	6,5
Alimentos e bebidas non alcohólicas	16,2	15,7	4,8	5,0
Bebidas alcohólicas e tabaco	8,0	7,2	1,2	1,6
Vestido e calzado	1,8	1,8	0,9	1,0
Vivenda	-3,8	-4,5	27,1	23,3
Enxoval	8,6	8,5	2,6	2,1
Sanidade	1,5	1,0	2,2	0,9
Transporte	4,3	3,3	10,8	10,9
Comunicacións	-1,9	-1,9	-0,3	-0,3
Ocio e cultura	3,1	3,8	1,5	1,7
Ensino	-1,0	1,4	1,5	1,2
Hotéis, cafés e restaurantes	9,2	7,8	2,7	3,1
Outros bens e servizos	5,5	4,5	1,3	1,5

Fonte: INE, Índice de precios de consumo

1.2.10.

Índice de prezos industriais nas CC.AA. 2022 (1): distribución segundo destino económico dos bens

	Índice xeral	Bens de consumo	Bens de consumo duradeiro	Bens de consumo non duradeiro	Bens de equipo	Bens intermedios	Energía
(taxas de variación interanual)							
Andalucía	20,7	28,6	7,8	29,6	5,5	6,3	25,7
Aragón	14,3	12,3	11,7	12,6	5,7	19,6	15,3
Asturias	-1,6	19,3	10,2	19,4	4,4	1,3	-12,0
Baleares	1,3	11,2	4,3	12,5	4,5	13,9	-3,3
Canarias	-1,6	9,3	7,5	9,3	9,8	15,2	-11,8
Cantabria	10,7	7,4	0,9	8,6	7,3	8,6	22,1
Castela e León	13,8	16,8	3,2	16,9	10,2	11,5	16,3
Castela-A Mancha	16,1	13,6	7,9	13,8	3,6	13,2	23,6
Cataluña	14,3	12,2	6,3	12,4	4,9	9,1	33,8
C. Valenciana	15,9	9,7	6,7	9,9	9,5	12,6	31,1
Extremadura	17,4	18,9	8,3	19,4	16,0	19,5	12,9
Galicia	12,9	14,4	6,6	14,7	3,2	14,7	13,7
Madrid	10,1	6,2	5,8	6,2	1,8	11,7	14,0
Murcia	16,3	14,9	7,6	15,4	4,0	12,6	19,4
Navarra	12,5	12,2	2,7	13,2	3,9	18,0	21,3
País Vasco	20,4	12,5	8,1	13,2	5,9	8,3	41,4
A Ríoxa	14,3	8,2	3,0	8,5	0,8	17,8	33,8
Total	14,7	14,2	7,1	14,6	5,5	10,6	22,8

1.2.11.

mento continuado dos prezos ata o terceiro trimestre do ano, no que medran un 5,1% respecto ao mesmo período do ano precedente, situándose a media de 2022 no 4,8%, o dobre do estimado en 2021. No derradeiro trimestre do ano a medra interanual descende ata o 4,8% fronte ao 3,6% do ano anterior.

Finalmente, en relación á evolución dos prezos industriais, **cadro 1.2.11.**, tras o forte crecemento experimentado no ano anterior, o máis elevado dos últimos vinte anos (40,4%), a taxa de variación interanual do índice xeral de prezos industriais (IPRI) no mes de decembro situouse en Galicia no 12,9%, case dous puntos inferior á do conxunto do Estado (14,7%). Atendendo á súa desagregación segundo destino económico dos bens, todos os bens presentan novamente incrementos de prezos, sobresaíndo os bens intermedios e os bens de consumo non duradeiro, quen presentan unha medra interanual do 14,7% (10,6% e 14,6% no conxunto do Estado, respectivamente). Ao contrario do que acontece con estes dous tipos de bens, a enerxía, os bens de equipo e os bens de consumo duradeiro presentan unha medra de prezos máis reducidos en Galicia que en España.

Marco orzamentario

Os orzamentos públicos determinan o peso do sector público na economía e un dos indicadores para analizar este peso é o cociente entre o gasto público non financeiro e o Produto Interior Bruto (PIB). Os datos dos orzamentos de 2022 e o avance do PIB proporcionados polas contas económicas amosan que dita rateo presenta un valor agregado do 15,6% para o conxunto das CC.AA. españolas, e que Galicia se sitúa por encima do promedio sinalado cun 16,9%. En termos per cápita, Galicia segue por riba do dato promedio estatal.

No devandito contexto macroeconómico analizado no capítulo 1.1., “marcado por un crecemento menor do esperado e sometido a grandes incertezas, dada a situación xeopolítica e unha inflación máis persistente tamén do esperado”, a Lei 6/2022, do 27 de decembro, aproba os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023. Previamente, unha

vez determinado o obxectivo de estabilidade orzamentaria da Comunidade Autónoma, o Consello da Xunta de Galicia acordou o límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o devandito exercicio, que ascende a 12.599 millóns de euros. Non obstante, este límite de gasto consignado modifícase ao alza ao incluír novos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR) asignados, situándose en 12.620 millóns de euros.

O texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia establece que os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma teñen que presentarse e aprobarse en equilibrio; os pasos dados ata chegar a esa situación de equilibrio póñense de manifesto mediante a interrelación das grandes magnitudes orzamentarias analizadas na conta financeira, que a través de diversos saldos como son o aforro corrente, formación de capital, capacidade ou necesidade de financiamento e o endebedamento neto, facilitan unha información precisa sobre o alcance e composición dos orzamentos. Para o exercicio 2023 o orzamento total consolidado da Comunidade Autónoma ascende a 14.167,2 millóns de euros, o que supón unha medra do 8% respecto ao exercicio precedente.

A conta financeira dos orzamentos 2023, **cadro 1.2.12.**, reflicte que o aforro por operacións correntes aumenta ata os 1.355,6 millóns de euros, motivado por unha medra dos ingresos correntes superior á dos gastos (13% e 8,6%, respectivamente). Os ingresos por operacións de capital reducen a súa contía un 3,5% para situarse nos 1.339,7 millóns, unha caída motivada pola evolución da dotación dos fondos comunitarios e da dotación do fondo de compensación interterritorial. O gasto de capital dos capítulos VI e VII ascende a 2.771,9 millóns de euros, incrementándose nun 8,5% respecto aos orzamentos do exercicio precedente. Finánciase, en parte, cos ingresos por operacións de capital, polo que o saldo resultante determina unha formación de capital de 1.432,2 millóns de euros, que financiada co aforro por operacións correntes e xunto co fondo de continxencia, determina unha necesidade de financiamento de 121,6 millóns de euros (66,9% menos respecto ao ano anterior).

Orzamentos da C.A. 2022-23: conta financeira homoxeneizada ⁽¹⁾

	2023		2022		23/22	
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)
Operacións correntes						
Ingresos	11.159.039	78,8	9.872.431	75,3	1.286.608	13,0
Impostos directos	3.356.461	23,7	2.843.932	21,7	512.529	18,0
Impostos indirectos	3.818.851	27,0	3.094.325	23,6	724.526	23,4
Taxas, prezos públicos e outros ingresos	172.167	1,2	173.358	1,3	- 1.191	-0,7
Transferencias correntes	3.799.712	26,8	3.737.917	28,5	61.795	1,7
Ingresos patrimoniais	11.848	0,1	22.899	0,2	- 11.051	-48,3
Gastos	9.803.478	69,2	9.027.485	68,8	775.993	8,6
Gastos de persoal	4.593.520	32,4	4.327.397	33,0	266.123	6,1
Gastos correntes de bens e servizos	2.142.139	15,1	1.983.876	15,1	158.263	8,0
Gastos financeiros	110.837	0,8	74.469	0,6	36.368	48,8
Transferencias correntes	2.956.982	20,9	2.641.743	20,1	315.239	11,9
Aforro bruto	1.355.561		844.946		510.615	60,4
Operacións da capital						
Ingresos	1.339.720	9,5	1.387.993	10,6	- 48.273	-3,5
Alleamento de investimentos reais	9.336	0,1	8.451	0,1	885	10,5
Transferencias de capital	1.330.384	9,4	1.379.542	10,5	- 49.158	-3,6
Gastos	2.771.422	19,6	2.554.462	19,5	216.960	8,5
Investimentos reais	1.574.877	11,1	1.441.946	11,0	132.931	9,2
Transferencias de capital	1.196.545	8,4	1.112.516	8,5	84.029	7,6
Formación de capital	1.431.702	10,1	1.166.468	8,9	265.234	22,7
Fondo de continxencia	45.417	0,3	45.417	0,3	-	0,0
Necesidade de Financiamento	-121.556		-366.939		245.383	-66,9
Operacións financeiras						
Atencións	1.546.855	10,9	1.490.585	11,4	56.270	3,8
Activos financeiros	226.738	1,6	220.367	1,7	6.371	2,9
Pasivos financeiros	1.320.117	9,3	1.270.218	9,7	49.899	3,9
Recursos	1.668.411	11,8	1.857.524	14,2	- 189.113	-10,2
Activos financeiros	82.012	0,6	94.684	0,7	- 12.672	-13,4
Endebdamento bruto	1.586.399	11,2	1.762.840	13,4	-176.441	-10,0
Necesidade de Financiamento	-121.556		-366.939		245.383	-66,9
Orzamento consolidado	14.167.172		13.117.948		1.049.224	8,0

(1) Orzamentos 2023

Fonte: Consellería de Facenda, Orzamentos

1.2.12.

Clasificación económica do gasto nos orzamentos iniciais da Xunta de Galicia
2008-2023

	2008	2013	2019	2022	2023
	(% sobre gastos)				
Gastos de persoal	17,7	19,9	18,2	17,7	17,4
Gastos en bens correntes e servizos	4,2	5,3	4,8	4,7	4,7
Gastos financeiros	1,3	3,3	1,5	0,6	0,8
Transferencias correntes	49,2	47,0	46,2	46,1	46,5
Operacións correntes	72,5	75,6	70,6	69,1	69,4
Investimentos reais	9,8	2,8	3,1	4,3	4,4
Transferencias de capital	12,5	11,7	12,0	15,7	15,8
Operacións de capital	22,3	14,4	15,1	20,0	20,2

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

1.2.13.

Orzamento consolidado de gastos da C.A. 2022-23: Distribución Funcional ⁽¹⁾

Funcións	2023		2022		23/22
	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	(%)
1 Actuacións de carácter xeral	339.129	2,4	305.882	2,3	10,9
11 Alta dirección da Com. Autónoma	43.493	0,3	41.586	0,3	4,6
12 Administración Xeral	88.234	0,6	72.508	0,6	21,7
13 Xustiza	174.430	1,2	162.360	1,2	7,4
14 Administración local	20.064	0,1	17.323	0,1	15,8
15 Normalización lingüística	10.908	0,1	10.105	0,1	7,9
16 Procesos electorais e órganos de repres. Política	2.000	0,0	2.000	0,0	0,0
2 Protección civil e seguraza cidadá	29.090	0,2	29.405	0,2	-1,1
21 Protección civil e seguridade	29.090	0,2	29.405	0,2	-1,1
3 Protección e promoción social	1.607.399	11,3	1.390.756	10,6	15,6
31 Acción social e promoción social	1.155.342	8,2	987.747	7,5	17,0
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	443.142	3,1	395.174	3,0	12,1
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	8.915	0,1	7.835	0,1	13,8
4 Produción de bens públicos de carácter social	8.170.577	57,7	7.645.228	58,3	6,9
41 Sanidade	4.967.186	35,1	4.584.079	34,9	8,4
42 Educación	2.796.361	19,7	2.696.306	20,6	3,7
43 Cultura	104.609	0,7	96.414	0,7	8,5
44 Deportes	44.072	0,3	32.489	0,2	35,7
45 Vivenda	130.610	0,9	112.760	0,9	15,8
46 Outros servizos comunit. e sociais	127.739	0,9	123.180	0,9	3,7
5 Produción de bens públ. de carácter económico	1.254.109	8,9	1.168.387	8,9	7,3
51 Infraestruturas	355.370	2,5	336.791	2,6	5,5
52 Ordenación do territorio	18.126	0,1	16.475	0,1	10,0
53 Promoción do solo para actividades económicas	10.091	0,1	10.821	0,1	-6,7
54 Actuacións ambientais	227.422	1,6	219.729	1,7	3,5
55 Actuacións e valorización do medio rural	187.873	1,3	169.799	1,3	10,6
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	294.403	2,1	266.529	2,0	10,5
57 Sociedade da información e do coñecemento	155.474	1,1	143.302	1,1	8,5
58 Información estatística básica	5.350	0,0	4.941	0,0	8,3
6 Regulación económica de carácter xeral	114.972	0,8	108.056	0,8	6,4
61 Actuacións económicas xerais	28.893	0,2	30.394	0,2	-4,9
62 Actividades financeiras	86.079	0,6	77.662	0,6	10,8
7 Regulación económica de sectores produtivos e dto. empresarial	1.085.825	7,7	1.005.562	7,7	8,0
71 Dinamización económica do medio rural	402.933	2,8	402.459	3,1	0,1
72 Pesca	146.503	1,0	128.248	1,0	14,2
73 Industria, enerxía e minaría	121.153	0,9	89.093	0,7	36,0
74 Desenvolvemento empresarial	255.060	1,8	241.359	1,8	5,7
75 Comercio	25.485	0,2	18.376	0,1	38,7
76 Turismo	134.691	1,0	126.027	1,0	6,9
8 Transferencias a entidades locais	151.317	1,1	138.106	1,1	9,6
81 Transferencias a entidades locais	151.317	1,1	138.106	1,1	9,6
9 Débeda pública	1.414.754	10,0	1.326.565	10,1	6,6
91 Débeda pública	1.414.754	10,0	1.326.565	10,1	6,6
Total	14.167.172	100	13.117.947	100	8,0

(1) Orzamentos 2023

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

1.2.14.

Servizos públicos fundamentais nos proxectos orzamentarios das CC.AA. 2023: distribución funcional

	Sanidade			Educación			Seguridade e protección social			Débeda pública			Resto de funcións ou políticas		
	23/22			23/22			23/22			23/22			23/22		
	(en miles de €)	(%)	(% / total)	(en miles de €)	(%)	(% / total)	(en miles de €)	(%)	(% / total)	(en miles de €)	(%)	(% / total)	(en miles de €)	(%)	(% / total)
Andalucía	13.674.279,0	10,7	33,3	9.465.666,5	9,0	23,0	2.895.007,4	7,0	7,0	5.163.445,2	2,0	12,6	9.878.809,5	35,8	24,0
Aragón	2.534.845,2	13,6	32,5	1.376.457,7	4,8	17,6	482.967,6	8,3	6,2	1.481.112,8	-1,8	19,0	1.924.630,5	28,8	24,7
Asturias	2.144.678,3	6,8	36,3	996.585,5	6,0	16,9	568.291,5	11,6	9,6	643.953,7	6,8	10,9	1.550.178,0	26,2	26,3
Baleares	2.235.883,6	11,3	31,3	1.244.294,6	7,7	17,4	334.792,9	19,7	4,7	1.231.915,1	-1,4	17,3	2.086.485,5	22,4	29,2
Canarias	3.783.391,5	9,6	34,2	2.275.062,5	8,3	20,6	699.037,1	15,2	6,3	891.059,1	3,0	8,1	3.410.651,4	15,6	30,8
Cantabria	1.081.307,1	5,4	30,8	716.395,3	4,9	20,4	287.736,1	2,8	8,2	480.765,0	-7,1	13,7	941.150,2	12,5	26,8
Castela e León	4.690.046,7	8,6	36,8	2.538.863,9	10,4	19,9	1.121.071,1	19,1	8,8	1.469.325,5	3,2	11,5	2.933.500,6	30,2	23,0
Castela-A Mancha	3.620.399,8	0,0	31,3	2.199.311,0	3,9	19,0	965.508,9	2,6	8,3	2.325.908,6	-6,2	20,1	2.460.329,0	8,0	21,3
Cataluña	11.652.424,7	9,1	24,7	8.239.245,9	5,1	17,5	3.484.993,3	8,1	7,4	11.396.774,6	0,3	24,2	12.382.848,5	7,9	26,3
Estremadura	2.204.300,0	9,7	30,8	1.308.948,2	6,1	18,3	605.256,0	3,4	8,5	906.867,5	18,2	12,7	2.136.759,1	19,7	29,8
Galicia	4.967.186,5	8,4	35,1	2.787.677,8	3,7	19,7	1.147.256,1	17,1	8,1	1.414.754,3	6,6	10,0	3.837.963,0	8,7	27,1
Madrid	9.102.601,5	3,9	32,3	5.886.380,5	5,3	20,9	2.236.247,2	2,0	7,9	3.454.782,4	-4,4	12,3	7.462.456,1	27,8	26,5
Murcia	2.328.870,6	5,6	30,0	1.779.147,9	8,2	22,9	662.630,5	15,9	8,5	1.803.980,0	14,2	23,2	1.196.084,3	24,5	15,4
Navarra	1.326.923,8	5,6	23,1	941.822,8	5,5	16,4	526.599,5	18,9	9,2	515.411,3	-1,0	9,0	2.438.193,8	-1,0	42,4
País Vasco	4.679.016,2	6,4	32,7	3.386.735,9	7,5	23,7	988.119,5	53,2	6,9	989.571,8	6,5	6,9	4.271.492,1	6,3	29,8
A Ríoxa	567.706,4	6,2	29,9	366.653,8	5,4	19,3	168.911,7	5,9	8,9	169.328,9	-52,1	8,9	626.368,6	15,2	33,0
C. Valenciana	8.205.867,4	5,8	28,3	6.366.584,4	4,6	22,0	2.327.390,1	5,1	8,0	6.576.249,0	-10,8	22,7	5.483.691,5	8,9	18,9
Total (1)	78.799.728,5	7,7	30,8	51.875.834,0	6,4	20,3	19.501.816,4	10,0	7,6	40.915.204,8	-1,5	16,0	65.021.591,8	17,4	25,4

Consulta: 5-04-2023

Fonte: Ministerio de Hacienda, Presupuestos de las Comunidades Autónomas

1.2.15.

O endebedamento neto, obtido como diferenza entre os capítulos IX de ingresos e gastos, alcanza os 266,3 millóns de euros. O destino do endebedamento é, por unha parte, o financiamento de activos financeiros, 144,7 millóns, e por outra, o resto de endebedamento neto que son os devanditos 121,6 millóns de euros.

A clasificación económica do orzamento mostra un peso moi diferente dos capítulos de gasto. Os orzamentos iniciais da Xunta de Galicia para o ano 2023 destínanse o 69,2% dos recursos a gasto de operacións correntes, entre os que os gasto de persoal concentran o 46,9% destes gastos (4.593,4 millóns de euros), e as transferencias correntes un 30,2% (2.957 millóns).

A distribución funcional do gasto (**cadro 1.2.14.**) mostra como case o 58% dos recursos orzamentarios destínanse á produción de bens públicos de carácter social, que incrementan a súa dotación en relación ao orzamento do ano anterior nun 6,9%. Aínda que en termos absolutos son os citados bens de carácter social os que rexistran un maior incremento (525,3 millóns de euros máis), en termos relativos salienta o

incremento do 15,6% rexistrado no caso da protección e promoción social (216,6 millóns máis). Os recursos destinados á produción de bens públicos de carácter económico incrementáanse un 7,3% (85,7 millóns de euros) e os dedicados á regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial aumentan a súa dotación nun 8% (80,3 millóns). Asemade, cómpre salientar o incremento experimentado na partida dedicada á débeda pública, que tras unha medra do 6,6% acada os 1.414,8 millóns de euros, o que representa o 10% do orzamento consolidado.

En comparación co que acontece no resto do Estado, os datos publicados polo Ministerio de Facenda reflicten que Galicia presenta incrementos dos créditos orzamentarios consignados nas funcións de Sanidade e Seguridade e protección social superiores aos do conxunto das Comunidades Autónomas (**cadro 1.2.15.**), o que contrasta co acontecido no ámbito da educación. Por contra, fronte ao descenso do 1,5% da débeda pública no conxunto das CC.AA., o proxecto de orzamentos de Galicia reflicte unha medra do 6,6%.

Principais magnitudes orzamentarias das CC.AA. 2023

	Aforo bruto	Saldo de operacións de capital	Déficit (-) ou superávit (+) orzamentario non financeiro		Capacidade (+) ou necesidade (-) de endebedamento
	Capítulos 1 a 5 ppto. Ingresos e gastos	Capítulos 6 e 7 ppto Ingresos-gastos	Capítulos 1 a 7 ppto Ingresos-gastos	En (%) do PIB rexional	Capítulo 9 ppto gastos- Ingresos
	(en miles de €)		(en miles de €)		
Andalucía	340.554,0	-1.097.422,1	-756.868,1	-0,4	-754.311,7
Aragón	31.378,1	-397.423,5	-366.045,4	-0,8	-354.101,5
Asturias	188.165,3	-617.491,3	-429.326,0	-1,6	-115.984,1
Baleares	169.095,9	-669.989,0	-500.893,1	-1,4	-251.843,5
Canarias	833.276,7	-1.075.846,6	-242.569,8	-0,5	-27.566,2
Cantabria	201.830,7	-345.584,8	-143.754,1	-0,9	-62.796,5
Castela e León	576.142,0	-779.138,2	-202.996,2	-0,3	-224.926,9
Castela-A Mancha	170.815,7	-406.004,1	-235.188,4	-0,5	-235.188,4
Cataluña	-320.509,3	-1.588.750,5	-1.909.259,8	-0,7	-2.267.790,1
Extremadura	-397.215,5	-75.675,8	-472.891,3	-2,0	-493.781,2
Galicia	1.310.127,1	-1.431.683,3	-121.556,2	-0,2	-266.282,6
Madrid	604.742,5	-1.646.576,8	-1.041.834,3	-0,4	-790.913,8
Murcia	46.660,1	-226.444,6	-179.784,5	-0,5	41.653,0
Navarra	189.301,9	-461.378,6	-272.076,7	-1,1	-165.772,2
País Vasco	668.073,1	-1.489.338,7	-821.265,6	-1,0	-419.158,9
A Rioxa	-5.346,6	-205.864,1	-211.210,8	-2,1	-158.658,4
C. Valenciana	1.618.894,1	-2.009.038,5	-390.144,4	-0,3	-507.229,3
Total (1)	6.225.985,7	-14.523.650,4	-8.297.664,7	-0,6	-7.054.652,3

Consulta: 4-4-2023

Fonte: Ministerio de Hacienda, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.16.

Necesidade de financiamento da C.A. 2023

	(en miles de €)
Saldo orzamentario	-143.754,1
Axustes conforme as normas SEC	94.354,1
Liquidacións negativas do sistema de financiación	19.100,0
Intereses	-1.000,0
Inexecución	16.000,0
Recadación incerta	-5.000,0
Obrigas de exercicios anteriores (conta 413/409)	-
Outras unidades consideradas como Administración Pública	-18.445,9
Aportacións de capital a empresas públicas	17.000,0
Transferencias do Estado	95.700,0
Transferencias da UE	-
Reasignación de operacións	-
Investimentos de APP's	3.000,0
Resto de axuste	2.000,0
Capacidade / Necesidade de financiación	-49.400,0
% PIB	-0,3

Fonte: Ministerio de Hacienda, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.17.

Débeda das CC.AA. 2008 e 2021-22 ⁽¹⁾

	2008			2021			2022		
	débeda acumulada	débeda / habitante (2)	débeda / PIB	débeda acumulada	débeda / habitante (2)	débeda / PIB	débeda acumulada	débeda / habitante (2)	débeda / PIB
	(en millóns de euros)	(en euros)	(%)	(en millóns de euros)	(en euros)	(%)	(en millóns de euros)	(en euros)	(%)
Andalucía	8.143	1.003,01	5,4	37.291	4.386,06	23,2	37.870	4.445,32	21,4
Aragón	1.517	1.144,54	4,3	9.060	6.806,13	23,9	8.957	6.815,86	21,5
Asturias	770	718,90	3,2	4.368	4.312,19	18,6	4.217	4.191,09	16,4
Baleares	2.696	2.585,21	9,8	9.005	7.382,17	29,7	8.874	7.249,73	26,6
Canarias	1.885	946,31	4,5	6.434	2.866,61	15,1	6.516	2.893,12	13,9
Cantabria	511	885,21	3,9	3.426	5.869,53	24,7	3.378	5.780,27	22,2
Castela e León	2.608	1.026,08	4,6	13.215	5.537,15	22,7	13.322	5.605,29	20,8
Castela - A Mancha	2.584	1.271,76	6,5	15.498	7.564,82	36,6	15.520	7.570,57	33,4
Cataluña	20.825	2.848,39	10,0	82.372	10.737,69	35,9	84.327	10.981,29	33,4
C. Valenciana	13.696	2.779,17	12,7	53.820	10.663,62	47,8	55.032	10.848,95	44,4
Extremadura	904	829,62	5,0	5.046	4.769,49	25,1	5.137	4.876,57	23,2
Galicia	3.954	1.435,33	6,8	11.715	4.343,98	18,5	11.977	4.450,15	17,2
Madrid	11.380	1.827,76	5,7	34.409	5.093,26	14,7	34.821	5.143,89	13,5
Murcia	755	531,85	2,6	10.959	7.243,01	34,0	11.395	7.484,42	32,2
Navarra	868	1.407,47	4,7	3.146	4.784,32	15,4	3.158	4.790,78	14,1
País Vasco	1.007	466,33	1,5	11.172	5.110,96	15,6	10.821	4.970,93	13,7
A Rioxa	393	1.242,92	4,8	1.652	5.225,44	19,2	1.615	5.111,61	17,0

(1) datos correspondentes ao 4º trimestre de cada ano; inclúense as unidades que se ocupan da administración xeral da C.A., as universidades localizadas no seu ámbito e aqueles organismos e empresas dependentes da C.A. que se clasifican como Adm. Pública.

(2) datos do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.2.18.

Os principais indicadores da actividade económico-financeira de Galicia (**cadro 1.2.16.**) rexistran que o aforo bruto previsto nos orzamentos de 2023 ascende a 1.310,1 millóns de euros fronte aos 798,9 millóns do exercicio precedente. Pola súa banda, as operacións de capital presentan un saldo negativo de 1.431,7 millóns de euros. A necesidade de financiamento dos orzamentos no 2023 é de 266,3 millóns de euros, fronte aos 492,6 millóns do ano anterior. Tendo en conta os axustes de contabilidade nacional, que é como se mide o obxectivo de estabilidade orzamentaria, a necesidade de financiamento supón 49,4 millóns de euros (**cadro 1.2.17.**).


A débeda acumulada en Galicia no ano 2022 (referida ao cuarto trimestre de cada ano) aumenta un 2,2%, oito décimas por riba do rexistrado de media no conxunto das CC.AA. (1,4%), acadando os 11.977 millóns de euros segundo o avance do Banco de España (**cadro 1.2.18.**). En termos relativos, a relación entre o devandito endebedamento e o PIB redúcese ata o 17,2%,

fronte ao 18,5% do PIB en 2021, o que supón o sétimo nivel de endebedamento máis reducido do Estado, superado novamente por Madrid (13,5%), País Vasco (13,7%), Canarias (13,9%) e Navarra (14,1%), xunto a Asturias e A Rioxa (16,4% e 17%, respectivamente). O endebedamento por habitante aumenta tamén en relación ao período anterior ata acadar os 4.450,15 euros, situándose moi por baixo da media das CC.AA., que ascendeu a 6.705,22 euros por persoa.

Os indicadores económicos da recadación tributaria do Estado en Galicia mostran o incremento dos ingresos tributarios. Tras unha medra do 16,7% experimentada ano 2021, a recadación presenta en Galicia unha medra do 12,2% respecto ao ano anterior impulsada fundamentalmente polo comportamento da imposición directa (18,2%) e, en menor medida, os impostos indirectos (3,6%). En termos absolutos, a recadación tributaria do Estado en Galicia ascende a 9.147,3 millóns de euros (996,2 millóns máis que no ano anterior) o que representa o 3,6% do total estatal.

Recadación tributaria do Estado en Galicia 2008 e 2021-22. Criterio de caixa

	2008		2021		2022	
	(en miles de euros)	(%)	(en miles de euros)	(%)	(en miles de euros)	(%)
Total	5.721.873	100	8.151.077	100	9.147.309	100
Impostos directos	3.977.499	69,5	4.929.788	60,5	5.828.666	63,7
IRPF	2.593.708	45,3	3.401.657	41,7	3.924.776	42,9
Impostos sobre sociedades	1.323.945	23,1	1.373.439	16,8	1.741.997	19,0
Imposto sobre a renda de non residentes	58.000	1,0	111.555	1,4	152.043	1,7
Resto capítulo I	1.846	0,0	43.137	0,5	9.850	0,1
Impostos indirectos	1.699.985	29,7	3.160.149	38,8	3.273.830	35,8
IVE	1.560.234	27,3	2.904.221	35,6	2.986.269	32,6
Impostos especiais	49.707	0,9	97.696	1,2	82.316	0,9
Tráfico exterior	88.720	1,6	145.612	1,8	190.498	2,1
Taxas e outros ingresos	44.389	0,8	61.140	0,8	44.813	0,5



Fonte: Agencia Tributaria, Recaudación tributaria

1.2.19.


No que respecta aos impostos directos, o devandito incremento explícase fundamentalmente pola medra da recadación do imposto de sociedades nun 26,8% (368,6 millóns de euros máis), sendo esta medra do 15,4% (523,1 millóns) no caso do IRPF. A recadación pola imposición directa ascende a 5.828,7 millóns de euros, 898,9 millóns máis que no ano anterior, o que representa o 63,7% da recadación total (**cadro 1.2.19.**), máis de tres puntos por riba do que representa no ano anterior (60,5%). No último ano o IRPF ascende a 3.924,8,7 millóns de euros, o que representa o 42,9% da recadación total, e ata os 1.722 millóns no caso do imposto de sociedades, o que representa o 19% da recadación. En ambos os dous caos estes importes son os máis elevados dende o inicio da crise económica e financeira de 2008.

No que atinxe aos impostos indirectos, a recadación ascende a 3.272,8 millóns de euros, 113,7 millóns máis que no ano anterior, o que representa o 35,8% da recadación total. Entre estes, o IVE recadou un total de 2.986,3 millóns de euros, un 2,8% máis que no exercicio precedente (82 millóns máis), mentres que os impostos especiais redúcense nun 15,7%, 15,4 millóns de euros menos, situándose a súa recadación nos 82,3 millóns de euros.

Atendendo á evolución da estrutura da recadación do Estado en Galicia, se se compara a situación do último ano coa existente en 2008, cómpre indicar en primeiro lugar a caída do peso relativo da imposición directa, que en 2008 representaba o 69,5% do total e en 2013 o 64% (supera o 72% o ano 2009). Este descenso prodúcese

Ingresos tributarios da Comunidade Autónoma. Criterios de caixa: 2021-22

	2021	2022	22/21	
	(miles de euros)		(miles de euros)	(%)
Capítulo I: Impuestos directos	2.724.158,1	2.873.507,1	149.349,1	5,5
10 Sobre a renda	2.494.586,3	2.622.130,7	127.544,4	5,1
11 Sobre o capital	229.400,6	251.183,5	21.782,9	9,5
Capítulo II: Impuestos indirectos	3.349.009,8	3.081.197,1	-267.812,8	-8,0
20 Sobre transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados	334.187,5	354.167,0	19.979,5	6,0
21 Imposto sobre o valor engadido	2.022.969,6	1.787.229,5	-235.740,2	-11,7
22 Impuestos sobre consumos específicos	915.664,2	846.637,5	-69.026,7	-7,5
23 Imposto sobre o xogo	42.034,1	55.271,3	13.237,3	31,5
28 Impuestos extinguidos	-	-	-	-
29 Tributos propios da Comunidade autónoma	34.154,4	37.891,8	3.737,4	10,9
290 Tributación autonómica sobre o xogo	-	-	-	0,0
291 Gravame sobre contaminación atmosférica	940,8	806,1	-134,6	-14,3
292 Imposto sobre o dano ambiental da auga encorada	11.071,6	14.049,6	2.978,0	26,9
293 Canon eólico	22.142,1	23.036,0	894,0	4,0
Capítulo III: Tasas e outros ingresos	196.929,6	206.279,0	9.349,4	4,7
30 Tasas administrativas	27.135,2	30.145,0	3.009,9	11,1
31 Prezos	28.855,6	30.299,9	1.444,3	5,0
32 Outras taxas	-	-	-	-
34 Ingresos derivados de encomendas de xestión	22.794,6	21.863,4	-931,2	-4,1
35 Ingresos derivados de compensación económicas	3.837,3	3.433,8	-403,5	-10,5
36 Debedores	49.508,9	49.262,9	-246,0	-0,5
37 Ingresos por ensaios clínicos	-	-	-	-
38 Reintegros	29.065,6	34.635,3	5.569,7	19,2
39 Outros ingresos	35.732,4	36.638,7	906,3	2,5



(consulta: 29-04-2022)


Fonte: IGE, Administración pública

1.2.20.

tanto no IRPF como no imposto de sociedades, sendo máis intenso no segundo caso (2,4 e 4,1 puntos menos respecto ao ano 2008). Por contra, o incremento de 6,1 puntos na imposición indirecta ven explicado fundamentalmente polo IVE, que en 2008 representa o 27,3% da recadación fronte ao 32,6% de 2022 (19,2% en 2013).

No que atinxe aos tributos propios da Comunidade Autónoma, **cadro 1.2.20.**, o importe total destes tributos

foi de 37,9 millóns de euros, rexistrándose un aumento do 10,9% respecto ao ano anterior (3,7 millóns de euros). Entre os distintos tributos cómpre resaltar a importancia recadatoria do canon eólico, que tras unha medra do 4% respecto ao ano precedente, supón o 60,8% dos tributos propios (23 millóns de euros), seguida polos impostos sobre o dano ambiental da auga encorada, cun 36,3% do total de recadación (14 millóns de euros).

Participación da produción, a poboación e o emprego galego ⁽¹⁾ no total español 2008-22

(1) PIB a prezos de mercado, prezos correntes; emprego: afiliados á Seguridade Social
 Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE

1.2.21.

Proceso de converxencia económica

O obxectivo deste apartado é analizar en primeiro lugar a converxencia da economía galega coa media estatal, e posteriormente respecto á media comunitaria. Entendendo como converxencia económica o proceso de aproximación da situación económica dun territorio respecto a outro concreto que se toma como referencia, unha das variables máis empregadas como indicador é o PIB per cápita, de xeito que se a devandita aproximación prodúcese por un maior crecemento do PIB estase ante unha converxencia activa, a diferenza dunha converxencia pasiva que é resultado dunha caída da poboación.

• Converxencia coa media estatal

No ano 2022 o PIB galego a prezos correntes medra un 8,8% respecto ao ano anterior, 1,2 puntos menos que o experimentado en España, ascendendo a 68.817,3 millóns de euros, o que representa o 5,19% do total estatal. Como se aprecia no **cadro 1.2.21.**, este peso relativo é inferior ao que representa a poboación galega no conxunto do Estado.

A partir dos datos recollidos nas contas económicas trimestrais do IGE e INE e no Padrón pódese calcular o valor do indicador PIB rexionalizable per cápita, que en 2021 se sitúa en 92,2 puntos (España=100), dúas décimas máis que no ano anterior. Tendo en conta que no período 2013-2021 o crecemento medio anual da economía galega en termos monetarios foi lixeiramente inferior á media española (2,2% e 2,3%, respectivamente), a converxencia de Galicia respecto á media española no conxunto do período analizado prodúcese polo efecto da caída da poboación.

• Converxencia coa media europea

Tras a acusada caída do produto interior bruto por habitante en paridade de poder adquisitivo rexistrada en Galicia no ano anterior (-10,5%, máis de seis puntos superior á rexistrada no conxunto da Unión Europea), os datos provisionais para o ano 2021 reflicten unha medra interanual do 8,7%, sendo esta porcentaxe oito décimas superior á experimentada na UE-27 e tres en relación a España. Tras esta evolución, o PIB per cápita ascende na Comunidade Autónoma a 24.900 euros, o equivalente ao 76,9% da media da UE-27 (83,3% no

Converxencia das CC.AA. fronte a España e a UE 2008-21 ^{(1) (2)}

	Converxencia fronte a España						Converxencia fronte á UE					
	(PIB / habitante)											
	2008	2019	2020	2021	21/08	21/20	2008	2019	2020	2021	21/08	21/20
	(media España=100)						(media UE-27=100)					
	(puntos porcentuais)						(puntos porcentuais)					
Andalucía	76,7	73,8	74,3	74,1	-2,6	-0,2	78	67	62	62	-16	0
Aragón	109,0	108,7	112,9	113,4	4,4	0,5	111	99	94	94	-17	0
Asturias	92,0	87,9	88,7	91,1	-0,9	2,4	94	80	74	76	-18	2
Baleares	108,1	107,1	91,3	97,5	-10,6	6,2	110	97	76	81	-29	5
Canarias	87,2	80,4	72,9	74,5	-12,7	1,6	89	73	60	62	-27	2
Cantabria	94,6	92,2	93,4	93,1	-1,5	-0,3	97	84	77	78	-19	1
Castela e León	92,2	94,1	97,1	95,8	3,6	-1,3	94	86	80	80	-14	0
Castela-A Mancha	80,7	78,7	81,6	81,0	0,3	-0,6	82	72	68	67	-15	-1
Cataluña	116,7	118,4	117,5	117,4	0,7	-0,1	119	108	97	98	-21	1
C. Valenciana	89,8	87,5	88,0	87,4	-2,4	-0,6	92	80	73	73	-19	0
Extremadura	69,3	72,9	75,5	74,8	5,5	-0,7	71	66	63	62	-9	-1
Galicia	87,6	90,0	92,0	92,2	4,6	0,2	89	82	76	77	-12	1
Madrid	132,7	136,9	137,0	136,6	3,9	-0,4	135	124	114	114	-21	0
Murcia	84,2	81,8	83,4	83,3	-0,9	-0,1	86	74	69	69	-17	0
Navarra	123,4	121,0	122,1	121,7	-1,7	-0,4	126	110	101	101	-25	0
País Vasco	127,7	128,4	128,5	129,1	1,4	0,6	130	117	107	108	-22	1
A Ríoxa	107,3	106,1	108,7	107,0	-0,3	-1,7	110	96	90	89	-21	-1
Ceuta	85,5	79,5	83,9	83,3	-2,2	-0,6	87	72	69	69	-18	0
Melilla	80,5	72,8	76,5	75,6	-4,9	-0,9	82	66	63	63	-19	0
Total							102	91	83	83	-19	0


(1) converxencia en termos de PIB por habitante; prezos de mercado (paridade poder adquisitivo)

(2) 2020, 2021: provisional

Fonte: INE e EUROSTAT

1.2.22.

Converxencia de Galicia e España fronte a UE-27 e Galicia fronte a España 2000-21



(1) PIB per cápita a prezos de mercado (paridade de poder adquisitivo)

Fonte: IGE, INE e EUROSTAT

1.2.23.

conxunto do Estado). Comparado co resto das Comunidades Autónomas, Galicia mantense como a décima C.A. co valor máis elevado, tras Madrid, País Vasco e Navarra, que superan o nivel da UE-27; Cataluña e Aragón, que superan o 90%; ademais de A Ríoxa, Baleares, Castela e León e Cantabria.

Atendendo á súa evolución dende o inicio da crise financeira en 2008, todas as CC.AA. presentan unha diverxencia respecto á media europea. En concreto, o descenso do indicador de PIB por habitante en Galicia é de 12,5 puntos porcentuais, sendo a segunda Comunidade que menos diverxe en termos de PIB por habitante (o menor rexístrase en Estremadura con 8,4 puntos). Como se desprende do **gráfico 1.1.23.**, entre os anos 2008 e 2013 o indicador PIB por habitante redúcese en case nove puntos (8,6 puntos fronte aos 12 no conxunto de España), mentres que dende 2013 ata o 2019 aumenta nun punto para situarse no 81,8% da media comunitaria (91,1% en España). O maior impacto da crise económica orixinada pola pandemia na economía española e galega en relación á da UE explica a minoración en case oito puntos do indicador do PIBpc no conxunto do Estado, sendo a caída de case cinco puntos no caso de Galicia (81,8% da media comunitaria en 2019 e o devandito 76,9% no último ano analizado).

Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030

No devandito contexto de incerteza, o Parlamento de Galicia aprobou en setembro de 2022 o Plan Estratéxico de Galicia para o período 2022-2030, que presenta como obxectivo xeral *“deseñar as liñas estratéxicas de actuación que convertan a Galicia nunha rexión máis verde, máis dixital, máis resiliente e mellor adaptada aos retos actuais e futuros, que converxa en riqueza coa media española e europea, a partires dun modelo de crecemento sostible e inclusivo baseado no aumento da produtividade a través da innovación, a internacionalización, o apoio ás transicións ecolóxica e dixital, o fomento da calidade do emprego e do produto, e o aumento do benestar da cidadanía galega, en especial o dos máis desfavorecidos, para seguir a artellar unha sociedade ben formada, libre e cohesionada”*.

O marco temporal fai que sexa ineludible unha coherencia con outros instrumentos de planificación, tanto de carácter sectorial levado a cabo polas distintas consellerías da Xunta de Galicia, como tamén de ámbito europeo e internacional. Así, o PEG ten en conta os obxectivos recollidos no Marco financeiro Plurianual da UE para o período 2021-2027, así coma os 17 obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, elaborada por Nacións Unidas.


En aras a acadar o devandito obxectivo, o Plan Estratéxico 2022-2030 está estruturado en tres niveis principais: eixe, prioridade de actuación e obxectivo estratéxico. En concreto, consta de 5 eixos, 21 prioridades de actuación e 70 obxectivos estratéxicos. Así mesmo, o PEG integra os principios horizontais de asociación ou participación de todas as partes pertinentes ao longo de todo o proceso –preparación, execución, seguimento e avaliación–, promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación, e desenvolvemento sostible.

No concernente aos retos estratéxicos, o eixo 1 (reto demográfico) presenta catro grandes prioridades: o emprego de calidade, con medidas que engloban a formación e a conciliación da vida laboral e familiar; a atención ao benestar e á calidade de vida das familias, centrándose especialmente nas necesidades dos maiores; a vivenda digna e accesible; e a protección da saúde.

O eixe 2 (Galicia verde e sostible) céntrase nas oportunidades que ofrece a transición cara unha economía baixa en carbono, unha resposta integral fronte ao cambio climático; a mobilidade sustentable, e a xestión sostible do patrimonio natural.

O eixe 3 céntrase na competitividade e o crecemento e contempla seis grandes prioridades: mellora das capacidades de innovación e da I+D; impulsar unha sociedade dixital que favoreza a accesibilidade ás novas tecnoloxías tanto á cidadanía como ao tecido empresarial; fomento do emprendemento e dun maior investimento que fomente o mantemento e creación de empresas, atracción de investimento e facilite a inter-

Relación do PEG 2022-2030 con outros instrumentos de planificación



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública. *Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030*

1.2.24.

Principios e retos estratéxicos do PEG 2022-2030



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública. *Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030*

1.2.25.

nacionalización; promover as infraestruturas produtivas e as de redes TIC y enerxéticas que vertebran o territorio; a procura dun sector primario moderno e competitivo e o turismo sustentable e de calidade que aposte por proxectos de alto valor engadido.

O eixe 4, de cohesión social e territorial, recolle como

prioridades unha educación inclusiva e de calidade; a igualdade de oportunidades e inclusión social; a cohesión e o equilibrio territorial, buscando entre outros aspectos unha diversificación da estrutura económica que garanta o devandito equilibrio; e a cultura como valor esencial e imprescindible para o desenvolvemento integral da sociedade.

Escenario financeiro do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030. Distribución segundo eixes

	2022	2023	2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
	(en millóns de euros)								
Eixe 1. O reto demográfico	5.653	5.717	5.707	5.736	5.843	5.935	6.134	6.346	6.573
Eixe 2. Galicia verde e sostible	368	351	352	341	335	323	341	379	381
Eixe 3. Competitividade e crecemento	1.389	1.373	1.417	1.446	1.364	1.382	1.459	1.506	1.578
Eixe 4. Cohesión social e territorial	3.665	3.731	3.778	3.839	3.921	3.979	4.114	4.258	4.406
Eixe 5. Gobernanza	333	329	331	325	285	288	290	293	300
Total	11.408	11.501	11.585	11.687	11.748	11.907	12.338	12.782	13.238
91- Intereses do servizo de débeda	74	76	77	80	82	83	81	81	82
Total Gasto non financeiro	11.482	11.577	11.662	11.767	11.830	11.990	12.419	12.863	13.320

	2022	2023	2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
	(base total non financeiro = 100)								
Eixe 1. O reto demográfico	49,2	49,4	48,9	48,7	49,4	49,5	49,4	49,3	49,3
Eixe 2. Galicia verde e sostible	3,2	3,0	3,0	2,9	2,8	2,7	2,7	2,9	2,9
Eixe 3. Competitividade e crecemento	12,1	11,9	12,2	12,3	11,5	11,5	11,7	11,7	11,8
Eixe 4. Cohesión social e territorial	31,9	32,2	32,4	32,6	33,1	33,2	33,1	33,1	33,1
Eixe 5. Gobernanza	2,9	2,8	2,8	2,8	2,4	2,4	2,3	2,3	2,3
Total	99,4	99,3	99,3	99,3	99,3	99,3	99,3	99,4	99,4
91- Intereses do servizo de débeda	0,6	0,7	0,7	0,7	0,7	0,7	0,7	0,6	0,6
Total Gasto non financeiro	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública. Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030

1.2.26.

Escenario financeiro do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030. Distribución segundo políticas de gasto

	2022	2023	2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
	(en millóns de euros)								
31.- Acción social e promoción social	943	977	1.015	1.053	1.136	1.171	1.230	1.304	1.396
32.- Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	386	387	350	318	319	324	335	340	362
41.- Sanidade	4.879	4.959	5.006	5.056	5.107	5.196	5.364	5.535	5.724
42.- Educación	2.832	2.879	2.910	2.942	2.967	3.008	3.097	3.172	3.259
51.- Infraestruturas	230	232	233	235	237	240	248	257	266
56.- I+D+i	219	243	278	295	313	336	360	369	400
91.- Débeda pública	74	76	77	80	82	83	81	81	82
Resto funcións	1.917	1.825	1.793	1.788	1.670	1.633	1.704	1.804	1.831
Total	11.480	11.578	11.662	11.767	11.831	11.991	12.419	12.862	13.320

	2022	2023	2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
	(base total non financeiro = 100)								
31.- Acción social e promoción social	8,2	8,4	8,7	8,9	9,6	9,8	9,9	10,1	10,5
32.- Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	3,4	3,3	3,0	2,7	2,7	2,7	2,7	2,6	2,7
41.- Sanidade	42,5	42,8	42,9	43,0	43,2	43,3	43,2	43,0	43,0
42.- Educación	24,7	24,9	25,0	25,0	25,1	25,1	24,9	24,7	24,5
51.- Infraestruturas	2,0	2,0	2,0	2,0	2,0	2,0	2,0	2,0	2,0
56.- I+D+i	1,9	2,1	2,4	2,5	2,6	2,8	2,9	2,9	3,0
91.- Débeda pública	0,6	0,7	0,7	0,7	0,7	0,7	0,7	0,6	0,6
Resto funcións	16,7	15,8	15,4	15,2	14,1	13,6	13,7	14,0	13,7
Total Gasto non financeiro	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública. Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030

1.2.27.

Principais metas do PEG 2022-2030

	Eixo	2020	Obxectivo	
			2025	2030
1 Taxa de ocupación (20-64 anos)	E.1.	66,8%	70,0%	74,0%
2 Taxa de paro	E.1.	12,0%	10,0%	8,0%
Taxa de paro xuvenil	E.1.	33,1%	26,0%	18,0%
3 Redución da temporalidade en seis puntos	E.1.	24,0%	21,5%	18,0%
4 Pob. Educación terciaria ou superior	E.4.	40,3%	43,0%	45,0%
5 Abando escolar temperá	E.4.	12,0%	7,5%	6,5%
6 Taxa de cobertura escolar 0-3 anos	E.1.	43,4%	47,5%	60,0%
7 Esforzo investigador (gasto I+D / PIB)	E.3.	1,09%	1,3%	2,0%
8 Pob. 16-74 anos que emprega algunha habilidade informática nos últimos 12 meses	E.3.	63,3%	77,5%	90,0%
9 Tamaño medio pemes (incremento 15%)	E.3. (1)	3,26	3,30	3,70
10 Incremento peso exportacións en PIB (10 puntos)	E.3.	35,5%	38,0%	45,0%
11 Taxa pobreza ou exclusión social	E.4.	19,5%	16,5%	14,0%
12 Nº prazas residencias maiores	E.1.	21.158	24.580	26.080
13 Fenda salarial xénero (2) (3)	E.1.	9,9%	6,0%	0,0%
Taxa feminidade no emprego (3)	E.1.			100,0%
14 % enerxía renovable na xeración enerxía eléctrica (3)	E.2.	59,0%	75,0%	84,8%
% enerxía renovable no consumo enerxía final (3)	E.2.	37,7%	53,0%	58,0%
15 Emisión gases efecto invernadoiro respecto 1990	E.2.	-23,8%	-40,0%	-55,0%
16 Taxa reciclaxe RSU	E.2.	20,0%	55,0%	60,0%
17 Tempo de espera estrutural cirúrxica (redución do 30%)	E.1.	72,9 días	55 días	50 días
Tempo de espera estrutural consulta (redución do 27%)	E.1.	49,3 días	40 días	36 días
18 Anos vida saudable (3)	E.1.	19,6 anos	20 anos	23 anos

(1) Persoas asalariadas

(2) A fenda salarial publicada polo IGE calcula a diferenza entre a ganancia media por hora dos homes e a das mulleres coma porcentaxe da ganancia media por hora dos homes. Fronte ao 9,9% recollido na táboa para 2019, se se ten en conta o dato do salario medio bruto, a fenda salarial nese ano é do 19,5%, polo que a meta a 2030 sería a redución ao 10%.

(3) O ano base é o 2019

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública. Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030

1.2.28.

Por último, a eixe 5 céntrase na gobernanza e fai fincapé no reforzo do autogoberno e a cooperación entre administracións; na mellora na prestación de servizos e xeración de valor engadido ao cidadán (accesibilidade, axilidade e sencillez), así como nas finanzas públicas sustentables.

• Escenario financeiro

Tendo en conta o crecemento do PIB potencial que se prevé para os vindeiros anos, elabórase un cadro financeiro da Comunidade Autónoma e unha distribución funcional do gasto. O PEG sinala que os fondos de recuperación europeos serán o principal instrumento para dar resposta ao impacto da crise causada polo coronavirus, transformar a nosa economía e crear oportunidades e traballos de calidade. Impulsarán durante a primeira metade da década a transformación cara unha Galicia máis ecolóxica, dixital e resiliente.

Os **cadros 1.2.26. e 1.2.27.** amosan o escenario financeiro do PEG e a distribución do gasto tanto segundo eixos como políticas de gasto. Dunha banda, cómpre resaltar que o eixo 1 é quen concentra o maior número de fondos, por diante do eixe relativo a cohesión social e territorial. En concreto, case a metade do gasto previsto no período 2022-30 diríxese ao reto demográfico (49,3%) seguido do obxectivo da cohesión, co 32,8%. O eixo 3 de competitividade e crecemento concentra o 11,9%, en tanto que a Galicia verde e sostible (eixe 2) e a gobernanza (eixe 5) acollen menos do 3% cada un.

Doutra banda, se se consideran as políticas de gasto, o destino máis importante en termos orzamentarios corresponde á sanidade e á educación, que concentran o 43% e o 24,9%, respectivamente, do gasto no período de vixencia do PEG. En terceiro lugar situaríase o gasto dirixido á acción social e promoción social cun 9,4%.

Indicadores da Estratexia Europa 2020. Obxectivo para Galicia e resultado final (1)

		Obxectivo Galicia	Valor acadado 2020	Grado eficacia
1. Emprego	Poboación entre 20 e 64 anos empregada (2)	70,0%	66,8%	MEDIA-ALTA
2. I+D	Gasto en I+D sobre o PIB	1,7%	1,09%	BAJA
3. Cambio climático e sustentabilidade enerxética	Emisións de gases efecto invernadoiro (1999=100)	80,0%	64,1%	ALTA
	Porcentaxe de enerxías renovables	30,0%	37,7% (2019)	ALTA
	Eficiencia enerxética	130,0%		
4. Educación	Taxa de abandono escolar temperá	13,5%	12,0%	ALTA
	Porcentaxe de persoas de 30 a 34 anos con estudos de nivel terciario	47,0%	46,5%	MEDIA
5. Loitar contra a pobreza e a exclusión social	Persoas en risco de pobreza e exclusión social	Reducir 90.000-100.000		ALTA
		19,6% - 19,9%	19,5%	
Outros indicadores				
Converxencia	PIB per cápita en paridades de poder adquisitivo respecto á media da Unión Europea (UE28=100)	88		MEDIA

(1) considérase que o grado de eficacia é alto se se cumpre o obxectivo definido para o ano 2020; MEDIA se a taxa de variación entre o valor observado e o valor previsto polo PEG, obtido este último por interpolación entre o valor no ano base e o valor en 2020 se atopa entre -7,5% e 0%; grado de eficacia BAIXO cando a variación é inferior ao 7,5%.

(2) Considerase que ten un grado de eficacia media-alta tendo en conta que o datos de 2019 (os datos da covid nótanse a partir de marzo de 2020) seguen a liña prevista no PEG

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de Xunta de Galicia, *Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020*

1.2.29.

• Metas a acadar e indicadores de contexto

Coas previsións dun crecemento medio anual superior ao de España nunha décima, acadarase unha converxencia en renda dispoñible dos fogares per cápita ata alcanzar o nivel medio nacional e ata o 98% en termos de PIB per cápita en 2030. Asemade, coa hipótese dun crecemento medio anual da UE27 ata 2025 inferior nun punto ao de Galicia, e de 6 décimas na segunda metade da década, o PIB per cápita en paridade de poder adquisitivo, situaríase no 91% da media da UE27, converxendo 11 puntos respecto ao valor estimado en 2020.

Xunto a esta converxencia, a partir de 75 indicadores de contexto o Plan salienta un total de 18 metas a acadar no ano 2030, fixando ao mesmo tempo o obxectivo intermedio para o ano 2025. O **cadro 1.2.28** recolle as devanditas metas e os obxectivos a acadar, así como o ano base 2020 e os valores correspondentes ao ano 2022.

• Grao de cumprimento do

Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020

Por último, este apartado ten por obxecto analizar o

grado de cumprimento do PEG 2015-2020, que tiña por obxecto *“impulsar o crecemento económico de Galicia partindo dun modelo baseado na innovación e o capital humano, que colabore a acadar unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente e que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e a renda dos galegos e das galegas colaborando a retomar a senda do crecemento demográfico”*.

O Plan contemplaba unha serie de retos que ofrecen unha visión global dos principais parámetros a acadar en 2020, en coherencia coa Estratexia Europa 2020. Cómpre por de manifesto que a crise orixinada pola pandemia, cuxos efectos notáronse a partir de marzo de 2020, supuxo *“non só dificultades de mellora dalgúns dos indicadores, senón tamén un importante retroceso en casos concretos, como o crecemento económico ou o emprego”*.

No concernente á Estratexia Europa 2020, o **cadro 1.2.29** recolle o obxectivo fixado para Galicia así como o valor acadado no ano 2020. Cómpre resaltar en primeiro lugar que o maior incumprimento apréciase no esforzo investidor, tendo en conta que se prevía que o gasto en actividades de I+D sobre o PIB acadara en Ga-

Retos do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020

			Obxectivo	Valor acadado 2020	Período 2015-19 ou ano 2019	Eficacia
1. Actividades económica (PIB) e converxencia	PIB real	(crecemento medio anual)	2,5%	0,6%	2,8%	ALTA
	Converxencia coa UE	(incremento puntos porcentuais 2015-20)	7,6		3,0	
		(UE = 100)	87,2%		82,6%	MEDIA
	Converxencia con España	(incremento puntos porcentuais 2015-20)	3,5	2,6	0,9	
		(España = 100)	92,7%	91,8%	90,1%	MEDIA
2. Actividade exportadora	Peso exportacións sobre o PIB	(porcentaxe)	40,0%	35,5%		BAIXA
		(incremento puntos porcentuais)	7,1	2,7		
3. Emprego	Poboación ocupada. Empregos creados	(miles de persoas)	1.119,0	1.074,0	1.095,0	MEDIA- ALTA
		(incremento 2015-20)	121,0	76,2	97,0	
		(porcentaxe)	70,0%	66,8%	68,0%	MEDIA- ALTA
	Taxa de ocupación (20-64 anos)	(incremento puntos porcentuais 2015-20)	10,3	7,1	8,3	
		(porcentaxe)	10,3%	12,0%	11,8%	MEDIA- ALTA
	Taxa de paro	(descenso puntos porcentuais 2015-20)	-11,4	-9,7	-9,9	
4. I+D+i	Esforzo investigador	(% gasto I+D+i/PIB)	1,70%	1,09%	0,97%	BAIXA
		(incremento puntos porcentuais 2015-20)	0,80	0,21	0,09	
5. Educación	Taxa de abandono escolar temperá	(porcentaxe)	13,5%	12,0%		ALTA
		(descenso puntos porcentuais 2015-20)	5,0	5,9		
	Poboación 30 a 34 anos con estudios de nivel terciario	(porcentaxe)	47,0%	46,5%		MEDIA
6. Inclusión social	Taxa de risco de pobreza ou exclusión social	(porcentaxe)	19,8%	19,5%	18,8%	MEDIA
		(redución número de persoas 2015-20)	95.000 - 100.000		-117.558	ALTA
7. Medio Ambiente	Emisións GEI	(% redución respecto 2005)	35,0%		-38,8%	ALTA
	Participación enerxía renovable no consumo final bruto	(% consumo total)	30,0%		37,7%	ALTA
		(Incremento eficiencia enerxética)	20,0%			
	Intensidade enerxética	(ktep/millón € 2010)	0,120		0,098	MEDIA
		(% redución respecto 2005)	-16,4%		-19,7%	

(1) considérase que o grado de eficacia é alto se se cumpre o obxectivo definido para o ano 2020; MEDIA se a taxa de variación entre o valor observado e o valor previsto polo PEG, obtido este último por interpolación entre o valor no ano base e o valor en 2020 se atopa entre -7,5% e 0%; grado de eficacia BAIXO cando a variación é inferior ao 7,5%.

(2) Considerase que ten un grado de eficacia media-alta tendo en conta que o datos de 2019 (os datos da covid nótanse a partir de marzo de 2020) seguen a liña prevista no PEG

Fonte: Elaboración propia a partir de Xunta de Galicia, Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020

1.2.30.

lica o 1,7% cando a porcentaxe acadada en 2020 é inferior ao 1,1%. Xunto a este indicador, no ano 2020 atópase lixeiramente por baixo do obxectivo a acadar a porcentaxe de persoas de 30-34 anos con estudos de nivel terciario (46,5% vs 47%), o que supón un grado de eficacia media. Asemade, os datos relativos á converxencia coa UE, medida en termos de paridade de poder adquisitivo, poden considerarse tamén cunha eficacia media.

Por contra, os mellores resultados acádanse no caso da porcentaxe de enerxías renovables no consumo final

de enerxía, que se sitúa por baixo de 40%, así como no caso da taxa de abandono escolar, que acadará o 12% fronte ao 13,5% fixado como obxectivo. Ao mesmo tempo, o dato de emprego (poboación ocupada con idades comprendidas entre 20 e 64 anos) presenta unha eficacia media-alta tendo en conta que os datos correspondentes ao ano 2019 seguen a tendencia marcada no plan, acadando o 68% fronte ao obxectivo do 70%.

Xunto a estes indicadores da Estratexia Europa 2020, o **cadro 1.2.30.** amosa os principais retos do PEG, que

dan unha imaxe global dos obxectivos a cumprir no ano 2020, recollendo nalgúns casos o dato correspondente ben ao ano 2019 ou ben ao período 2015-2019 por mor do forte impacto da covid, que condiciona a avaliación da eficacia das medidas postas en marcha. No devandito cadro recóllense sete grandes áreas e catorce indicadores, así como o seu grado de eficacia. 

1.3. Evolución demográfica

A poboación inscrita no Padrón de habitantes a 1 de xaneiro de 2022 en Galicia descende ata as 2.690.464 persoas, o que representa o 5,7% da poboación española. En relación ao ano anterior hai empadroadas 5.181 persoas menos (−0,2%), continuando así a tendencia descendente iniciada en 2011 e tan só interrompida no ano 2019. Considerando un horizonte temporal máis amplo, dende o ano 2008, Galicia perde 93.705 habitantes (3,4%), sendo unha das catro Comunidades Autónomas cunha caída da súa poboación xunto a Asturias, Castela e León e Estremadura, o que contrasta coa medra do 2,9% no conxunto de España (1,3 millóns de persoas máis).

A estrutura territorial galega, con moitos núcleos de poboación illados e de escasa densidade, deriva nunha estrutura demográfica na que case catro de cada dez municipios teñen menos de 2.000 habitantes e onde só reside o 5,3% da poboación galega total. Esta distribución territorial está especialmente descompensada na provincia de Ourense, onde o 74% dos seus concellos teñen menos de 2.000 habitantes e neles reside o 25% da poboación total da provincia.

Asociado á perda de poboación das zonas rurais interiores, outra constante é o envellecemento da poboación por unha caída da fecundidade ou o aumento da esperanza de vida, entre outros moitos factores sociais e económicos. A un de xaneiro de 2022, a poboación de 65 e máis anos aumenta en Galicia ata as 702.630 persoas, o 26,1% da poboación total, 6,1 puntos porcentuais por riba do rexistrado no conxunto do Estado. Esta porcentaxe agrávase nos concellos de menos de 1.000 habitantes, onde case o 44% a poboación ten máis de 65 anos. O envellecemento en Galicia é dobremente preocupante ao estar caracterizado por unha tendencia descendente da poboación potencialmente activa, que repercute de xeito directo na sostibilidade do sistema de Seguridade Social.

No presente capítulo analizarase a estrutura da poboación galega e o movemento natural da poboación, facendo especial referencia ao panorama rural e urbano por mor da importancia do rural galego tanto dende o punto de vista social como económico ou medioambiental.

Poboación nas CC.AA. 2021-22⁽¹⁾

	2022				22/21		
	Total	Homes	Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres
Andalucía	8.500.187	4.187.595	4.312.592	97,0	27.780	14.256	13.524
Aragón	1.326.315	655.476	670.839	27,8	54	228	-174
Asturias	1.004.686	479.134	525.552	94,7	-7.106	-3.531	-3.575
Baleares	1.176.659	585.696	590.963	235,7	3.651	843	2.808
Canarias	2.177.701	1.075.415	1.102.286	292,4	4.757	1.235	3.522
Cantabria	585.402	283.718	301.684	110,0	895	340	555
Castela e León	2.372.640	1.167.883	1.204.757	25,2	-10.499	-5.231	-5.268
Castela-A Mancha	2.053.328	1.028.003	1.025.325	25,8	3.766	1.875	1.891
Cataluña	7.792.611	3.833.786	3.958.825	242,7	29.249	13.955	15.294
C. Valenciana	5.097.967	2.509.961	2.588.006	219,2	39.829	18.567	21.262
Extremadura	1.054.776	521.463	533.313	25,3	-4.725	-2.513	-2.212
Galicia	2.690.464	1.294.708	1.395.756	91,0	-5.181	-2.593	-2.588
A Coruña	1.119.180	536.587	582.593	140,8	-954	-417	-537
Lugo	323.989	156.967	167.022	44,5	-2.024	-925	-1.099
Ourense	304.280	146.072	158.208	30,9	-943	-423	-520
Pontevedra	943.015	455.082	487.933	209,8	-1.260	-828	-432
Madrid	6.750.336	3.230.154	3.520.182	833,6	-915	454	-1.369
Murcia	1.531.878	767.408	764.470	135,4	13.392	7.046	6.346
Navarra	664.117	328.620	335.497	63,9	2.580	1.155	1.425
País Vasco	2.208.174	1.073.593	1.134.581	305,2	-5.819	-2.792	-3.027
A Rioxa	319.892	157.851	162.041	63,4	96	28	68
Ceuta	83.117	41.927	41.190	4.374,6	-400	-281	-119
Melilla	85.170	42.990	42.180	6.551,5	-1.091	-613	-478
Total	47.475.420	23.265.381	24.210.039	93,8	90.313	42.428	47.885
Galicia / España (%)	5,67	5,56	5,77				

(1) Datos definitivos

Fonte: INE, *Estadística del Padrón Continuo*

1.3.1.

Estrutura da poboación

Dende o ano 2010, Galicia sofre unha perda continuada da súa poboación, tendencia tan só interrompido no ano 2019. A 1 de xaneiro de 2022 Galicia conta con 2.690.464 persoas empadroadas, o que supón 5.181 persoas menos que na mesma data do ano anterior. A diferenza do que acontece en Galicia, a poboación inscrita en España no Padrón Municipal de habitantes aumenta no último ano en 90.313 persoas, un 0,2%, para situarse nos 47,5 millóns de persoas.

O devandito descenso de poboación en Galicia afecta tanto a homes como a mulleres así como ás catro provincias galegas, aínda que de xeito máis acusado ás provincias de Lugo e Ourense. Dunha banda, a redución da poboación no último ano é similar en ambos os dous sexos tanto en termos absolutos (en torno a 2.600 per-

soas menos) como relativos (0,2%). Doutra banda, entre xaneiro de 2021 e 2022 Lugo presenta a caída de poboación máis intensa tanto en termos absolutos como relativos, situándose no 0,7% no caso das mulleres (-1.099 mulleres menos) e no 0,6% entre os homes (925 persoas menos). En Ourense, este minoración foi do 0,3%, o que supón 658 mulleres e 581 homes menos.

Dende o inicio da crise económica de 2008 Galicia perdeu 93.705 habitantes, o que supón unha redución do 3,4%, o que contrasta co incremento de 1,3 millóns de habitantes (2,9%) no conxunto do Estado. En comparación co acontecido no resto de CCAA, catro Comunidades Autónomas perderon poboación no devandito período de tempo, salientando Castela e León e Asturias, cunha caída superior ao 7%, por diante de Extremadura co 3,9%.

Evolución da poboación 2008-22 ⁽¹⁾: distribución provincial, nas 7 grandes cidades e segundo concellos

	2008	2014	2019	2020	2021	2022	Poboación 2022		
							Menores 16 anos	De 16 a 64	65 e máis
							(% sobre poboación)		
Total	2.784.169	2.748.695	2.699.499	2.701.819	2.695.645	2.690.464	12,2	61,7	26,1
A Coruña	1.139.121	1.132.735	1.119.596	1.121.815	1.120.134	1.119.180	12,5	62,0	25,6
Lugo	355.549	342.748	329.587	327.946	326.013	323.989	10,6	59,4	29,9
Ourense	336.099	322.293	307.651	306.650	305.223	304.280	10,3	57,8	31,9
Pontevedra	953.400	950.919	942.665	945.408	944.275	943.015	13,0	63,4	23,6
Galicia occidental costa	1.965.482	1.966.178	1.950.806	1.955.982	1.953.438	1.951.501	12,8	62,8	24,5
Galicia interior	818.687	782.517	748.693	745.837	742.207	738.963	10,7	58,9	30,4
Sete grandes cidades	993.124	994.407	990.938	995.126	987.271	983.206	12,8	62,6	24,5
Vigo	295.703	294.997	295.364	296.692	293.837	292.374	13,0	63,3	23,7
A Coruña	245.164	244.810	245.711	247.604	245.468	244.700	12,5	62,0	25,4
Ourense	107.057	106.905	105.233	105.643	104.596	103.756	12,4	61,2	26,5
Lugo	95.416	98.560	98.276	98.519	97.613	97.211	13,6	63,2	23,2
Santiago de Compostela	94.339	95.800	97.260	97.848	97.858	98.179	13,3	63,4	23,3
Pontevedra	80.749	82.946	83.029	83.260	83.114	82.828	13,9	64,1	22,0
Ferrol	74.696	70.389	66.065	65.560	64.785	64.158	10,8	59,8	29,4
Concellos segundo tamaño									
< 1.000 hab.	28.027	23.952	23.147	24.709	25.665	26.691	5,4	50,7	43,9
1.001 a 5.000 hab.	475.635	425.767	387.563	380.972	383.859	380.541	8,3	55,7	36,0
5.001 a 10.000 hab.	399.710	397.037	402.406	382.371	378.356	378.669	11,8	60,6	27,5
> 10.000 hab.	1.880.797	1.901.939	1.886.383	1.913.767	1.907.765	1.904.563	13,1	63,3	23,6

(1) datos do padrón

(2) comparativa feita en base a 2020; Cesuras e Oza dos Ríos incluídos en 2008 no grupo de 1001 a 5000 hab. Cerdedo-Cotobade antes do 2017 no de 5001 a 10000 hab.

Fonte: IGE, Cifras de poboación, Padrón Municipal de Habitantes

1.3.2.


No que á distribución da poboación no territorio se refire, **cadro 1.3.2.**, o conxunto das comarcas que compoñen a chamada Galicia interior sofre no período 2008-2021 unha perda continuada de poboación rexistrando a 1 de xaneiro de 2022 unha poboación empadroada de 738.963 persoas, 79.724 habitantes menos que na mesma data de 2008 (9,7% menos). Por outra banda, nese período de tempo a perda de poboación residente nas comarcas da denominada Galicia occidental-costa foi do 0,7% (13.981 persoas menos), acadando as 1.951.501 persoas. Tendo en conta esta menor intensidade da caída da poboación, a concentración da poboación na Galicia occidental-costa aumenta en case dous puntos porcentuais, pasando do 70,6% en xaneiro de 2008 ata os mencionados 72,5% de 2022 (**cadro 1.3.3.**).

A devandita maior concentración da poboación apréciase tamén na análise da distribución da poboación

segundo o seu grao de urbanización: territorios rurais (zonas pouco poboadas; ZPP), zonas urbanas e zonas intermedias de poboación. A 1 de xaneiro de 2022, un 36,5% (983.206 habitantes) reside nas denominadas zonas densamente poboadas (ZDP), definidas como áreas cunha densidade superior a 500 habitantes por quilómetro cadrado e unha poboación total de alomenos 50.000 habitantes; un 37,2% (1.000.315 persoas) nas denominadas zonas intermedias (ZIP), definidas como zonas que non pertencen a ZDP e que contan cunha densidade superior a 100 habitantes por quilómetro cadrado e, ou ben a poboación total da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben son adxacentes a unha ZDP. O restante 26,3% (706.943 persoas) reside nas zonas pouco poboadas (ZPP), definidas como áreas locais que non pertencen a ningunha das anteriores.

A devandita distribución non é homoxénea entre as provincias galegas. Dunha banda, o 45,7% da poba-

Poboación na Galicia occidental costa e na Galicia interior 2008-22



Fonte: IGE, Cifras de poboación, Padrón Municipal de Habitantes

1.3.3.

ción de Ourense e o 44,1% de Lugo reside nas ZPP, o que contrasta co 15,4% na provincia de Pontevedra e o 25% na Coruña. Nestas dúas últimas provincias a maior concentración de poboación rexístrase nas ZIP, ao acoller o 44,8% e 38,6% da súa poboación (25,9% en Lugo e 20,2% en Ourense). No caso das ZDP, o 39,8% da poboación de Pontevedra está inscrita nestas zonas, case dez puntos máis que na provincia de Lugo (30%), descendendo esta porcentaxe ata o 34,1% en Ourense e o 36,4% na Coruña.

O descenso da poboación rexistrado en Galicia no ano 2021 explícase en maior medida por unha caída da poboación nas zonas densamente poboadas (4.065 persoas menos; -0,4%), reducíndose ao mesmo tempo a poboación inscrita nas ZPP nun 0,3% (2.106 persoas menos) cando no ano anterior permanecía practicamente estable (97 habitantes menos). Isto contrasta cunha medra do 0,1% da poboación nas zonas intermedias, o que supón 990 persoas máis.

As catro provincias galegas presentan unha caída da poboación tanto nas ZDP, máis acusada en termos relativos en Ourense, co -0,8% (840 persoas menos), como nas ZPP, onde Lugo rexistra a maior caída interanual cun -0,9% (1.268 persoas). En termos absolutos o descenso máis intenso prodúcese nas ZDP de Pontevedra, con 1.749 persoas menos, por diante da Coruña, con 1.074 persoas menos, en tanto que nas ZPP salienta o descenso experimentado na provincia de Lugo cos devanditos 1.268 habitantes menos. Finalmente, no que ás ZIP se refire, a poboación descende na provincia de Lugo, cunha caída interanual do 0,4% (354 persoas menos) fronte ao incremento do 0,2% experimentado en Pontevedra e A Coruña (689 e 658 persoas máis, respectivamente), permanecendo practicamente constante en Ourense (3 persoas menos).

Se se amplía o horizonte temporal ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2008 e 2022, os datos da estatística do padrón continuo de habitantes reflicten que o descenso da poboación en case 94.000 persoas

(3,4%) ven motivado principalmente pola perda poboacional nas ZPP, cunha redución do 13% (105.558 persoas menos), e en moita menor medida nas ZDP (-1%; 9.918 persoas menos). Isto contrasta coa medra do 2,2% experimentada nas ZIP entre as dúas datas consideradas (21.771 persoas máis).

Neses quince anos as perdas de poboación máis importantes rexístranse nas ZPP, e de maneira especial en Lugo e Ourense, cunha redución superior ao 17%. En concreto, a poboación residente nas ZPP de Lugo redúcese nun 17,5%, o que supón 30.318 persoas menos (31.560 persoas menos no conxunto da provincia de Lugo); e as ZPP de Ourense presentan un descenso do 17,2%, o que significa 28.914 persoas menos (na provincia a perda da poboación ascende a 31.819 persoas). Asemade, no caso das ZDP tan só Lugo presenta unha ganancia de poboación, cunha medra do 1,9% entre as dúas datas consideradas, fronte á caída do 3,1% rexistrada en Ourense (3.301 persoas menos) e do 1,7% na Coruña (7.162 persoas menos). O descenso menos acusado prodúcese en Pontevedra, cunha caída do 0,3% (1.250 persoas).

Por contra, o incremento da poboación nas ZIP rexístrase en todas as provincias agás en Lugo, cun descenso do 3,5% (3.037 persoas menos). As ZIP na provincia da Coruña presentan o incremento máis acusado, cunha medra do 4% entre os dous anos considerados (16.802 persoas) fronte ao 1,8% en Pontevedra (7.610 persoas) e o 0,6% en Ourense (396 persoas máis).

Por último, no concernente á análise a **nivel municipal**, entre o un de xaneiro de 2021 e 2022 a poboación galega medra en 125 dos 313 concellos galegos, dos que 40 pertencen á provincia de Ourense, 38 á Coruña, 32 a Pontevedra e os 15 concellos restantes, a Lugo. Comparando a poboación empadroada en xaneiro de 2022 coa empadroada na mesma data de 2008, dos 53 concellos que experimentan un incremento da súa poboación, 22 pertencen á provincia da Coruña e 21 á de Pontevedra, fronte aos cinco en Ourense e Lugo. Dende o ano 2008 os concellos con maior incremento da poboación en termos absolutos son Ames, con 6.277 habitantes máis, Oleiros e Ar-

teixo, en tanto que en termos relativos destaca San Cibrao das Viñas, cunha medra do 32,2%, por diante de Barbadás, Miño e Ames, cun incremento lixeiramente superior ao 24%.

Atendendo á desagregación segundo tamaño dos municipios, no último ano un total de 23 concellos en Galicia contaban cunha poboación empadroada superior aos 20.000 habitantes (en 56 municipios residen máis de 10.000 persoas), nos que en conxunto estaban empadroadas 1.439.572 persoas, 3.355 menos que na mesma data do ano anterior, o que supón o 53,5% do total da poboación de Galicia, máis de dous puntos superior á porcentaxe rexistrada en 2008 (51,3%). Non obstante, esta distribución non é homoxénea entre as distintas provincias, tendo en conta que en Ourense e Lugo tan só as capitais teñen máis de 20.000 habitantes, o que representa o 34,1% e 30% da súa poboación, respectivamente. Na Coruña, os once concellos que superan esa cifra de poboación concentran o 59,2% da súa poboación, situándose esta porcentaxe no 61,1% en Pontevedra (once concellos).

No extremo oposto, a un de xaneiro de 2022 a poboación inscrita nos 37 concellos menos poboados de Galicia (menos de 1.000 habitantes) descende ata as 26.691 persoas (81 menos que no ano anterior), o que representa o 1% da poboación galega. Na mesma data de 2008 tan só 17 concellos contaban con menos de mil habitantes, acollendo un total de 12.230 persoas, o 0,4% da poboación galega. Deses 37 concellos un total de 26 corresponden a Ourense, onde a poboación inscrita representa en 2022 o 6% da súa poboación (7,4% en 2008).

Se consideramos en conxunto a poboación residente en concellos con menos de 5.000 persoas inscritas (201 concellos), o 36,1% da poboación de Ourense e o 35% no caso de Lugo está empadroada neses concellos (81 e 55 municipios, respectivamente), sendo esta porcentaxe do 15,1% en Galicia e en torno ao 12% no conxunto do Estado. No ano 2008 a poboación residente nestes concellos supuña o 41,8% en Ourense e o 39,7% da poboación e Lugo fronte ao 17,9% no conxunto da Comunidade Autónoma

Os sete concellos máis importantes en termos de poboación concentran o 36,1% da poboación galega a 1 de xaneiro de 2022, unha décima máis que no ano anterior, cando na mesma data de 2008 esta porcentaxe ascende a 35,7%. En termos absolutos estes concellos contan no último ano con 983.206 habitantes, o que supón 4.065 menos que en 2021 (-0,4%). Por segundo ano consecutivo tan só Santiago de Compostela presenta un incremento da súa poboación (0,3%; 321 habitantes máis), manténdose os concellos de Ferrol e Ourense como os municipios con maior descenso; en concreto, Ferrol perde o 1% da súa poboación (627 habitantes) e Ourense, un 0,8% (849 persoas).

Atendendo á evolución dende xaneiro de 2008 cómpre resaltar o descenso nun 14,1% da poboación empadroadada no concello de Ferrol, o que supón 9.911 habitantes menos entre os dous anos considerados. Asemade, Ourense presenta unha caída do 3,1% (3.301 empadroados menos), e Vigo, dun 1,1% (3.329 persoas menos). Por contra, os maiores incrementos da poboación empadroadada rexístranse en Santiago de Compostela, cunha medra do 4,1% (3.840 persoas máis); Pontevedra, cun 2,6% (2.079 persoas) e Lugo, cun 1,9% (1.795 habitantes). Na cidade da Coruña a poboación residente redúcese un 0,2% no período sinalado (464 persoas menos).

• Composición por idades

O envellecemento da poboación é unha tendencia a longo prazo que se iniciou hai varias décadas en Galicia así como no conxunto de Europa, e que se fai evidente no incremento da proporción de persoas maiores xunto cun descenso na proporción de persoas en idade laboral. Xunto á maior lonxevidade (incremento da esperanza de vida e da idade media) a composición por idades da poboación reflicte ademais un envellecemento do envellecemento, cobrando cada vez maior importancia relativa as persoas de idade moi avanzada.

A 1 de xaneiro de 2022 a idade media en Galicia ascende a 48 anos, o que supón unha medra de 3,6 anos respecto ao ano 2008 e 5,7 en relación ao ano 2000 (neste último ano tan só Canarias presenta unha medra

superior á rexistrada na C.A.). Comparado co resto das CC.AA Galicia mantense como a terceira Comunidade Autónoma con maior idade media, só por detrás de Asturias (49,2 anos) e Castela e León (48,2 anos), ascendendo a idade media ata os 44,1 anos no conxunto de España. A idade media das mulleres é superior á dos homes, con 49,6 anos de media en Galicia no caso das mulleres e 46,4 anos no dos homes (45,4 e 42,8 anos en España, respectivamente).

No último ano tan só tres provincias españolas superan os 50 anos de idade, situándose Zamora como a provincia con maior idade media, con 51,6 anos, por diante de Ourense e Lugo con 51,2 e 50,4 anos de media respectivamente. Nas provincias da Coruña e Pontevedra, a idade media ascende a 47,7 anos e 46,5 anos, en ámbolos dous casos por riba da media estatal.

Doutra banda, a esperanza de vida aos 65 anos en Galicia no ano 2021 (último ano dispoñible) ascende a 21,6 anos, 1,2 máis que no ano 2008, o que a sitúa como a cuarta C.A. coa EV máis elevada tras Madrid (22,3), Navarra (22) e Castela e León (21,9). En todas as CC.AA. as mulleres presentan unha esperanza de vida superior á dos homes, situándose en Galicia en 23,6 anos e 19,4 anos, respectivamente. No conxunto de España a EV ascende a 21,2 anos, situándose en 23,1 anos entre as mulleres e en 19 entre os homes.

As catro provincias galegas presentan unha EV aos 65 anos superior a media de España, ascendendo en Ourense a 22 anos, cifra tan só superada por Salamanca, Madrid, Álava, Burgos e Soria. Na provincia de Pontevedra ascende ata os 21,7 anos, en tanto que en Lugo se sitúa en 21,6 anos e na Coruña en 21,4.

O índice de dependencia global, que reflicte a relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (poboación menor de 15 anos e poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos) aumenta en dez puntos e medio entre xaneiro de 2008 e 2022, acadando no último ano un valor de 59,9. Este índice presenta valores significativamente máis elevados entre as mulleres que entre os homes, acadando

Poboación nas CC.AA. 2022⁽¹⁾: distribución segundo grupos de idade

	Total		Grupos de idade				
		(%)	0-14	15-44	45-64	≥65	≥85
		(%)			(%)		
Andalucía	8.500.187	17,90	14,8	37,3	30,0	18,0	2,6
Aragón	1.326.315	2,79	13,5	34,2	30,2	22,1	4,4
Asturias	1.004.686	2,12	10,4	29,8	32,7	27,2	5,2
Baleares	1.176.659	2,48	14,4	39,9	29,4	16,3	2,3
Canarias	2.177.701	4,59	12,2	38,4	32,3	17,1	2,3
Cantabria	585.402	1,23	12,4	32,8	31,7	23,1	4,2
Castela e León	2.372.640	5,00	11,4	30,9	31,5	26,2	5,6
Castela-A Mancha	2.053.328	4,33	14,3	36,3	30,1	19,3	3,7
Cataluña	7.792.611	16,41	14,4	37,2	29,2	19,3	3,3
C. Valenciana	5.097.967	10,74	13,9	35,8	30,4	20,0	2,9
Extremadura	1.054.776	2,22	12,9	34,7	30,9	21,5	4,1
Galicia	2.690.464	5,67	11,3	31,7	30,8	26,1	5,2
A Coruña	1.119.180	2,36	11,6	31,8	31,0	25,6	4,9
Lugo	323.989	0,68	9,9	29,5	30,6	29,9	7,1
Ourense	304.280	0,64	9,6	28,8	29,8	31,9	7,4
Pontevedra	943.015	1,99	12,1	33,4	31,0	23,6	4,3
Madrid	6.750.336	14,22	14,4	37,7	29,6	18,3	3,1
Murcia	1.531.878	3,23	16,4	38,7	28,8	16,1	2,4
Navarra	664.117	1,40	14,8	35,3	29,6	20,3	3,6
País Vasco	2.208.174	4,65	13,1	32,7	31,0	23,2	4,2
A Ríoxa	319.892	0,67	13,9	34,2	30,4	21,5	4,1
Ceuta	83.117	0,18	19,0	41,1	27,3	12,5	1,6
Melilla	85.170	0,18	21,6	41,8	25,4	11,2	1,3
Total	47.475.420	100	13,8	36,0	30,2	20,0	3,4

(1) Datos a 1 de xaneiro definitivos

Fonte: INE, *Padrón continuo*

1.3.4.

en 2022 o 64,8 e 54,9, respectivamente (54,3 entre as mulleres e 44,5 entre os homes no ano 2008). Doutra banda, o índice de envellecemento, que expresa a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos, aumenta de maneira importante no devandito período de tempo, situándose en Galicia en 167,3 persoas de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos (135,5 en xaneiro de 2008), ascendendo a 139,4 entre os homes e 197 entre as mulleres.

Tal como se observa no **cadro 1.3.4.**, o 26,1% da poboación galega a 1 de xaneiro de 2022 ten 65 ou máis anos (20% no conxunto do Estado), porcentaxe tan só superada por Castela e León, co 26,2%, e Asturias, cun 27,2%. Asemade, o peso relativo das persoas maiores de 85 anos sobre o total de poboación ascende en Galicia ata o 5,2%, o que a sitúa tan só por detrás de As-

turias (5,6%), e moi por encima da media estatal que é do 3,4% (sitúase no 5,2% en Castela e León). Por outra banda, tan só o 11,3% da poboación galega ten menos de 14 anos (13,8% en España), porcentaxe só inferior á rexistrada en Asturias, cun 10,4% (11,4% en Castela e León).

Ourense e Lugo son as provincias galegas onde unha maior porcentaxe da súa poboación ten idades superiores aos 65 anos. O 31,9% da poboación de Ourense supera os 65 anos, sendo esta porcentaxe máis de tres veces superior á dos menores de 15 anos (9,6%). Na provincia de Lugo o 29,9% da poboación ten máis de 65 anos, fronte ao 9,9% dos menores de 15. Asemade, o 7,4% da poboación de Ourense ten 85 ou máis anos e o 7,1% en Lugo. Comparado co resto das provincias españolas, Ourense e Lugo son, xunto con Zamora (31,7%), as que presentan as maiores porcentaxes de

Poboación en Galicia e España 2008 e 2022⁽¹⁾; estrutura segundo grupos de idade



(1) Os datos son definitivos
Fonte: INE, Padrón continuo

1.3.5.

poboación maior de 65 anos e as menores con mozos de 15 ou menos anos (9% en Zamora).


Atendendo aos grandes grupos de idade, o devandito descenso da poboación galega no período 2008-2022 afecta ao conxunto de persoas con menos de 44 anos. Tanto a nivel galego como no conxunto do Estado, o descenso máis acusado rexístrase entre a poboación entre 15 e 44 anos, cunha caída en Galicia do 25,1% (285.995 persoas menos), porcentaxe superior á caída media no Estado que foi do 17,3%. A poboación menor de 14 anos no dito período redúcese un 3,2% na Comu-

nidade Autónoma (9.793 persoas menos) fronte ao descenso do 1,4% a nivel estatal.

Os restantes grupos de idade presentan taxas de variación positivas. Dunha banda, o incremento máis acusado é o experimentado polas persoas maiores de 85, cunha medra do 68,6%, case tres puntos inferior á do conxunto de España (71,4%); doutra banda, a poboación de 45 a 64 anos aumenta en Galicia un 14,1% e a poboación de 65 a 84 anos, un 8,2% no período 2008-2022.

As pirámides de poboación recollidas nos **cadros 1.3.6.**

Pirámide de poboación de Galicia 2008 e 2022



1.3.6.


e 1.3.7. reflicten a estrutura poboacional en Galicia e nas catro provincias galegas. Os cambios nas pirámides de poboación reflicten tendencias graduais que se manteñen estables no tempo. A pirámide de Galicia mostra para o período 2008-2022 un engrosamento nos grupos quinquenais a partir dos 40 anos. En 2008 os grupos máis numerosos corresponden aos de 30-34 anos (8,2% da poboación galega) e 35-39 anos (7,8%) mentres que en 2022 os grupos quinquenais maioritarios son os de 40-44 e 45-49 anos, que concentran o 8% e 8,4% da poboación total, respectivamente. Asemade, indica que os maiores incrementos en termos absolutos prodúcese entre as persoas de 65 a 69 anos con 35.323 persoas máis, e entre 85-89 anos, con 32.590 persoas, mentres que as caídas máis acusadas están nos grupos de 30-34 anos e 25-29 anos, con caídas de 93.790 e 89.127 persoas respectivamente.

O devandito **cadro 1.3.4.** e o **gráfico 1.3.7.** reflicten as importantes diferenzas existentes entre as provincias da Coruña e Pontevedra e de Lugo e Ourense, presentando estas últimas non só unha maior porcentaxe de

poboación maior de 85 anos, senón tamén un maior incremento. Neste senso, a un de xaneiro de 2022 a poboación de 85 e máis anos representaba o 7,4% da poboación de Ourense, tres puntos porcentuais superior á da mesma data de 2008; mentres que en Lugo o seu peso relativo ascendía a 7,1%, 2,7 puntos máis que en 2008. Por contra, o 4,3% da poboación empadroada en Pontevedra ten 85 e máis anos, 1,9 puntos porcentuais máis que no ano 2008, e na Coruña, o 4,9%, 2,2 puntos máis.

As disparidades entre provincias tamén se reproducen entre a Galicia occidental-costa e a Galicia interior, entre os distintos concellos segundo o seu tamaño, e entre os distintos graos de urbanización considerados. Dunha banda, o descenso da poboación na Galicia interior entre xaneiro de 2008 e 2022 é xeneralizado, rexistrándose con maior intensidade no caso da poboación potencialmente activa, cunha redución do 14,4% (73.084 persoas menos), fronte ao 6,6% no caso dos menores de 16 anos (5.569 habitantes menos), e do 0,5% no dos maiores de 65 anos (1.071 persoas

Pirámides de poboación 2008 e 2022. Distribución segundo provincias



Fonte: INE, Padrón continuo

1.3.7.

menos). Doutra banda, na Galicia occidental-costa o descenso prodúcese fundamentalmente no caso da poboación potencialmente activa (-8,2%; 109.803 habitantes menos), aumentando case un 27% (100.839 empadroados máis) no caso das persoas de 65 e máis anos; a poboación descende un 2% no caso dos menores de 16 anos (5.017 persoas menos).

Os datos correspondentes a un de xaneiro de 2022 reflicten que as comarcas da Galicia interior presentan

unha poboación máis envellecida. As persoas de 65 ou máis anos representan o 30,4% da súa poboación (24,5% na costa), en tanto que a poboación menor de 16 anos supón o 10,7% no interior e o 12,8% na Galicia occidental-costa.

Doutra banda, se temos en conta a idade de poboación en función do tamaño do concello no que reside, mentres que no conxunto de Galicia a poboación con máis de 65 anos representa o 26,1% da poboación, nos con-

cellos con menos de 1.000 habitantes esta porcentaxe é de case o 44% da súa poboación, situándose no 36% no caso dos concellos cunha poboación entre 1.001 e 5.000 empadroamentos (nos concellos de máis de 10.000 habitantes a poboación de 65 ou máis anos representa o 23,6%). Como reflicte o devandito **cadro 1.3.2.**, a poboación menor de 16 anos representa tan só o 5,4% nos concellos menores de 1.000 habitantes, e sitúase no 8,3% no caso daqueles cunha poboación entre 1.001 e 5.000 habitantes (12,2% no conxunto de Galicia).

Entre as sete grandes cidades, Pontevedra, cun 13,9%, é a que presenta a maior porcentaxe de persoas menores de 16 anos, así como o menor peso relativo no caso das persoas de 65 e máis, cun 22%. Por contra, en Ferrol tan só o 10,8% da poboación ten menos de 16 anos e un 29,4% supera os 65 anos, situándose estas porcentaxes na cidade de Ourense en 12,4% e 26,5%, respectivamente.

Por último, cómpre facer referencia á distribución da poboación segundo idade e grao de urbanización. O ámbito rural (ZPP) é quen presenta a poboación máis envellecida, cunha idade media de 52,3 anos, case catro anos e medio máis que no conxunto de Galicia, sendo a idade media das mulleres superior á dos homes (53,8 e 50,8 anos, respectivamente). Nas provincias de Ourense e Lugo, as máis envellecidas das catro, a idade media ascende ata os 55,5 anos no primeiro caso e ata os 54,3 anos en Lugo, destacando que a idade media das mulleres en Ourense supera os 57 anos (55,6 anos en Lugo).

Por contra, as ZIP son as que presentan a idade media máis reducida, con 46,2 anos (47,5 no caso das mulleres e 44,8 no dos homes). Estes valores máis baixos rexístranse en todas as provincias agás en Lugo, onde a idade media ascende a 48,5 anos fronte aos 46 anos nas zonas máis urbanas (ZDP). Na provincia de Pontevedra, a menos envellecida, as ZIP presentan unha idade media de 45,7 anos (47 anos entre as mulleres) en tanto que na Coruña a idade media ascende ata os 46 anos (47,3 anos entre as mulleres).

No que se refire ás ZDP, a idade media ascende ata os


46,7 anos no conxunto de Galicia, situándose en 48,5 anos no caso das mulleres e en 44,5 anos entre os homes. Pontevedra e Lugo presentan a idade media máis reducida, con 46 anos, superando os 47 anos tanto en Ourense como na Coruña.

O índice de envellecemento, que mide o número de persoas de 65 e máis anos por cada cen menores de 20 anos, presenta diferenzas significativas entre os distintos graos de urbanización. Os datos correspondentes a un de xaneiro de 2022 reflicten que a ZPP presenta os valores máis elevados, con 281,4 persoas maiores de 65 anos por cada cen menores de vinte anos (167,3 no caso de Galicia). No extremo oposto, nas ZIP o valor do índice sitúase en 132,1, acadando os 143,8 no caso das ZDP.

O índice presenta para as mulleres valores superiores aos dos homes nas catro provincias galegas. Cómpre resaltar a situación de Ourense, onde por cada cen mulleres menores de vinte anos hai 476,7 mulleres maiores de 65, situándose o seu valor en 392,8 no caso de Lugo (367,7 e 326,4 no caso dos homes, respectivamente). No conxunto das ZPP da provincia de Ourense hai un total de 419,8 maiores de 65 anos por cada cen menores de vinte por 359 na provincia de Lugo.

As **pirámides de poboación** resumen de xeito gráfico a estrutura por idades da poboación dun territorio. O **gráfico 1.3.8.** amosa un desprazamento vertical da pirámide nos grupos quinquenais a partir de 40 anos tanto no conxunto de Galicia como nos tres graos de urbanización considerados. Con todo, esta tendencia xeral agocha diferenzas relevantes. Así, nas ZPP o grupo maioritario de poboación entre as mulleres é o de maiores de 85 anos, que supón o 5% da poboación empadroada nesa área, por diante das mulleres con idades comprendidas entre 55-59 e 60 e 64 anos, co 3,7%. Entre os homes, o grupo quinquenal maioritario é o de 60-64 anos, cun 4%, acollendo o 3,8% os grupos comprendidos entre 45 e 59 anos. Por contra, tanto nas ZIP como nas ZDP os grupos de poboación maioritarios son os de 45-49 anos e 40-44 anos, que concentran no caso das zonas intermedias de poboación o 4,5% dos homes e mulleres, situándose estas porcentaxes nas

Pirámides de poboación 2008-2022



Fonte: IGE, Panorama rural-urbano

1.3.8.

ZDP no 4,1% entre os homes e no 4,5% entre as mulleres.

• Poboación estranxeira e movementos migratorios

A 1 de xaneiro de 2022 residían en Galicia un total de 118.740 persoas con nacionalidade estranxeira (**cadro 1.3.9.**), o que supón un incremento do 3,7% respecto á mesma data do ano anterior, 4.206 persoas estranxeiras máis, sendo esta medra interanual do 1,9% no conxunto do Estado. Deste xeito, o devandito descenso da poboación rexistrado en Galicia ao longo do ano

2021 ven explicado pola caída da poboación de nacionalidade española, que se reduce en 9.387 persoas (-0,4%). Se o horizonte temporal se amplía ata xaneiro de 2008, a poboación estranxeira medra un 24,2% (23.172 persoas máis) o que contrasta coa redución do 4,3% no caso da poboación de nacionalidade española (116.877 persoas menos).

A poboación estranxeira representa o 4,4% da poboación total residente en Galicia, lonxe do 11,7% que representa a poboación estranxeira no conxunto da poboación estatal; Galicia mantense como a segunda

Poboación estranxeira en Galicia e España 2022 ⁽¹⁾

	Estranxeiros			Poboación total			Estranx. / total
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
							(%)
Galicia	118.740	57.030	61.710	2.690.464	1.294.708	1.395.756	4,4
A Coruña	46.548	22.101	24.447	1.119.180	536.587	582.593	4,2
Lugo	16.859	8.493	8.366	323.989	156.967	167.022	5,2
Ourense	16.525	7.926	8.599	304.280	146.072	158.208	5,4
Pontevedra	38.808	18.510	20.298	943.015	455.082	487.933	4,1
España	5.542.932	2.778.214	2.764.718	47.475.420	23.265.381	24.210.039	11,7
			(%)				
Galicia / España	2,1	2,1	2,2	5,7	5,6	5,8	
A Coruña / Galicia	39,2	38,8	39,6	41,6	41,4	41,7	
Lugo / Galicia	14,2	14,9	13,6	12,0	12,1	12,0	
Ourense / Galicia	13,9	13,9	13,9	11,3	11,3	11,3	
Pontevedra / Galicia	32,7	32,5	32,9	35,1	35,1	35,0	

(1) Últimos datos definitivos disponibles

Fonte: INE, Padrón Continuo

1.3.9.

Comunidade Autónoma con menor peso relativo de poboación estranxeira, superando tan só a Estremadura (3,3%). En Galicia están inscritos o 2,1% dos estranxeiros residentes no conxunto do Estado, porcentaxe significativamente inferior ao peso relativo da poboación galega en España, que é do 5,7%.

En termos absolutos, as provincias da Coruña, con 46.548 empadroados con nacionalidade estranxeira, e Pontevedra, con 38.808, son as que teñen unha maior presenza de estranxeiros. É salientable que, atendendo ao peso relativo respecto ao total de poboación, a provincia galega na que máis relevancia teñen os estranxeiros é Ourense, cun 5,4% da súa poboación total, seguida de Lugo, co 5,2%, A Coruña, co 4% e finalmente Pontevedra co 3,9% da súa poboación total.

Ao igual que no últimos cinco anos, o incremento de poboación estranxeira en Galicia rexístrase nas catro provincias galegas e tanto en homes como en mulleres. A Coruña presenta en ambos os dous casos os maiores incrementos, cunha medra interanual do 6,4% entre os homes (1.327 persoas máis) e do 5,5% entre as mulleres (1.275 máis), situándose o crecemento total no 5,9%. A continuación situaríase a provincia de Ourense, cunha medra do 2,9% (468 persoas) e Pontevedra e

Lugo, cun 2,1% 8790 e 346 persoas máis, respectivamente). Tras a devandita evolución na provincia da Coruña, Ourense salienta no crecemento do número de estranxeiras, cunha medra interanual do 4,2% (320 mulleres máis), mentres que Pontevedra o fai entre os homes, cun 2,5% (492 persoas máis).

Atendendo ao lugar de nacemento da poboación estranxeira residente en Galicia, **cadro 1.3.10.**, do total dos estranxeiros que residen en Galicia a 1 de xaneiro de 2022, o 51,7% procede do continente americano, dos que máis do 81% naceron en América do Sur, o 26,2% procede de Europa (o 84% ven de países comunitarios), o 12,6% son africanos e o 4,2%, asiáticos. Cómpre mencionar que das 121.814 persoas nadas en América do Sur que residían en Galicia nesa data, 5.132 máis que no ano anterior (4,4%), o 59,1% teñen nacionalidade española, ascendendo esta porcentaxe ata o 81,7% no caso das persoas nadas en países europeos que non pertencen á UE-27. No extremo oposto, tan só o 24,1% das persoas nadas en Asia teñen nacionalidade española.

No ano 2022 aumenta o número de residentes procedentes do estranxeiro que dispoñen de nacionalidade española, situándose nas 149.155 persoas, dos que o

Poboación estranxeira: 2022 ⁽¹⁾

	Total		Nacionalidade			
			española		non española	
		(%)		(%)		(%)
Lugar de nacemento	2.690.464	100	2.571.724	100	118.740	100
España	2.428.243	90,3	2.422.569	94,2	5.674	4,8
Estranxeiro	262.221	9,7	149.155	5,8	113.066	95,2
Países europeos	79.557	3,0	48.468	1,9	31.089	26,2
UE (27)	52.109	1,9	26.039	1,0	26.070	22,0
Países europeos non UE (27)	27.448	1,0	22.429	0,9	5.019	4,2
África	20.547	0,8	5.609	0,2	14.938	12,6
América	154.468	5,7	93.061	3,6	61.407	51,7
América Central e Caribe	24.227	0,9	15.040	0,6	9.187	7,7
América do Norte	8.427	0,3	6.031	0,2	2.396	2,0
América do Sur	121.814	4,5	71.990	2,8	49.824	42,0
Asia	7.261	0,3	1.752	0,1	5.509	4,6
Oceanía	388	0,0	265	0,0	123	0,1

(1) Últimos datos definitivos disponibles
 Fonte: INE, *Padrón Continuo*

1.3.10.

Movementos migratorios con terceiros países 2021-22 ⁽¹⁾: distribución segundo nacionalidade e grupo de idade

	1º semestre de 2021			1º semestre de 2022		
	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio
Total	5.258	3.599	1.659	16.054	3.948	12.106
Española	1.970	1.551	419	2.400	1.721	679
0-14	260	152	108	315	173	142
15-39	614	652	-38	751	697	54
40-64	720	541	179	888	626	262
≥65	376	206	170	446	225	221
≥85	62	28	34	54	38	16
Estranxeira	3.288	2.048	1.240	13.654	2.227	11.427
0-14	462	179	283	2.601	183	2.418
15-39	1.787	960	827	7.190	989	6.201
40-64	867	757	110	3.315	845	2.470
≥65	172	152	20	548	210	338
≥85	22	9	13	42	14	28

(1) os datos de 2022 son provisionais
 Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

1.3.11.

48,3% proceden de América do Sur, o 17,5% da Unión Europea (agás España) e o 15% do resto de países europeos.

En relación aos movementos migratorios rexistrados en Galicia no primeiro semestre de 2022 (**cadro 1.3.11.**), o saldo migratorio exterior presenta un signo positivo de 12.106 persoas, cifra significativamente superior á rexistrada no mesmo período do ano ante-

rior (1.659 persoas). No primeiro semestre de 2022 un total de 3.948 persoas abandonaron a Comunidade Autónoma galega, e 16.054 persoas estableceron a súa residencia en Galicia. Atendendo á desagregación segundo nacionalidade, o saldo migratorio positivo ascende a 679 no caso das persoas españolas (419 no primeiro semestre do ano anterior) fronte aos 11.427 no caso das persoas de nacionalidade estranxeira (1.240 en 2021).

Indicadores demográficos das CC.AA. 2022 ⁽¹⁾

	Poboación a 1 de xaneiro	Saldo migratorio		Crecemento vexetativo	Poboación a 1 de xullo
		exterior	interior		
Andalucía	8.519.107	29.689	769	-11.059	8.538.376
Aragón	1.314.159	4.801	-68	-3.338	1.315.523
Asturias	1.006.234	3.883	-30	-4.667	1.005.397
Baleares	1.223.980	9.265	-400	-543	1.232.270
Canarias	2.252.237	12.984	284	-3.785	2.261.654
Cantabria	584.368	2.809	-19	-1.920	585.222
Castela e León	2.376.687	9.274	-666	-9.241	2.375.970
Castela-A Mancha	2.049.980	10.854	698	-3.444	2.058.049
Cataluña	7.679.192	40.823	-1.468	-8.255	7.710.136
C. Valenciana	5.072.550	39.494	2.570	-8.292	5.106.228
Extremadura	1.053.317	2.222	-757	-3.027	1.051.738
Galicia	2.691.456	12.106	622	-10.651	2.693.451
Madrid	6.769.373	54.328	1.435	13	6.825.005
Murcia	1.522.516	9.084	-126	-318	1.531.141
Navarra	659.155	3.562	-68	-803	661.831
País Vasco	2.176.918	11.267	-1.209	-5.655	2.181.279
A Ríoxa	315.916	1.490	83	-673	316.806
Ceuta	82.513	331	-754	58	82.147
Melilla	83.236	281	-896	191	82.810
Total	47.432.893	258.547	-	-75.409	47.615.034

(1) os datos de saldo migratorio son provisionais e corresponden ao 1º semestre

Fonte: INE, Estadística de migraciones

1.3.12.

Case 53 de cada cen persoas de nacionalidade estranxeira que fixan a súa residencia en Galicia no primeiro semestre teñen entre 15 e 39 anos, así como o 44,4% dos residentes estranxeiros en Galicia que saen cara un terceiro país, sendo o saldo migratorio das persoas nesta franxa de idade positivo en 6.201 persoas. Este saldo sería positivo en tan só 54 persoas no caso das persoas de nacionalidade española. Salientar igualmente que o 9,6% dos inmigrantes e o 11% dos emigrantes teñen máis de 65 anos, cun saldo migratorio positivo no primeiro semestre de 2022 de 559 persoas, das que 221 posúen nacionalidade española e 338, estranxeira.



No que atinxe aos movementos interautonómicos, o saldo migratorio para Galicia no primeiro semestre de 2022 é positivo en 622 persoas, o que contrasta co saldo negativo no primeiro semestre de 2019 (-122). Por idades o saldo é positivo en todas as franxas de idade agás nas persoas de 20-34 anos, o que contrasta

coa situación previa á crise, onde tan só era positivo nos maiores de 45 anos e menores de 4.

Movemento natural da poboación

O saldo vexetativo en Galicia presenta dende o ano 1988 valores negativos, caracterizándose dende a crise financeira de 2008 pola súa marcada tendencia crecente. No ano 2021, último dato anual dispoñible, Galicia rexistra 18.066 defuncións máis que nacementos, o valor máis elevado de toda a serie considerada. O devandito incremento do saldo negativo en 2021 é consecuencia dun descenso do 3% no número de nacementos, mesma porcentaxe que no ano anterior, manténdose estable o número de defuncións (aumentaran un 5% no ano precedente). Os datos provisionais correspondentes ao primeiro semestre de 2022 reflicten un incremento do saldo negativo, que se sitúa en 10.651 persoas, **cadro 1.3.12.**, o segundo máis elevado do Estado tras Andalucía.

Movement natural da poboación 2008-21 ⁽¹⁾



(1) Datos 2021 provisionais, anteriores definitivos


Fonte: INE, *Fenómenos demográficos* e IGE, *Nacementos, matrimonios e defuncións*.

1.3.13.

Segundo os datos do INE correspondentes ao ano 2021, por cada 1.000 habitantes rexístranse en Galicia 6,7 defuncións máis que nacementos, fronte ás 2,3 defuncións no ano 2008. Isto mantén á nosa Comunidade Autónoma como a terceira cun menor saldo vexetativo por cada mil habitantes, por detrás de Asturias (8,5 defuncións máis que nacementos) e Castela e León (6,8 defuncións máis que nacementos).

A estrutura e dinámica poboacional condiciona a existencia dunha reducida taxa bruta de natalidade en Galicia. No ano 2021 na Comunidade Autónoma rexistráronse un total de 5,5 nacementos por cada 1.000 habitantes, o que a mantén como a segunda Comunidade co índice máis reducido tras Asturias (4,7), sendo a media estatal de 7,1 nacementos. O **gráfico 1.3.14.** reflicte a tendencia descendente desta taxa de

Movimento natural da poboación (1)



(1) ZDP (zonas densamente poboadas), ZIP (zonas intermedias), ZPP (zonas pouco poboadas)
 Fonte: IGE, *Panorama rural-urbano*

natalidade, que en 2008 se situaba en 8,4 nacementos por cada mil habitantes (11,3 en España).

As taxas de natalidade difiren de xeito moi relevante en función da nacionalidade da nai, así como tamén en función do grao de urbanización do territorio. Dunha banda, se a nai é española a taxa de natalidade ascende en 2021 ata os 5,1 fillos nados por cada 1.000 habitantes en Galicia, e ata os 12,7 fillos por cada 1.000 habitantes se é estranxeira. No conxunto do Estado estas taxas aumentan ata o 6,3 e 13,5 nacementos por cada mil habitantes, respectivamente.

Doutra banda, o devandito envellecemento da poboación en xeral en Galicia, e en particular de xeito moi acusado nas Zonas Pouco Poboadas (ZPP), determina que estas zonas presenten as taxas de natalidade e de crecemento vexetativo máis reducidas das tres zonas de poboación analizadas. En concreto, a taxa de natalidade descende en 2021 ata os 4,4 nacementos por cada mil habitantes. Nas outras dúas zonas, as densamente poboadas e as zonas intermedias de poboación, a taxa bruta de natalidade descende ata os 5,9 nacementos por cada mil habitantes.

Por contra, no que á taxa bruta de mortalidade se refire, Galicia rexistra no ano 2021 un total de 12,2 falecidos por cada 1.000 habitantes, a terceira máis elevada do Estado tras Asturias (13,3) e Castela e León (12,3 falecementos), situándose a media estatal en 10,4 falecidos por cada mil habitantes. Ao contrario do que acontece coa taxa de natalidade, Galicia presenta unha tendencia crecente entre os anos 2008 e 2021, se ben menos acusada que o descenso da natalidade; en concreto, a taxa bruta de mortalidade situábase en 10,7 defuncións por cada mil habitantes.

As provincias de Lugo e Ourense presentan as taxas brutas de mortalidade máis elevadas, con 15,4 falecementos por cada mil habitante, cinco falecementos máis que na provincia de Pontevedra (10,4 defuncións por 1.000 habitantes), acadando este indicador os 12,2 na Coruña. Este diferencial non é tan acusado se se consideran as taxas estandarizadas de mortalidade, que eliminan o efecto da estrutura por idades, acadando Lugo

e Pontevedra os valores máis elevados e reducidos respectivamente, con 13,5 e 11,6 falecementos por cada mil habitantes. A provincia da Coruña presenta unha taxa estandarizada de mortalidade de 12,1 falecementos fronte aos 12,6 falecementos por cada mil habitantes en Ourense.

No que respecta á súa desagregación segundo grao de urbanización, o devandito **cadro 1.3.14.** reflicte a heteroxeneidade existente entre o ámbito rural (ZPP) e as ZDP e ZIP. Dunha banda, as ZPP caracterízanse pola súa alta taxa bruta, que se sitúa en 16,3 defuncións por 1.000 habitantes (14,5 defuncións en 2008), fronte ás 10,8 defuncións no caso das ZDP e ás 10,6 defuncións nas ZIP (9,3 e 9,1 defuncións no ano 2008, respectivamente). Cómpre resaltar que nas ZPP de Lugo e Ourense este indicador ascende ata as 19,2 e 19 defuncións, respectivamente.

Tendo en conta a evolución das taxas brutas de natalidade e mortalidade, o crecemento vexetativo é máis negativo tanto en Galicia como nas tres zonas de poboación consideradas. En 2021, por cada mil habitantes rexístranse en Galicia 6,7 defuncións máis que nacementos. Este crecemento vexetativo negativo sitúase en 11,9 no caso das zonas pouco poboadas, cando nas zonas intermedias e nas zonas densamente poboadas por cada mil habitantes hai 4,9 e 4,7 defuncións máis que nacementos, respectivamente. 

